

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 15

SESION ORDINARIA DO 28 DE NOVEMBRO DE 2018

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Fernández Pérez, José Manuel
Iglesias González, Ana Laura
López Font, Carlos
Marra Domínguez, M^a Angeles
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Rodríguez Escudero, Cayetano
Rodríguez Rodríguez, Nuria

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Fidalgo Iglesias, Miguel
Gago Bugarín, Diego José
González Sánchez, Elena
Muñoz Fonteriz, Elena
Piñeiro López, Ángel

POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois
Pérez Correa, Rubén

NON ASISTEN:

Blanco Iglesias, Eugenia Dolores (concelleira do grupo municipal Socialista)
Lago Rey, M^a Jesús (concelleira do grupo municipal Socialista)
Silva Rego, M^a Carmen (concelleira do grupo municipal Socialista)
Figueroa Vila, José M. (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)
López Barreiro, Margarida (concelleira do grupo municipal de Marea)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dezaseis minutos do día vinte e oito de novembro do ano dous mil dezaioito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, López Font, Marra Domínguez, Muñoz

Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Piñeiro López, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señores/as concelleiros iniciamos o Pleno do Concello, sesión ordinaria, convocada por orde do día que obra en poder das señoras/es concelleiros, constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

PARTE RESOLUTIVA

1(206).- ACTAS ANTERIORES . (ACTA ORDINARIA DO 26.09.18)

Por unanimidade dos vinte e dous membros presentes da Corporación dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria do 26 de setembro do 2018.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2(207).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE. 8792/224 (REXISTRO PLENO 1916/1101).

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de novembro, número 1916/1101, a xefa do Servizo de Igualdade co conforme da concelleira delegada da Área, remiten a seguinte proposta creada no seo do Consello

Municipal da Muller,

PRESIDENCIA: Leremos primeiro a declaración institucional do 25 de novembro, Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres, e procederá a ler esta declaración institucional Dona Isabel López Lorenzo, do colectivo escola de mulleres solidarias da área metropolitana de Vigo en nome do Consello Municipal da Muller.

Ten a palabra Dona Isabel para a lectura da declaración institucional.

SRA. LÓPEZ LORENZO: Bos días, declaración ás institucións e a violencia machista, 25 de novembro de 2018.

“A Comisión de traballo creada no seo do Consello Municipal da Muller (CMM) para a coordinación e organización dos actos previstos para a conmemoración do 25 de novembro, propuxo a Dna. Isabel López Lorenzo, titular do DNI núm. 35541272Q en representación da “Escola de Mulleres Solidarias Área Metropolitana de Vigo”, (entidade que forma parte do CMM) para a elaboración e lectura desta declaración perante o Pleno da Corporación do mes de novembro de 2018.

De seguido transcríbese a dita proposta co obxecto de que poida ser remitida á Corporación municipal para a súa valoración.

Texto proposto:

“Neste ano 2018, queremos comezar resaltando o aniversario do Consello Municipal das Mulleres, e lembrar que hai 25 anos as mulleres da cidade de Vigo unímonos para loitar en prol da xustiza e da liberdade, non só das mulleres, se non de toda a cidadanía viguesa, porque a igualdade e a loita feminista só dan lugar a unha sociedade máis honesta e íntegra.

Queremos que os obxectivos do propio Consello se manteñan e fortalezan nesta declaración institucional: fortalecer esta canle de interlocución entre a Administración e o tecido asociativo de mulleres, co fin de buscar o maior consenso posible no deseño de políticas contra a violencia machista, consolidar este punto de unión para traballar a través da perspectiva de xénero en todos os plans e proxectos da cidade de Vigo. Mais gustaríanos tamén que estas medidas consensuadas, á parte de consultivas foran tamén vinculantes.

O traballo que persegue o Consello non é outro que o camiño en común para construír unha resposta unitaria ante calquera clase de opresión e inxustiza contra as mulleres, un camiño en común para axuntar obxectivos que fagan que toda a poboación viguesa poida desenvolver a súa identidade independentemente de se son homes ou mulleres. Un camiño para loitar unidas ante a realidade das mulleres vigesas, cuxa situación de empobrecemento e desigualdade seguen a perdurar

hoxe en día. Si, foron moitos os pasos que se deron, os pactos políticos, os vínculos entre compañeiras dentro do movemento feminista da cidade... e si, é moi gratificante o camiño onde o traballo en común dá lugar a unha sociedade viguesa máis igualitaria e máis xusta, pero a realidade actual esixe que esta loita siga sendo prioritaria, tanto para nós como sociedade como para a clase política. Dende o Consello queremos recuperar o 25 de novembro, día internacional contra as violencias machistas, como unha data de denuncia.

Unha data na que denunciar neste pleno que non é certo que xa vivamos nunha sociedade xusta e libre. Como pode afirmarse en determinados ámbitos que xa somos persoas en igualdade de trato? De trato para quen? Onde? A nivel social? Político? Xudicial?

As capacidades e coñecementos necesarios para previr e responder eficazmente fronte á violencia de xénero son frecuentemente limitados.

Esta situación agrávase cando existe unha alta rotación de persoal, que expón desafíos adicionais para lograr reter un cadro de persoas experimentadas e capacitadas.

A abordaxe da violencia contra as mulleres e nenas necesita unha aproximación multisectorial, debendo incluír polo menos os sectores sociais, legais, educativos, de seguridade e saúde, así como outros sectores claves como o laboral, de migración e planificación urbana, entre outros.

Os recursos é pouco probable que sexan integrais, posiblemente porque se enfocan nun ou nuns cantos sectores e carecen de capacidades para realizar accións de coordinación necesarias. Ademais, os enfoques existentes poden non chegar a grupos especialmente vulnerables ou en situación de risco, tales como nenas, adolescentes e mulleres do ámbito rural, migrantes ou outros grupos de mulleres dentro da poboación, para quen os esforzos de cobertura dirixidos a grupos xa establecidos serían insuficientes.

Tamén é moi limitada a existencia de programas de prevención primaria, como resultado dunha escaseza de investimento nesta área e o feito de que a maioría de intervencións se enfocaron en apoiar ás vítimas logo de que o abuso xa ocorreu. En moitas ocasións os medios de comunicación propagan as noticias sobre violencia de tal xeito que lle dan pulo aos agresores e reforzan as ideas machistas.

A violencia cara ás mulleres, exercida sistematicamente polo seu agresor, cumpre todos os requisitos para ser cualificada como tortura. Do mesmo xeito que a tortura tradicional, a violencia cara á muller crea debilidade nas vítimas a través das agresións constantes, a privación sensorial e, nalgún caso, alimenticia, e o illamento. Ademais, igual que a tortura, converte á vítima illada e sometida pola violencia nun ser dependente do agresor; e do mesmo xeito que a tortura, a violencia machista provoca un estado permanente de terror nas mulleres que a padecen.

Porque este ano foi terrible para as mulleres. Casos como os de Juana Rivas, aínda sen rematar, no que segue intentando exercer os seus dereitos, recollidos nas leis,

pero que comprobamos que non se poden executar con todas as garantías.

Crianzas asasinadas como se foran seres invisibles, invisibles para os tribunais que seguen amparando o dereito dos pais que finxen ser pais, en vez de defender o dereito das crianzas a medrar con seguridade e defender o seu dereito a ser.

Casos como os da “manada”, onde a dor, a rabia, pero tamén a valentía de todas as mulleres se uniu. Toda a sociedade puido contemplar a violencia institucional e social que se exerce contra nós, contra os nosos corpos, contra a nosa dignidade... porque este caso foi a voz que fixo público o amparo social ás violencias diarias coas que nos atopamos en todos os ámbitos das nosas vidas. Violencias no seo familiar, violacións dentro das relacións de parella, violacións dos nosos dereitos nos xulgados do Estado Español. Dende o movemento feminista non podíamos crer que se chegara a tal punto no que publicamente se menosprezara, denigrara e se injuriara de tal xeito ás mulleres, e todo amparado por un tribunal misóxino. A inxustiza da xustiza, no que as penas a maltratadores e violadores son mínimas e as medidas de protección son ineficaces, mentres que as que si sofren represalias son as mulleres que denuncian e as persoas que as apoian.

Ridiculizadas ante os tribunais de xustiza. Increíble! Increíble que se atreveran publicamente a esa falta de apoio institucional.

Por iso sabemos que en moitas ocasións só contamos con nós, e que moitas loitas que criamos gañadas son papel mollado. Mais coma sempre sucede, as inxustizas nos fortalecen. Deunos forza para poder seguir máis unidas que nunca, e así podemos asistir a un 8 de marzo onde o poder que temos tamén se viu reflectido. Porque a violencia institucional e social non vai poder con nós.

Porque somos quen de deter a violencia de xénero se comezamos a camiñar todas e todos dende os feminismos, e espallamos a perspectiva de xénero a todas as nosas iniciativas, tanto na sociedade da que formamos parte como nas relacións que establecemos na nosa vida privada. Porque aínda é necesario manifestar que o persoal é político, e que temos que levar a xustiza e a liberdade non só á realidade social se non tamén á nosa intimidade. Se non damos exemplo coa nosa actitude soamente seremos o reflexo do que criticamos. Potenciaremos sociedades ególatras, cómplices dos sistemas que individualizan e impiden a liberdade para ser. Dende o feminismo evocamos e creamos sociedades que non vaian en contra da nosa natureza, que non vaian en contra da verdadeira razón da existencia da humanidade que é a propia humanidade. A natureza dos feminismos non é outra que a liberdade para ser o que decidamos ser e a xustiza para poder vivilo.

É TEMPO DE SOLUCIÓN, desde o Consello Municipal das Mulleres e desde as asociacións que o compoñen, queremos consolidar un gran acordo contra a violencia machista que ofrecemos a todas as forzas políticas. Co fin de garantir unha resposta efectiva ás mulleres, XA ABONDA DE VIOLENCIA. Centos de mulleres viven día a día o acoso, as torturas... unha persoa non pode vivir aterrorizada.

Debemos conseguir un clima de conciencia colectiva. Non podemos manternos en silencio, temos que loitar contra a impunidade do agresor e loitar para que as

mulleres non teman saír dos xulgados máis agredidas.

E debemos crer que somos quen de deter a violencia machista, aínda que non toda a sociedade queira facelo. Porque cada vez somos máis mulleres as que poñemos a nosa enerxía noutras mulleres, para defendernos pero tamén para cambiar o mundo.

Aliémonos”.

PRESIDENCIA: Moitas gracias, Dona Isabel, agradecemos moito a súa presenza á lectura do manifesto.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

3(208).- COMPARECENCIA DE D^a REGINA IBAÑEZ PAZ, EN REPRESENTACIÓN DE FOANPAS, PARA EXPOÑER UN DOCUMENTO ELABORADO POLO GRUPO DE TRABAJO DE ZONIFICACIÓN ESCOLAR. (REXISTRO PLENO 1894/1101).

PRESIDENCIA: Benvida Dona Regina a esta comparecencia, o modo habitual das comparecencias é unha exposición da súa cuestión, neste caso o que ten que ver con traballo de zonificación escolar, ten un tempo aproximado de cinco minutos, despois facemos unha rolda de intervencións dos grupos que o desexen e lle agradeceremos moito a súa presenza aquí, ten a palabra.

SRA. IBAÑEZ PAZ: Hoxe diríxome de novo a vostedes representando a moitas persoas; familias representadas por ANPAS, ANPAS unidas pola súa Federación, Federación unida a outros colectivos e organizacións da nosa cidade.

Hai mais de dous anos que FOANPAS o fixo por vez primeira, foi en xullo de 2016. Naquela ocasión pedímoslle a este órgano que instara ás Autoridades en materia de Educación a revisar e modificar a zonificación nesta cidade. E pedimos tamén que procurase que esa revisión se producise antes do seguinte proceso de admisión de alumnado, xullo de 2016.

Chegamos aquí, naquela ocasión hai máis de dous anos, despois de chamar a todas as portas da Administración Educativa: Inspección, Xefatura Territorial de Educación, Delegación da Xunta en Vigo, Dirección de Centros, Consellería de Educación. Hai xa moito tempo que todas as autoridades coñecen os problemas que orixina un mapa escolar obsoleto e inxusto na nosa cidade.

Lembremos algunha data máis. O Consello Escolar Municipal emitiu, xa en febreiro de 2012, ante un documento borrador de zonificación elaborado por unha comisión do corpo de Inspección, emitiu un informe no que recolle a necesidade da elaboración dun novo mapa escolar e os criterios a ter en conta para facelo e insta á Consellería a considerar tales demandas no proxecto que finalmente presente, 2012.

Tamén o Consello Escolar Municipal, en xaneiro de 2015, indica que as novas medidas tomadas na zona de Coia-Navia en materia de adscrición non resolven o problema proposto, senón que o trasladan de centro e que, por iso, é imprescindible unha visión global e unha análise de todo o mapa escolar da cidade, para ter en conta, ademais, a necesidade de escolarización dunha poboación emerxente. Despois desta data, en marzo de 2016, novo parche, arbitrario, unilateral, inxusto... que nin sequera é implementado e tramitado de acordo á normativa, ilegal.

Hoxe, 28 de novembro de 2018, máis de dous anos despois da nosa primeira intervención, de novo estamos ante este Pleno. Que aconteceu neste período de tempo?

Só imos referirnos ao máis relevante. Por fin, despois de anos de reivindicación, nos primeiros días de novembro de 2017, se anuncia aos medios de comunicación o inicio dun proceso de elaboración dun novo mapa escolar para a cidade; se recoñece, ante os mesmos medios, a necesidade de acometer este estudo e se enumeran os problemas existentes que pretende resolver. Unha boa nova, este era un proxecto desexado, necesario e demandado durante moito tempo.

Pero a boa nova ensombrece en decembro, cando se coñece o borrador do proxecto. Un borrador que foi presentado pola Xefatura Territorial de Educación aos medios de comunicación; un borrador que foi presentado a algúns colectivos e que tivo o seu período de alegacións, un borrador que a comunidade educativa rexeitou.

Ese borrador, a día de hoxe, igual que aquel do ano 2012, parece que non existise nunca, pero existiu. Ese borrador, non chegou a tramitarse, tras presentar unha proposta de zonificación, rexeitada pola comunidade educativa, a Administración asegurou estar ante un proceso aberto e dinámico, no que nada estaba pechado. Con todo, non fixo movemento algún nos últimos meses. Non enviou a súa proposta nin ao Concello, que o solicitou a través deste Pleno, nin ao Consello Escolar Municipal, pese ás reiteradas peticións pola súa parte. Non iniciou o proceso de diálogo no seo da Comunidade Educativa, pese á disposición dos distintos colectivos. En todos estes meses, o silencio foi a resposta da Administración Educativa.

Pero non todo o que hoxe veño a contar é negativo, o certo é que si se produciu un proceso de diálogo, un proceso transparente e dinámico, do que foron partícipes todos os colectivos que se opuxeron a ese borrador que non chegou a tramitarse, un fito na nosa cidade e, atreveríame a dicir, case en calquera outra. Un grupo de traballo polo que sentir orgullo, formado por membros da comunidade educativa: familias representadas por FOANPAS, organizacións sindicais, estudantes representados tamén polos seus sindicatos, movementos veciñais, de toda a cidade case todas as forzas políticas, cidadáns, en definitiva, preocupados polo ensino na nosa cidade. Un gran grupo de traballo, que foi capaz de plasmar por escrito unha reflexión común sobre aquilo que rexeitaba do proxecto presentado, expoñendo as súas causas e sinalando posibles solucións a ter en conta; un grupo de traballo que expuxo as razóns do seu rexeitamento.

O proceso de diálogo existiu, aínda que non foi liderado pola Administración Educativa, senón polas familias desta cidade.

Este grupo de traballo solicitou ás autoridades, o pasado mes de agosto, mediante un escrito presentado por Rexistro, que liderase o proceso de diálogo preciso para o consenso dun novo mapa escolar para Vigo, tarefa urxente e pendente. Esixiulle tamén á Administración que o fixera efectivo nada máis comezar o presente curso escolar 2018/2019, na primeira semana de setembro. Neses primeiros días do mes, pedíuselle que fixera saber ao Consello Escolar Municipal, como máximo órgano consultivo no que están representados os distintos estamentos da comunidade educativa, cando se afrontaría a nova zonificación da cidade e cal sería o calendario do proceso. Preguntas sinxelas, polo tanto, vai acometerse a

nova zonificación? Cal é o calendario de implantación previsto para o novo mapa escolar, de ser o caso? Cal foi a resposta a este escrito? Ningunha; silencio.

Cumprido o prazo, este grupo de traballo fixo chegar ás autoridades educativas, tamén por Rexistro, o documento elaborado conxuntamente e que non temos inconveniente en presentalo a quen o desexe coñecer. Xa que o diálogo non se abría, polo menos a Administración educativa podería ter por escrito o que se negaban a escoitar doutro xeito.

Resposta a este novo escrito, presentado tamén por Rexistro, que recolle as razóns pola que a comunidade educativa expresou o seu rexeitamento, a mesma: silencio. Hoxe, novembro de 2018, estamos aquí de novo para expresar o seguinte:

En primeiro lugar, que a necesidade dun novo mapa escolar para a cidade de Vigo, necesidade recoñecida pola propia Administración Educativa xa hai moitos meses, segue a facerse máis forte co paso do tempo. O mapa escolar vixente, absolutamente obsoleto e inxusto, orixina numerosos problemas na nosa cidade, que levan tempo sen atopar unha solución axeitada. É urxente, polo tanto, o regrantamento das zonas escolares e o mapa de adscricións. Non se pode demorar máis. Levamos xa moitos anos de demora.

En segundo lugar, que a nova zonificación ten que achegar xustiza. De ningún modo aceptaremos que se siga discriminando aos centros públicos, tal e como está a acontecer. A nova zonificación ten que chegar xa, corrixir esta discriminación e converterse nun exemplo, non só de equilibrio, senón de ecuanimidade. Non poderá ser doutro xeito.

E dirixímonos ao órgano de máxima representación política da cidadanía para pedirlle que exprese isto con nós e que manifieste o seu apoio publicamente. Para pedirlle que loite ao noso carón na procura dun novo mapa escolar xa. Para lembrarlle que o Consello Escolar Municipal ten a súa importancia na cidade e que ten que ser tido en conta. Porque a resposta da Administración non pode ser o silencio. Porque a Administración ten que facer a súa tarefa.

Agradecemos a ocasión que de novo nos brindan para facer esta petición. Moitas grazas pola súa atención.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Agradecer a claridade a dona Regina pero tamén ás mulleres e homes de FOAMPAS que levan facendo un traballo importante que ademais coñecemos porque é un traballo participado, é un traballo no que podemos participar tanto os grupos municipais como efectivamente as organizacións sindicais, as organizacións de estudantes, e por suposto todo o conxunto da comunidade educativa. O silencio da Xunta de Galicia neste tema para nós é claro, é que Vigo temos un problema ademais alentado polas políticas educativas do Partido Popular que somos posiblemente a única cidade de Galicia onde hai máis matriculación dunha maneira ademais notable nos centros privados e nos centros concertados que nos públicos e iso é a solución e ademais os datos de matrícula do ano 2017, 2018, 18.263 nenos/as nos centros públicos e 19.798 nos centros privados e iso se consegue a través dunha política orientada durante moitos anos, por suposto que si, ademais só hai que ver as propostas de zonificación que se fixeron no seu día, só hai que ver o agravio comparativo a nivel de transporte, un centro privado, un colexio relixioso nesta cidade pode mover autobuses polo centro da cidade sen ningún tipo de impunidade, non existe zonificación cando os centros públicos obviamente estamos moitas veces ligados a ese conxunto de zonas escolares a ese mapa que se vai configurando e isto é un posta histórica do Partido Popular nesta cidade que non é novidosa porque ademais se vemos os datos dende infantil ata bacharelato as cousas van cambiando dependendo da etapa escolar e ademais ten que ver moito coas políticas de investimento en educación pública, pero que ademais cando a comunidade educativa fai unha proposta consensuada, traballada, un documento ademais que centra obviamente ten que centrarse nesa suposta proposta de zonificación que fixo a Xunta de Galicia, que os que a vimos é simplemente coller un Google Maps e poñer unhas delimitacións sen ningún tipo de criterio xustificable porque se houbera un criterio xustificable alguén tería que darlle aos pais e nais de Navia cal é motivo para mover os alumnos dende o barrio de Navia ata Valadares a través dunha vía que non debe ser apta para o transporte escolar como é a VG-20, cal é o criterio que se argumenta para unha gran zona como é a zona 1, ou cal é o argumento que se pon enriba da mesa para non completar comedores ou para non completar o deseño curricular ou o deseño educativo dos nenos dende as primeiras etapas

educativas ata o final no mesmo centro? E isto é unha política ademais que ten moito que ver con moitas veces que a clase política viguesa non somos especialmente coidadosos á hora de pasearnos polos centros privados e concertados sabendo que hai serias demandas nos centros públicos, e falo da esquerda, non falo da dereita que pasea polos colexios como Monte Castelo ou Xesuitas sen ningún tipo de problema pero a esquerda temos que pasear polos centros públicos prioritariamente, e non facer ningún tipo de investimento municipal e ningún tipo de inversor direcionada a centros privados concertados especialmente de educación con soporte relixioso e facelo nós públicos, cando solucionemos os públicos vaiamos ao que sería para nós secundario que é a privada e a concertada, porque iso tamén implicaría que ao mellor o Partido Popular se corta un pouco en poñer dunha maneira case desvergoñada pois que a educación privada e concertada prioritaria na cidade de Vigo e que o desmantelamento do ensino público é unha estratexia comercial, política, pero detrás tamén hai unha estratexia comercial, polo tanto, o silencio administrativo da Xunta de Galicia é un insulto ao país e nais que apostamos polo ensino público que temos os nosos fillos/as no ensino público que non sabemos ou non temos garantido aínda, menos mal que están as ANPAS para xestionar os comedores, se os comedores se poden ampliar ou se os comedores se poden mellorar as calidades, non sabemos aínda obviamente se o transporte está garantido, se inventou unha política de transporte compartido entre o transporte público ordinario e o transporte escolar, cousa que é rotundamente ilegal e ademais non se quere, xa non poñer a proposta enriba da mesa senón que efectivamente ir facendo pequenas accións de guerrilla como é de súpeto dicirlle sen ningún tipo de normativa e sen ningún tipo de rubor colocar na web dos centros educativos de Navia pois que os nenos van quedar adscritos aos colexios de Valadares sen ningún tipo de zonificación enriba da mesa, polo tanto o primeiro que responda, que a administración autonómica responda, hai un escrito enviado durante o verán que debería ser obviamente tido en conta porque ten o consenso da comunidade educativa e por enriba dos delegados provinciais, por enriba das responsabilidades que poida ter calquera membro da consellería de educación está a comunidade escolar que xa puxo enriba da mesa unha proposta concreta, se non se quere facer e o que se está a facer é un sistema como digo de primaria elitista.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Bos días, benvida Sra. Ibáñez en nome de FOAMPAS a este Pleno, a verdade é que nós en primeiro lugar queríamos felicitarlle tamén polo seu traballo, polas súas reivindicacións que levan facendo tamén durante moitos anos na cidade fixo vostedes unha exposición cronolóxica moi clara, si é verdade que a zonificación era obsoleta, que hai necesidade de actualizala, que nós tamén nos comprometimos a que dende a Xunta de Galicia puideran poñerse mans a obra e así se fixo, hai un grupo de traballo, se é verdade que o primeiro borrador recibiu pois alegacións e a contra de parte ampla desta cidade, da comunidade educativa desta cidade pero si é verdade que tamén se traballa dende o diálogo, con discrepancias porque é moi complicado ter o 100% de acordo que participan no grupo de traballo pero si é verdade que se fai e coñecendo a realidade desta cidade, coñecendo como está dispersa neste momento a poboación, onde están os centros ocupados e non ocupados, garantindo sempre, tendo un obxectivo claro, unha zonificación neste caso e que é garantir que calquera neno/a de Vigo teñan acceso a unha ensinanza pública, a unha escola, a un centro público en calquera das circunstancias nas que se atopa e no lugar onde viva, se é verdade que hai distancias concretas, hai que garantir que estea menos de dous quilómetros do seu domicilio e eu tiña preparado porque sei que vostedes dende FOAMPAS tamén pois están solicitando o cambio de áreas, é dicir, que de catro áreas se pase a tres, iso son temas xa mais técnicos pero si é verdade que a proposta feita dende o grupo de traballo é garante que o alumnado que se matricula nun centro educativo teña a praza para continuar os seus estudos a través das adscricións duns centros educativos a outros, poida proseguir os seus estudos no mesmo centro nas distintas etapas e se así o desexan as familias dando cumprimento aos establecido no artigo 6 do decreto 254/2012, polo que se regula a admisión do alumnado, é dicir, se teñen en conta moitas circunstancias desta cidade que este grupo de goberno e este Alcalde coñece coa gran variedade de centros concertados que hai na cidade pero non dándolle prioridade aos concertados, por suposto que non, é dicir, a igualdade e fundamental, a garantía de que as familias poidan decidir tamén en liberdade onde e agora acaba de dicir o voceiro de Marea a cantidade de matrículas nunhas escolas ou noutras e non é cuestión de esquerdas e dereitas, independentemente diso eu creo que neste debate educativo de zonificación non

temos que ter enriba da mesa que hai unha zonificación de esquerdas e unha zonificación de dereitas porque non é así, é a realidade desta cidade e as familias de esquerdas as veces elixen un centro concertado iso temos que poñelo enriba da mesa que pasa, a garantía desta zonificación si é verdade que pode ter moitos matices e que ten que garantir que calquera neno/a de Vigo poidan ter acceso a unha escola, a un centro público, iso é fundamental, se é unha distancia maior ou menor cun transporte garantido tamén, se os nenos e agora o aumento da poboación foi en Navia e non vai compensada cos centros educativos que noutros lugares da cidade están baleiros haberá adaptar esa zonificación á realidade de Vigo, a realidade desta cidade, temos este debate moitas veces falado a nivel individual en reunións e incluso neste Pleno, temos exposto aquí a realidade que hai e o grupo de traballo, nós non pertencemos como grupo municipal a este grupo de traballo pero si é verdade que estamos permanentemente alerta para que a realidade de Vigo se poida cumprir, nós cremos que aquí hai que ter en conta que a Xustiza en canto a garantía de que os nenos poidan acceder a un centro público vai estar garantida, é dicir, non hai ningunha intención de discriminar a ninguén, nin de premiar a ninguén, o que pasa si que é verdade que o acceso a un centro público teñen que telo tódolos nenos desta cidade independentemente como dixo o voceiro de Marea da ideoloxía que practiquen, que eu creo que non temos que mesturar en ningún momento a ideoloxía coa educación, polo tanto este grupo municipal vai estar pendente premeu tamén nos seu momento para que a zonificación e o estudo desa zonificación obsoleta puidera poñerse enriba da mesa e puidera arrancar o seu traballo, arranxou o seu traballo e nós imos estar traballando sempre para que Vigo teña un mapa de zonificación moderno, xusto e poidan cumprir o máximo posible as expectativas e as necesidades de tódalas familias de Vigo é moi difícil o 100% da unanimidade pero si é verdade que imos estar traballando para que as discrepancias sexan as mínimas, da xustiza nese plan de zonificación sexa o que premie o que reine nese mapa.

Moitas grazas pola súa presenza aquí e por contar con este Pleno sempre.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Eu quería agradecer primeiro o traballo feito porque teño que lembrar que son familias que teñen as súas propias ocupacións, que son familias que o único que lles preocupa é a calidade da educación dos seus fillos iso

en principio, pero pasan un traballo primeiro formando parte dunha comisión que segue aí explicándolle ás familias pero tamén téñolle que agradecer a súa constancia porque quedou de manifesto na exposición, é dicir, levan traballando moitos anos, moitos anos avisando á administración educativa do que se ía xerar pero sen ser escoitados é sobre todo agradecer a busca de consenso porque creo que é como se teñen que facer as cousas pero a busca de consenso como quedou claro a fixo FOAMPAS reunindo aos colectivos e recollendo achegas, pero esa busca de consenso non a fixo a administración a quen lle compete facer este proxecto porque se que é verdade que recibiron a FOAMPAS pero FOAMPAS non foi escoitado, foi cuestionado, entón creo que hai que cambiar esa parte pero hai unha realidade, estamos novembro, xa decembro, este curso que ven a primeira adscrición nos institutos comeza o 1 de febreiro e non sabemos nada, pero non o sabe a comunidade educativa, non sabemos e eu quero simplemente cuestionar e poñer algún exemplo en concreto, onde se di iso de garantir o acceso a tódolos centros públicos, vou poñer un exemplo concreto, eu son nai dunha nena, imos poñer unha nena de 3 anos e resulta que quero escolarizar a miña filla nun centro que digo vou pedir un centro que poida facer todo o ensino obrigatorio de 3 a 16 nos no mesmo centro por iso de que non teña que cambiala, de que continúe cos seus mesmos compañeiros, pois resulta que non podo escoller un centro público, porque non hai ningún centro público que teña toda a ensinanza obrigatoria no mesmo centro, ben, pero imos ver, como nai podo escoller outro colexio, imos escoller un colexio que saíu na prensa ultimamente que ten un proxecto o colexio San Salvador por exemplo, premio Voz Natura nos últimos anos que teñen un compromiso que tal, ten transporte escolar e resulta que nese proxecto que nos presentaron xa non teño dereito ao transporte escolar se non pertenzo á zona, pero aínda por enriba ese centro tiña adscrito un instituto que estaba a 1 quilómetro do centro, e resulta que nese proxecto o que se fai é sacarlle ese instituto de Teis, pois entón terei que cambiar de centro, vou cambiar de centro, vou falar doutro colexio por exemplo Mosteiro Bembrive, un colexio que dende sempre innovador, con proxectos, foi o primeiro que traballou con obradoiros, tiña colonias escolares, tiña todo, ten transporte escolar dende hai 20 anos, pagado polas familias e co apoio do Concello. Sen escoitar a ninguén, outro, imos seguir poñendo exemplos, agora vou optar por un colexio máis pequeno, que ten boas

instalacións, que ten pouco alumnado, que ten implicación do profesorado, por exemplo do CEIP Praixal, un traballo soberbio da ANPA, en xornadas de igualdade, de normalización lingüística, de medio ambiente, non ten transporte, ten un medio de transporte subvencionado polo Concello, pero optar por outra cousa, imos optar por exemplo por un colexio de Vigo que recentemente foi ampliado, entón digo, vou escolarizar a miña filla alí, un colexio público recentemente ampliado e resulta unha zona en crecemento o CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, e resulta que chego alí e me din, hai non é que cando a túa filla teña 11 anos vai ter que ir a un instituto que está a 10 quilómetros do colexio, pois ao mellor non teño tanta liberdade de elección para matricular a miña filla, iso é o que está sucedendo nesta cidade, iso é o que está a suceder nesta cidade e nós simplemente demandamos unha zonificación, un mapa escolar de Vigo xusta e consensuada porque é importante o diálogo.

Vou aproveitar un pouco, isto de mesturar a ideoloxía coa educación perdón, pero que me digan que alguén fixo unha lei como a LONCE totalmente ideolóxica e sen ningún consenso educativo, é que é para matalos.

PRESIDENCIA: Dona Regina, quero que saiba que teñen vostedes na súa demanda o apoio total do goberno que eu presido, total e absoluto, como sempre tiveron porque o seu traballo en defensa do ensino público nesta cidade é loable e excepcional, quero que teña o recoñecemento deste goberno o que eu presido e polo tanto o recoñecemento en forma democrática da maioría desta cidade, non toda a cidade o que aquí escoitamos pero si da inmensa maioría desta cidade, a que sabe do seu bo traballo, da súa opción e do seu mérito en defensa do ensino público en Vigo. Moitas grazas pola súa presenza aquí.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

4(209).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DO 2018, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR

OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS . EXPTE. 94/143 (REXISTRO PLENO 1903/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 26 de outubro de 2018, a Dirección superior contable e orzamentación emite o seguinte informe,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2018.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2018, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao TERCEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 30 de setembro de 2018.

Entidade e estados consolidados

A información orzamentaria a conforma un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

Axúntase o desenvolvemento da liquidación ao máximo nivel de desagregación, tanto para o estado de gastos como de ingresos.

Tamén forma parte da liquidación ao 30/09/2018, a recadación e pagamentos de pechados.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o

estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagamentos e saldo final. A información é dos estados consolidados.

Estados

Acredores non orzamentarios, estados consolidados
Debedores non orzamentarios, estados consolidados
Devolución de ingresos indebidos, estados consolidados
Estado de Tesourería, Entidade
Ingresos pendentos de aplicación, estados consolidados
Liquidación estado de gastos detallado, estados consolidados
Liquidación estado de ingresos detallado, estados consolidados
Liquidación capítulos de gastos, estados consolidados
Liquidación capitulos de ingresos, estados consolidados
Liquidación capítulos de gastos, Entidade
Liquidación capitulos de ingresos, Entidade
Liquidación capítulos de gastos por fases, estados consolidados
Liquidación capitulos de ingresos por fases, estados consolidados
Liquidación capítulos de gastos por fases, Entidade
Liquidación capitulos de ingresos por fases, Entidade
Estado de modificacións de crédito, estados consolidados
Pagos de corrente e pechados, estados consolidados
Recadación de corrente e pechados, estados consolidados
Recadación de corrente, estados consolidados
Recadación de pechados, estados consolidados
Recadación de corrente, Entidade
Recadación de pechados, Entidade
Remanente de Tesourería, estados consolidados
Remanente de Tesourerería, Entidade
Resultado Orzamentario, estados consolidados

Estado dos períodos de pago do terceiro trimestre, tanto da Lei de morosidade (trimestral), Lei 3/2004 coa modificación operada pola Lei 15/2010, como do Período Medio de Pago (PMP mensual) do Real Decreto 1040/2017.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados.

A mesma será incorporada ao portal de transparencia.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, sa súa sesión ordinaria do 21.11.18, quedou informada.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Acaban de falarse aquí neste Pleno de dúas cuestións de indubidable transcendencia para as persoas que viven nesta cidade e como cuestión de indubidable transcendencia para as persoas que viven nesta cidade tamén están presentes as políticas públicas deste goberno municipal e polo tanto a execución que se está a facer do orzamento para o ano 2019, na loita contra a violencia e singularmente contra a violencia machista, os corpos de seguridade da Policía Local protexen singularmente as mulleres vítimas da violencia de xénero cos recursos do Concello de Vigo pero é que tamén as políticas públicas municipais fan que as paradas do transporte público urbano se fagan a demanda das mulleres que precisan atención e protección nos seus desprazamentos pola cidade, pero é que tamén para paliar esa situación de violencia que sofren singularmente as mulleres nesta cidade, este Concello, este goberno paga unha casa de acollida para aquelas persoas que precisan de protección, de saír de seu ambiente normal para ter protección, teñan protección e tamén canguros para que os cativos, os rapaces destas persoas teñan tamén protección e poidan estar coas súas nais, singularmente pero que tamén fanse políticas activas e colaborando coa rede de mulleres contra os malos tratos ou ben tamén fomentando a empregabilidade das mulleres que sofren violencia de xénero con fondos da concellería de emprego polo tanto, con fondos deste goberno municipal, con fondos sacados dos impostos de tódolos vigueses e tamén fomentando esa educación en igualdade singularmente a través do deporte e igualdade con fondos das concellerías de Deportes e de Igualdade, polo tanto, tamén ten que ver coa execución deste orzamento pero dicía tamén a concelleira de Educación, tamén este orzamento paga, contribúe ao pagamento dos transportes escolares dos centros escolares, da cidade de Vigo, polo tanto, tamén estamos atendendo ás necesidades das familias, dos nenos/as

desta cidade, pero é que ademais tamén pagando os comedores, máis de 27 comedores dos centros educativos desta cidade con cargo aos fondos do orzamento de Vigo como queda reflectido na execución trimestral e tamén pagando bolsas de comedor e de libros para as persoas que así o precisan con cargo aos fondos deste concello, polo tanto atendendo tamén ás necesidades dos colexios, das familias, dos nenos e das nenas desta cidade pero tamén atendo necesidades que non cobren outras administracións como singularmente a Xunta de Galicia con actuacións en colexios, hai que dicir que neste trimestre se executaron máis de 47 actuacións nos distintos colexios deste concello, que están repartidos polo termo municipal do Concello de Vigo, por estes máis 116 quilómetros cadrados que ten o Concello de Vigo pero tamén facendo cubricións de patios de colexios como a Virxe do Rocío, Carballal, o Canicouba, o Alfonso Castelao e o que se falaba aquí fai un intre ou con outros colexios que están en marcha como o Pintor Laxeiro, García Barbón ou Balaídos e tamén desenvolvendo unha política de bolsas, singularmente de investimentos lingüísticas máis de 850 bolsas para os nenos/as desta cidade que vaian a estudar inglés singularmente a outro país como Reino Unido ou a República de Irlanda. Polo tanto, satisfacendo as necesidades da cidadanía, coidando dos nenos, das nenas e do bo emprego dos cartos públicos deste Concello de Vigo porque Vigo é unha cidade solidaria, o noso lema é unha cidade sempre benéfica e tamén satisfacemos con cargo aos orzamentos do Concello de Vigo o Albergue municipal, o albergue que se sostén integramente con fondos públicos municipais ou ben contribuindo co Servizo de Axuda no Fogar, onde máis de 800 persoas desta cidade reciben ese apoio tan necesario por parte deste servizo que se presta con fondos municipais ou tamén o servizo de Teleasistencia que permite que máis de 600 persoas reciban axuda dos fondos municipais, pero facendo ademais unha cidade atractiva, unha cidade que recibiu neste trimestre do verán máis de 140.000 visitantes e máis de 200.000 pernotacións algo que sen dúbida veremos incrementado nesta campaña do Nadal co fabuloso alumeado do Nadal pero tamén facendo humanizacións, temos adxudicadas máis de 23 millóns en adxudicacións, en investimentos sen ter en conta os 15 millóns do superávit que tamén reciben o seu tratamento de acordo cos prazos ordinarios da Lei de orzamentos xerais do Estado, polo tanto, humanizando e mellorando as condicións de vida da cidade e adxudicando como

dicía máis de 23,7 millóns de euros en investimentos que mellorarán tamén a cidade, as condicións de vida para a cidadanía, xestionando en definitiva ben a cidade executando os orzamentos deste Concello executando este trimestre e pechando o orzamento deste ano 2018 en plena execución.

SR. PÉREZ CORREA: Nós temos claro que é importante a cuestión de orzamentos.

PRESIDENCIA: Señor da Marea non vai intervir vostede?

SR. PÉREZ CORREA: As veces cando se interrompe tamén se para por parte disto. En todo caso, non sei que ten que ter a oposición pero a oposición o que ten aquí diante son números e é o que imos a falar e non queremos, eu fíxenme unha promesa hoxe de non falar das luces do Nadal, entre outras cousas xa falou o concelleiro de Facenda e unha cuestión por vergoña allea e outra porque estamos a falar de moitos cartos e estamos falando de case 60 millóns de euros sen executar, cando as luces de Nadal son 800.000, eu quero falar deses 60 millóns de euros sen executar, que aí se que hai moito recurso que si que poderíamos empregar en loita contra a pobreza eu vou centrarme nos números, hai que ser rigoroso en todo, porque si que é importante un orzamento, claro que é importante un Orzamento, do Orzamento deste Concello a miña filla ten un comedor escolar, do Orzamento deste Concello hai infraestruturas, do Orzamento deste Concello hai servizos sociais, do Orzamento deste Concello hai cuestión ademais que son servizos públicos esenciais e do Orzamento deste Concello tamén hai actuacións de carácter local que fai este Concello porque as outras administracións non queren facelo, que se chaman gastos impropios que é máis do 40% do gasto deste Concello e que obrigaría tamén a estar moitas veces contra a Xunta de Galicia que moitas veces este concello asume infraestruturas e actuacións que non lle corresponden. Quero falar de 60 millóns, o dato está aí, gasten vostedes 860.000 euros en luces, gasten 1 millón iso é absolutamente unha parte ínfima dos cartos que os vigueses/as se lles están detraendo dos impostos e que logo non acaban na execución porque vostede me pode dicir que é importante o orzamento, pero isto é o que é importante, o que vostedes nos dan, este documento debería ser coñecido por tódolos vigueses/as que vostedes nos presentan unha liquidación a que os 31

millóns de euros de investimentos do ano 2018, lle sumaron os 33 millóns de euros dos fondos europeos e do superávit do ano anterior, é dicir, dos cartos que vostedes non gastaron o ano anterior que sumou só no Concello, na institución consolidada 69, no Concello 64 millóns de euros e levan executados a mes vez, 6 millóns, fallan 60 millóns, vostedes me dirán que van executalos nos tres anos, que incluso se son obrigas de pago se podería ir incluso ao ano que ven, pero dende logo gran parte disto vai acabar outra vez no superávit e aquí hai partidas que son importantes, vostede comezou por unhas partidas que son importantes, non só as de política de igualdade senón as de loita contra a violencia de xénero e nos puxo ademais unha serie de gastos que teñen que ver coa política de feitos consumados, cando xa se produce violencia de xénero, cando xa se produce violencia contra as mulleres que é Policía Local que son obviamente a Casa de Mulleres pero nós lle falamos de tódalas políticas de prevención que vostedes meteron no Orzamento que están sen executar, e non son partidas que nos inventemos, 13.000 euros, miseria para campañas contra a violencia de xénero, para que unha muller non teña que ir a un Policía Local ou non teña que ir a unha casa de acollida, cero euros executados, dez meses do ano non houbo posibilidade da facer campañas ambiciosas de política de prevención pero tamén programas de emprego para mulleres en situación de violencia de xénero, unha parte importante, máis de 70.000 euros dos 150.000 euros sen executar, programas de igualdade, pequenos programas de igualdade, partidas de 10.000 euros que poderían facer esa sensibilización, centros educativos sen executar, vostede ten un problema de execución, pero non só nisto é que no ano 2017 tivemos este debate e nós cautos e precavidos esperamos a ver como remataban vostedes a execución do 2017 e no capítulo de investimentos estiveron no 50%, no 54 e pico por cento, xeraron un superávit, eu xa sei que iso é unha practica habitual sobre todo nos procesos electorais de elevar todo estes cartos nos últimos meses, pero vostedes teñen partidas importantes sen executar, programas de emprego que a pobreza é a primeira loita, contra a pobreza non é a caridade que iso é unha cuestión absolutamente ridícula, a primeira é dar postos de traballo, xerar riqueza que evite que a xente teña que ir aos comedores sociais ou aos albergues e iso está sen executar nunhas partidas moi importantes, é un problema non hai unha gran cidade en España que execute o 10% dos seus orzamentos a estas alturas,

comparen vostedes con calquera das grandes cidades e capitais de provincia.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Unha vez máis estamos aquí analizando a execución orzamentaria e unha vez máis señores do goberno municipal os datos son absolutamente aplastantes e mostran a verdadeira realidade deste goberno e ademais demostran que imos de mal en peor porque cada ano executan vostedes peor o orzamento que o ano anterior o que evidencia o fracaso absoluto da súa xestión, son un goberno que xa non ten proxecto de cidade, e dende logo son un goberno que tamén é incapaz nin sequera de executar seus propios orzamentos, por iso quizais están vostedes tan interesados en que ningún vigués de decate destes datos, que ningún vigués saiba que é o que está detrás de tanta publicidade e propaganda e por iso están vostedes tan interesados en que estes Plenos do Concello de Vigo non se retransmitan como se fai en tódalas grandes cidades de España, onde hai transparencia e onde os Plenos se deixan ver a tódolos cidadáns, non nesta cidade non, porque non interesa que os vigueses coñezan o que de verdade está pasando e o que de verdade fai este goberno municipal, igual que tampouco lles interesou que se mantivese un debate que era histórico na televisión local sobre o Pleno, debate post pleno que vostedes boicotearon, cancelando a súa presenza e impedindo que ese debate se fixera, por que? Porque non queren que os cidadáns teñan toda a información porque están vostedes moi preocupados en esconder, e tapar de calquera maneira posible o que realmente pasa nesta cidade, igual que tamén só deixan vostedes intervenir no Pleno aos que veñen a criticar ao Partido Popular ou á Xunta de Galicia pero teñen vostedes unha larga lista de peticións de comparencia neste Pleno que non aceptan por que? Porque lles veñen a criticar a vostedes, ese é o sectarismo absoluto de vostede Sr. Alcalde, que é o único e exclusivo responsable de que isto pase así, porque vostede non é que xa non teña respecto aos grupos da oposición, é que vostede non ten respecto aos cidadáns que discrepan, porque vostede é o Alcalde que asiste impasible a unha folga de fame duns traballadores e dunha concesionaria municipal sen pestañar e sen ni sequera ter a decencia de recibirlles no seu despacho porque vostede é o Alcalde que asiste impasible a 467 feridos en O Marisquiño e non ten tampouco a decencia de recibir aos representantes deses feridos no accidente, deses 467 feridos, vostede tamén

asiste impasible a unha acampada da pobreza durante xa dous anos sen ni sequera tampouco haberse dignado a recibirlle porque para vostede desgraciadamente que nin sequera é capaz de levantar a mirada e mirarme aos ollos cando lle estou a falar directamente, ese é o respecto que lle ten vostede á oposición, non lle importan as persoas senón son incondicionais e lle aplauden si ou si, e esa é a verdadeira desgracia que ten cada día máis esta cidade, un Alcalde absolutamente totalitario e que é incapaz de executar os orzamentos porque para o único que vostedes serven e estes datos do Orzamento o demostran, é para recadar 210 millóns de euros recadados a 30 de setembro, unha cifra absolutamente récord, felicítolles 210 millóns de euros recadados en impostos, que dilixencia a pena é que non sexan vostedes tan dilixentes nos gastos e se quedaran en pouco máis de 180 millóns de euros, e isto que fai? Que o seu peto cada vez engorde máis, que xa teñamos de remanente de Tesourería 153 millóns de euros que non están no peto dos vigueses, non, están nas contas do Concello de Vigo no seu Remanente e que non están dando servizos a tódolos vigueses e a tódalas viguesas porque claro así assistimos a partidas e partidas que están sen executar Sr. Aneiros, de verdade son vergoñosos esta execución orzamentaria, peor que nunca, van vostedes de mal en peor, bateron récord, 47% de execución do orzamento a 30 de setembro, un 9% dos investimentos pero onde van con estas cifras, onde van con estas cantidades, máis de 80 proxecto sen ni sequera licitar, máis decenas de partidas a 0 euros, esta é a execución que vostedes mostran, este é o balance que vostedes lle dan aos cidadáns, con razón non queren vostedes que ninguén se decate, porque a vostedes só lles importa anunciar, porque na época das “fake new”, das noticias falsas, temos aquí ao verdadeiro goberno “fake” ao verdadeiro protagonista e experto en “fake new”, en facer anuncios que logo non se concretan e logo en presentar esta execución orzamentaria absolutamente lamentable, mire, dicía Abraham Lincoln, “podes enganar a todo o mundo algún tempo, podes enganar a algúns todo o tempo, incluso, pero non podes enganar a todo o mundo todo o tempo”, Sr. Caballero o seu tempo de enganar a todo o mundo todo o tempo está acabando.

SR. ANEIROS PEREIRA. A verdade é que os votantes do Sr. Casado fan méritos abondosos como el mesmo que fai as carreiras a medias e os master a medias e

así se pode entender que non comprendan os datos que están nos orzamentos e que non comprendan a execución orzamentaria, que intenten confundir á cidadanía falando de cousas que non teñen nada que ver, mire, voulo repetir claro, claro, claro, á data de hoxe temos autorizados 221.140.430 euros co orzamento do ano 2018, vólvollo a repetir por si non me escoita, 221 millóns de euros autorizados, levamos pagamos 182 millóns de euros, como me pode dicir vostede que non estamos a executar o orzamento, lle acabo de dicir tamén que temos adxudicados 23,7 millóns de euros en investimentos, con investimentos en marcha, se quere llo repito, a fase 5 da rúa Aragón, a fase 3 da rúa Gregorio Espiño, a rúa García Lorca, rúa Vía Norte, rúa Fátima, rúa José Frau, rúa Canceleiro, rúa Colombia con Isabel a Católica, María Berdiales, rúa Camelias, Marques de Valterra, Venezuela, Barrio das Flores, Avenida de Atlántida, Álvaro Cunqueiro, Bueu, o ascensor en Juan Ramón Jiménez, o parque Camilo José Cela, as obras en Pintor Colmeiro, quere que siga? Eses son os 23,7 millóns que están en marcha, executaremos, por certo, ao final de ano teremos un capítulo VI executado de entorno a 60 millóns de euros, non se preocupe Sr. Marea que no capítulo VI pecharemos a 31 de decembro con 60 millóns executados, non se preocupe porque os orzamentos se executan, non confundan vostedes o prazo de adxudicación dos contratos que é un prazo extraordinariamente garantista, lembren vostedes se non o saben que algúns contratos teñen un prazo de exposición pública, só de exposición pública de 52 días hábiles, polo tanto iso nos coloca nun escenario onde a tramitación normal dun expediente de contratación ronda os 180 días hábiles, polo tanto, se un ano ten 365 días de momento, mentres non se cambie o calendario, os prazos de execución dos orzamentos e claro que teñen que acompañarse por un lado, os prazos de contratación e por outro os prazos de disposición de fondos, nos que por certo, o calendario fiscal nos coloca que aínda que no último trimestre do ano Sra. Muñoz, por se non o sabe, é cando están ingresados tódolos impostos e todas as taxas municipais, polo tanto, vostede non faga xogos de trileiros, non faga artificios porque os orzamentos son os que son e a execucións está en marcha, pero é que se falaba tamén doutra cuestión moi importante, das execucións nas partidas sociais, no plan de emprego municipal, ese que creceu como ningún outro noutros concellos de Galicia, que este goberno adica máis de 5 millóns de euros a eses plans de emprego

directamente municipais porque a Xunta non ten un Plan de emprego municipal, nin políticas activas de emprego para a cidadanía, temos adxudicadas máis de 423 axudas, polo tanto, está nun grado de execución elevado, máis do 78% de execución a 30 de setembro dese plan de emprego municipal, con máis de 230 actuacións no Vigo Emprega, con máis de 40 actuacións no emprego xuvenil, con máis de 35 actuacións na creación de empresas, con máis de 280 actuacións no emprego para entidades sen ánimo de lucro e para entidades de carácter social, polo tanto, executando os orzamentos tamén de emprego, cubrindo unha lagoa que non fai a política da Xunta de Galicia, polo tanto, cubrindo tamén esas ausencias, esas carencias significativas da presenza da Xunta de Galicia nesta cidade, pero tamén cubrindo lagoas que ten a Xunta de Galicia na política social co orzamento practicamente executado, con axudas para o Albergue municipal, con axudas para o alugueiro, con axudas para a pobreza enerxética, con axudas para a cobertura da auga, coas axudas tamén para que as persoas que así o precisan e non teñen recursos poidan comprar incluso unha prótese para a súa vida persoal, polo tanto, satisfacendo tamén esas necesidades que teñen as persoas con menos recursos, redistribuíndo polo tanto, os recursos públicos que ten este Concello de Vigo e todo isto señores/as da oposición o facemos pese a que non lles guste e o facemos pese a que non lles guste tamén xestionando ben, executando correctamente os orzamentos e tendo as obras na rúa, as obras que se poden ver e que melloran as condicións de vida.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

5(210).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2019 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. EXPTE. 2489/500 (REXISTRO PLENO 1917/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2018, a Directora de Ingresos e a Técnica Xurídica de Ingresos-xefa de Inspección co conforme do concelleiro

delegado de Orzamentos e Facenda, emite o seguinte informe proposta,

“I. D. Antonio González-Cuellar Serrano con DNI 50808561C, actuando en nome e representación da Sociedade Mercantil “Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA” con CIF A-70276795 presenta, en período de exposición pública do acordo plenario provisional de modificación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para o exercicio 2019 (expte. 2489-500), con data 26 de outubro de 2018 e con nº de documento 180172656 reclamación fundamentada nas seguintes alegacións ou argumentacións:

1º. Que no expediente de modificación non se alude ao Convenio Marco, asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas.

Un documento da natureza do mencionado non pode determinar por sí mesmo a vontade política dunha Corporación, que é un órgano colexiado, para a aprobación dunha norma fiscal cuxa tramitación está pormenorizadamente regulada no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. É dicir, a forza vinculante é a propia das normas xurídicas, formalmente aprobadas como tales, e non de manifestacións de intencións plasmadas nun acordo marco que, por definición e incluso por Lei, non ten os caracteres de imperatividade e coercibilidade dunha norma xurídica.

Certo é que tal acordo-marco, en tanto que Protocolo Xeral, expresaba unha vontade política, pero para significar realmente unha obriga, debería terse desenvolvido en documentos susceptibles de xerar dita obriga.

Neste senso, o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no seu artigo 2.d) define os Protocolos de Colaboración como instrumentos que conteñen acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente; o mesmo precepto no seu apartado a) define os Convenios Marco como instrumentos que conteñen acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que os subscriben e que de forma expresa esixen, para a súa efectividade, o seu desenvolvemento mediante a formalización de convenios específicos nos que se concretarán ditas obrigas.

No acordo da Xunta de Goberno Local de 15-02-2013 faise constar que o citado Convenio Marco carecía de informe da Área de Tributos. Pois ben, sendo certo que a Área de Tributos-Dirección de Ingresos non se pronunciou naquel Acordo Marco porque non foi consultada, cómpre facer constar que de ter sido realizada a consulta, o informe diría entón e diría hoxe: que non se poden fixar normas tributarias municipais sexan de gravame ou de exención fóra do procedemento sinalado no TRLRFL (artigos 15 a 19) xunto co Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedemento que segue a modificación fiscal obxecto da presente reclamación.

Dito noutros termos, aínda que o Pleno da Corporación se pronunciara respecto

dunha bonificación ou exención nun convenio, a cláusula referida a esa cuestión tributaria resultaría nula por omisión do procedemento legalmente establecido, ao incumprirense os trámites típicos e taxados de aprobación de normas fiscais:

- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello.
- Ditame da Comisión Informativa de Facenda
- Aprobación provisional polo Pleno do Concello.
- Exposición pública durante 30 días, para “reclamacións”.
- Aprobación definitiva polo Pleno do Concello.

Calquera cláusula cuxo contido tivese que reflexarse nunha ordenanza fiscal, en canto incluída nun convenio non tería nin ten máis entidade que unha mera declaración de intencións. Ata o punto de que a mesma corporación que aprobara un convenio marco coa cláusula tributaria do aprobado con data 07-03-2006 podería ter determinado, no expediente de aprobación dunha ordenanza fiscal, un contido diferente do previsto naquel convenio, prevalecendo unicamente este último por ser o único acordo tomado co procedemento establecido no TRLRFL.

Sirva a argumentación anterior para explicar por qué nos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais non se menciona ningún convenio nin no ano 2006 nin no ano 2018.

Pero, en calquera caso, debe tamén terse en conta que o citado Convenio Marco foi deixado sen eficacia algunha mediante Resolución conxunta, de 16 de abril de 2013, da Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente do Territorio e Infraestruturas da Administración Autonómica na que se sinala expresamente que ambas Consellerías *“optan polo exercicio da súa facultade de declarar resolto o convenio asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas”*.

Polo tanto, o que se pretende pola representación da entidade mercantil “Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA” é a ultraactividade dun acordo de vontades, é dicir a eficacia máis alá da súa vixencia, que foi deixado sen efectos, precisamente, por unha das partes, curiosamente a máis interesada en que se realizase a oportuna modificación normativa nas Ordenanzas Fiscais municipais para clarificar o suposto de feito da norma de exención que, como consecuencia xurídica, tería o efecto de eximir do pagamento do imposto non xa a un ente público senón a una entidade mercantil privada que é titular dun ben inmovible e que, por aplicación dos artigos 63 e 61 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, resulta suxeito pasivo do Imposto sobre Bens Inmобles.

A introdución da exención aprobada en 2006 así como a modificación da mesma realizada no presente expediente nada teñen que ver, en termos estritamente xurídicos, con calquera tipo de Convenio ou Acordo entre partes, porque as obrigas fiscais teñen que regularse en normas fiscais cun procedemento taxado legalmente e non por un convenio ou acordo entre partes, sen prexuízo de que naqueles acordos ou convenios figuraran declaracións de vontade política e/ou

institucional. Ata tal punto resultan independentes, que unha vontade política de contido fiscal expresada nun Convenio Marco obrigaría politicamente á Corporación que asinara o convenio pero esa mesma Corporación podería tomar, no procedemento e contexto dunha ordenanza fiscal, un acordo diferente ou contrario ao Convenio asinado. Sería reprobable politicamente pero, en termos estritamente xurídicos, só sería válido e produtor de efectos o contido fiscal aprobado no expediente de modificación da ordenanza fiscal, con suxeición a tramitación dos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da lei 7/85 LRBRL.

Este razoamento é compatible coa consideración da exención como potestativa para a Corporación respectiva porque nada obriga a introducir unha medida exoneratoria de gravame se cambia a vontade dos órganos representativos ou as condicións nas que se acordou un marco de colaboración, máxime cando o TRLFL utiliza termos tan claros como “titularidade pública” e “directamente afectados” para referirse ao ámbito material da exención que pode, ou non, ser regulada por norma aprobada polo Pleno da Corporación.

2º. Que falta unha xustificación da repercusión orzamentaria da modificación.

Sendo a exención que se regula de carácter rogado, a minoración orzamentaria no exercicio 2019 dependerá de que o SERGAS a solicite e de que se cumpran os condicionantes establecidos isto é, se confirme que ten a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto e que desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública en cada un dos bens inmoables obxecto da eventual exención. Trátase dunha exención mixta que require a concorrencia de ambos elementos para resultar procedente.

Así, tomando como referencia os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, estímase unha minoración aproximada de 80.000€ para o orzamento de 2019 respecto do orzamento de 2018. Faise a minoración sobre datos que o SERGAS coñece sen que resulte de interese a publicación das características, titularidades e contías das cotas tributarias de cada un dos centros de saúde que eventualmente serían obxecto da futura exención. E isto porque, sendo o SERGAS o único interesado respecto da exención que se regula e tratándose de “datos protexidos” os que permiten calcular o importe da cota tributaria, estimouse prudente non publicar a relación dos centros de saúde no expediente que se sometería a información pública de todos os contribuíntes.

O importe da minoración orzamentaria podería variar en función de circunstancias que dependen exclusivamente da xestión patrimonial do SERGAS. Nalgún caso podería acollerse á exención variando determinadas circunstancias relativas ao dereito en virtude do cal ten adscritos determinados centros de saúde.

En todo caso, cos datos que figuran na Base de Datos Catastral a contía máxima da exención rondaría $\pm 80.000\text{€}$. Para este importe estimouse suficiente o contido do informe para cumprimento do artigo 129.7 da Lei PACAP.

Cousa ben distinta é o asunto que subxace na reclamación da Sociedade

Concesionaria do Novo Hospital de Vigo: O orzamento do Concello de 2019 non resultará minorado nin aumentado respecto de 2018 por causa da tributación no IBI da Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo. No exercicio 2019 igual que no 2018 figurarán “dereitos recoñecidos” por importe aproximado de 950.000€/ano dado que a Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo consta como suxeito pasivo do imposto. A modificación obxecto deste expediente non altera esta cantidade para o exercicio 2019 respecto dos “dereitos recoñecidos” no Padrón fiscal de 2018, polo que non haberá impacto orzamentario nin favorable nin desfavorable. Mesmo un pronunciamento desfavorable nos Tribunais aínda non sería firme e, no peor dos casos, se o fose, tampouco implicaría alteración nas previsións orzamentarias do exercicio 2109 realizadas con extrema prudencia a partir das estimacións de liquidación do exercicio 2018.

3º Que se incumpre o artigo 133 da LPACAP.

A concesionaria alega unha suposta vulneración do artigo 133 da LPACAP por canto indica que *“no ha sido realizado el trámite de audiencia previa”*. E continua indicando que *“La dicción literal del precepto legal no da pie a ninguna interpretación posible que haga en este caso excluir el referido trámite de información pública”*.

Tendo en conta que transcribe literalmente no seu escrito o artigo 133.4 da LPACAP entendemos que se refire á consulta previa (non á audiencia previa nin a información pública).

Como a reclamante fai explícito, un informe da Dirección Xeral de Tributos de 2 de xaneiro de 2018 cursado a todos os Concellos, a través de diferentes canles, avala a tese , razoable por outra parte, de que para unha modificación de ordenanza fiscal é de aplicación o parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da LPACAP.

“Cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non imponha obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado primeiro...”

A máis do anterior, remitímonos ao informe do TEACV de data 20 de xuño de 2017 que chega a unha conclusión aínda máis radical: no caso de ordenanzas fiscais non é de aplicación o trámite de consulta previa por teren as ordenanzas fiscais unha regulamentación específica consistente nos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, en cuxa tramitación se inclúe exposición pública durante 30 días para reclamacións.

En calquera caso, os suxeitos pasivos posibles afectados pola modificación da exención potestativa do artigo 62.3 do TRLRFL son dous e ámbolos dous teñen exercido o seu dereito á discrepancia mediante escritos de reclamación

presentados. Cabe deixar constancia que podería ser contrario ao interese xeral complicar e encarecer a tramitación dun expediente e, en todo caso, seguro que resulta contrario ao principio de eficiencia económica engadir un trámite máis de non ser estritamente necesario dende un punto de vista legal.

4º Que o acordo adoptado supón unha extralimitación do mandato legal do artigo 62.3 do TRLRFL.

Manifesta a recorrente que se teñen excedido os límites legais do artigo 62.3 do TRLRFL. Nada máis lonxe da realidade, pois o artigo 62.3 ten carácter habilitador para conceder unha exención e carácter de límite máximo, é dicir, a Lei, nos beneficios fiscais potestativos, limita os máximos que lle permite aos concellos para a concesión de exencións pero non os mínimos. Posto que o mínimo está en que o Concello non conceda a exención, existindo o dereito a non aprobar a exención, existe o dereito a aprobar aquela só para centros sanitarios de carácter público que cumpran determinadas condicións. En ningún caso o lexislador establece “ou todo ou nada”.

De feito, no acordo plenario do ano 2006, aplaudido pola recorrente, non se aprobou unha exención para todos os centros sanitarios. Só para os creados con posterioridade a 1 de xaneiro de 2007. “Mutatis mutandi”, no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 establécese unha exención para centros sanitarios denominados/conceptuados *“Centros de Saúde” nos que se desenvolva “atención primaria de saúde” a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública*. Se no acordo plenario de 2006 o Concello establecía un límite temporal, agora o límite está posto noutra circunstancia, cal é a actividade sanitaria específica desenvolvida no Centro e a condición laboral de quen a realiza. Tanto o “límite temporal” como o “límite actividade e condición laboral” son aspectos substantivos que o lexislador non concreta senón que difire ou encomenda á Ordenanza fiscal. Igualmente resulta unha formalidade diferida o carácter rogado ou non da exención. Compre, ademais lembrar que o feito imponible do imposto son determinados dereitos sobre un ben inmovible porque así o establece o art.61 do TRLRFL.

O novo texto referido á exención potestativa que o Concello pleno ten aprobado en sesión de 5 de setembro de 2018 inclúe aos Centros de Saúde nos que o SERGAS teña a condición legal de obrigado ao pago do Imposto, bens inmoebles nos que o SERGAS desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública.

No inmovible sito en Clara Campoamor nº 341, referencia catastral 54017A142004750002XA, o suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto, por lei, é a Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo, S.A., segundo o contrato de concesión de obra pública asinado o 21/02/2011. Conforme a este contrato, a Sociedade Concesionaria percibe do orzamento da Comunidade Autónoma unha cantidade máxima anual que o contrato asinado fixaba en 56.333.270,24€ (sen IVE) durante un período de 20 anos, segundo consta na Cláusula 2.5 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Así, a dispoñibilidade da entidade privada contratista con carácter orixinario e primario do ben inmovible, consecuencia da fórmula contractual concertada, fai que o SERGAS ostente unha dispoñibilidade secundaria e derivada, aos efectos de que poida realizar a prestación sanitaria da que é titular e responsable.

Tal e como advirte expresamente o artigo 227 da Lei 30/2007 de contratos do sector público (lei aplicable ao contrato do que resultou adxudicatario a actora-cláusula 1.1 do PCAP) un contrato de concesión de obra pública no que se confire ao licitante a facultade de explotar a obra tras construíla, non dará lugar a unha verdadeira posta a disposición da Administración do inmovible obxecto do contrato, ata o momento no que expire a concesión (acta de recepción formal). Será nese momento cando a Administración adquira a plena posesión do inmovible. Ao remate das obras, se levanta a acta de comprobación (artigo 227.1- LCSP), que xenera o efecto de permitir que se inicie a explotación da obra ao concesionario polo concesionario, para acadar a rentabilidade da inversión acometida na execución e posterior mantemento da infraestrutura.

Cando o SERGAS é titular -sobre o inmovible-edificio onde desenvolve a actividade sanitaria- dun dereito de concesión, usufruto, superficie ou pleno dominio, a prestación sanitaria que desenvolve é ben diferente da desenvolvida cando a actividade sanitaria pública se ubica en edificios de titularidade privada. Resulta obvio que un Centro Sanitario Público non é só un inmovible ou edificio senón un lugar e unha organización na que efectivos humanos desenvolven os cometidos asignados pola Administración Sanitaria. É coñecido que hai condicionamentos diferentes na prestación dos servizos sanitarios que se realizan en inmovibles nos que o titular catastral é un concesionario privado, condicionamentos tanto para os profesionais da sanidade pública como para os usuarios. De aí que o Concello pode ter unha posición lexítimamente diferente á hora de outorgar exencións a uns inmovibles e a outros non.

Este é o punto onde o Pleno Municipal pode expresar un posicionamento a favor ou en contra dun determinado modelo de xestión sanitaria exercendo o seu lexítimo dereito de autonomía municipal recoñecido nos artigos 137 e 140 da CE. Este é o punto onde o Pleno do Concello de Vigo en sesión de 5 de setembro de 2018 aproba unha exención potestativa a inmovibles onde se radican determinados Centros Sanitarios pero non a outros.

Diante da oposición da Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA que considera ilegal este tratamento diferente para uns centros sanitarios respecto doutros, cómpre dicir que nisto xa se ten pronunciado, no sentido de que resulta legal, o Tribunal Supremo en sentenza de data 29 de maio de 2008 da que extractaremos parágrafos de aplicación ao caso.

Resulta legal que, dentro dos límites máximos da exención que establece o artigo 62.3 do TRLRFL, o Concello decida qué condicionamentos substantivos e formais lle engade ao contido máximo do citado artigo: *“bens de que sexan titulares os Centros Sanitarios de titularidade pública, sempre que os mesmos estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos*

centros” para declaralos exentos en virtude da potestade que lle outorga o lexislador.

É certo que o Concello Pleno podería ter eximido do pagamento do IBI a todos os Centros Sanitarios nos que, dunha forma ou doutra, para a atención sanitaria primaria ou especializada, a Administración Pública Sanitaria competente, estivese presente. Sen embargo, o Concello Pleno non aprobou esa exención total e xenérica nin no ano 2006 nin no presente expediente. Tanto no ano 2006 como no presente o obxectivo de “suficiencia financeira do Concello” operaba e opera en sentido contrario pois outorgar exencións implica minorar o orzamento, un gasto fiscal que, en definitiva, pagarían todos os veciños.

No ano 2006 non se aprobou exención para todos os bens inmobles-centros sanitarios da titularidade do SERGAS. O Concello pronunciábase aprobando una exención que afectaba á súa “suficiencia financeira” só a futuro porque só exoneraba de tributación aos novos centros sanitarios que se crearan a partir do 1 de xaneiro de 2007, sempre que fosen da titularidade do SERGAS, (sempre que o SERGAS, resultare suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto).

Diante dun modelo de xestión no que o inmovible-edificio onde se desenvolve a actividade sanitaria é da titularidade dunha entidade mercantil privada, o Concello, lexítimamente, pode exercer a súa potestade exoneradora do IBI en sentido restritivo (non aprobando a exención) por entender que a titularidade da edificación condiciona o desenvolvemento da actividade sanitaria tanto para profesionais como para usuarios.

O Concello pode e debe exercer as facultades que o lexislador estatal lle confire nos seguintes termos: “A regulación dos restantes aspectos substantivos e formais desta exención estableceranse na ordenanza fiscal”. Así se pronuncia o Tribunal Supremo en sentenza do 29 de maio de 2008 en recurso de casación 6500/2002 respecto dunha bonificación potestativa na que os “restantes aspectos substantivos” limitaban a bonificación a determinados bens e suxeitos:

“Un concello pode ou non establecer esta bonificación (exención no noso caso) que é de carácter potestativo, deixando un amplo marxe aos concellos para formular as condicións substantivas e formais da bonificación (exención no noso caso)”

“A Lei de Facendas Locais ten permitido nesta materia un amplo marxe de manobra aos concellos á hora de regular todos os aspectos formais e materiais da bonificación (exención no noso caso). É a Lei de Facendas Locais a que, expresamente, delega na Ordenanza fiscal os aspectos formais e substantivos da bonificación (exención no noso caso)”

II) D. Antonio Fernández-Campa García-Bernardo asinando como xerente do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) presenta dous escritos con idéntico contido, un deles dentro do prazo regulamentario de 30 días actuando en representación de GALARIA empresa Pública de Servizos S.A. Non xustifica a condición pola que GALARIA S.A. actuaría na representación do SERGAS. En consecuencia non se

cumpre o requisito subxectivo, e dicir, a condición de “interesado” a que se refiren os artigos 17 e 18 do TRLRFL.

O segundo escrito que tamén asina como xerente do SERGAS, ten entrada no rexistro xeral con data 2 de novembro fora de prazo. Ademais desta causa de inadmisión por extemporaneidade, non se xustifica o apoderamento de quen asina para a interposición de recursos ou reclamacións no nome do SERGAS, que por exclusión debe entenderse competencia do seu presidente, o Conselleiro de Sanidade, que ostenta a representación legal de dito organismo.

Segundo o anterior ningún dos dous escritos poder ser “admitido” como reclamación ao acordo plenario de aprobación provisional da modificación de Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis para o exercicio 2019 (expte. 2489-500). Non obstante para maior claridade e mostra da solvencia do expediente/procedemento que nos ocupa procedemos a responder ás cuestións plantexadas nos escritos asinados por D. Antonio Fernanda-Campa García-Bernardo, en nome de GALARIA e do SERGAS (documentos Nº180173928 e Nº180175799).

1º. Que se produce incumprimento municipal do compromiso adquirido en virtude do Convenio Marco, asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas.

Un convenio da natureza do mencionado non pode determinar por sí mesmo a vontade política dunha corporación para a aprobación dunha norma fiscal cuxa tramitación está pormenorizadamente regulada no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Certo é que tal acordo-marco, en tanto que Protocolo Xeral, expresaba unha vontade política, pero para significar realmente unha obriga, debería terse desenvolvido en documentos susceptibles de xerar dita obriga.

Neste senso, o Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no seu artigo 2.d) define os Protocolos de Colaboración como instrumentos que conteñen acordos de vontades de carácter programático ou declarativo e sen eficacia obrigacional, cuxo cumprimento non é susceptible de ser esixido xuridicamente; o mesmo precepto no seu apartado a) define os Convenios Marco como instrumentos que conteñen acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que os subscriben e que de forma expresa esixen, para a súa efectividade, o seu desenvolvemento mediante a formalización de convenios específicos nos que se concretarán ditas obrigas.

No acordo da Xunta de Goberno Local de 15-02-2013 faise constar que o citado Convenio Marco carecía de informe da Área de Tributos. Pois ben, sendo certo que a Área de Tributos-Dirección de Ingresos non se pronunciou naquel Acordo Marco porque non foi consultada, cómpre facer constar que de ter sido realizada a consulta, o informe diría entón e diría hoxe: que non se poden fixar normas tributarias municipais sexan de gravame ou de exención fóra do procedemento

senalado no TRLRFL (artigos 15 a 19) xunto co Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedemento que segue a modificación fiscal obxecto da presente reclamación.

Dito noutros termos, aínda que o Pleno da Corporación se pronunciara respecto dunha bonificación ou exención nun convenio, a cláusula referida a esa cuestión tributaria resultaría nula por omisión do procedemento legalmente establecido, ao incumprirense os trámites típicos e taxados de aprobación de normas fiscais:

- Aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local.
- Ditame do Tribunal Económico Administrativo do Concello.
- Ditame da Comisión Informativa de Facenda
- Aprobación provisional polo Pleno do Concello.
- Exposición pública durante 30 días, para “reclamacións”.
- Aprobación definitiva polo Pleno do Concello.

Calquera cláusula cuxo contido tivese que reflexarse nunha ordenanza fiscal, en canto incluída nun convenio non tería nin ten máis entidade que unha mera declaración de intencións. Ata o punto de que a mesma corporación que aprobara un convenio marco coa cláusula tributaria do aprobado con data 07-03-2006 podería ter determinado, no expediente de aprobación dunha ordenanza fiscal, un contido diferente do previsto naquel convenio, prevalecendo unicamente este último por ser o único acordo tomado co procedemento establecido no TRLRFL.

Sirva a argumentación anterior para explicar por qué nos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais non se menciona ningún convenio nin no ano 2006 nin no ano 2018.

En calquera caso, mediante resolución conxunta ditada pola Conselleira de Sanidade e Presidenta do Servizo Galego de Saúde e o Conselleiro de Medio Ambiente do Territorio e Infraestruturas da Administración Autonómica o 16-04-2013 *“optan polo exercicio da súa facultade de declarar resolto o convenio asinado o 7 de marzo de 2006 pola Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a construción do Hospital de Vigo e a dotación das súas infraestruturas”*.

A introdución da exención aprobada en 2006 así como a modificación da mesma realizada no presente expediente nada teñen que ver, en termos estritamente xurídicos, con calquera tipo de Convenio ou Acordo entre partes, porque as obrigas fiscais teñen que regularse en normas fiscais cun procedemento taxado legalmente e non por un convenio ou acordo entre partes, sen prexuízo de que naqueles acordos ou convenios figuraran declaracións de vontade política e/ou institucional. Ata tal punto resultan independentes, que unha vontade política de contido fiscal expresada nun Convenio Marco obrigaría politicamente á Corporación que asinara o convenio pero esa mesma Corporación podería tomar, no procedemento e contexto dunha ordenanza fiscal, un acordo diferente ou contrario ao Convenio asinado. Sería reprobable politicamente pero, en termos estritamente xurídicos, só sería válido e produtor de efectos o contido fiscal aprobado no expediente de modificación da ordenanza fiscal, con suxeición a tramitación dos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da lei 7/85 LRBL.

2º. Considera nula a modificación da ordenanza por insuficiencia do informe de

repercusión orzamentaria.

Sendo a exención que se regula de carácter rogado, a minoración orzamentaria no exercicio 2019 dependerá de que o SERGAS a solicite e de que se cumpran os condicionantes establecidos isto é, se confirme que ten a condición legal de obrigado ao pagamento do imposto e que desenvolva atención primaria de saúde a cargo de persoal funcionario ou estatutario da Administración Pública en cada un dos bens inmobles obxecto da eventual exención. Trátase dunha exención mixta (subxectiva e obxectiva) que require a concorrencia de ambos elementos para resultar procedente.

Así, tomando como referencia os datos obrantes no derradeiro padrón de IBI aprobado no exercicio 2017, estímase unha minoración aproximada de 80.000€ para o orzamento de 2019 respecto do orzamento de 2018. Faise a minoración sobre datos que o SERGAS coñece sen que resulte de interese a publicación das características, titularidades e contías das cotas tributarias de cada un dos centros de saúde que eventualmente serían obxecto da futura exención. E isto porque, sendo o SERGAS o único interesado respecto da exención que se regula e tratándose de “datos protexidos” os que permiten calcular o importe da cota tributaria, estimouse prudente non publicar a relación dos centros de saúde no expediente que se sometería a exposición pública de todos os contribuíntes.

O importe da minoración orzamentaria podería variar en función de circunstancias que dependen exclusivamente da xestión patrimonial do SERGAS. Nalgún caso podería acollerse á exención variando determinadas circunstancias relativas ao dereito en virtude do cal ten adscritos determinados centros de saúde.

En todo caso, cos datos que figuran na Base de Datos Catastral a contía máxima da exención rondaría $\pm 80.000\text{€}$. Para este importe estimouse suficiente o contido do informe para cumprimento do artigo 129.7 da Lei PACAP.

Con motivo do escrito que estamos tratando, procede facer constar ademais que, para a elaboración do informe do impacto orzamentario estableceuse a presunción favorable para o SERGAS e desfavorable para orzamento municipal de que se estimarían as solicitudes de exención de todos os centros de saúde nos que o SERGAS figura como suxeito pasivo obrigado ao pagamento do imposto (requisito imprescindible para poder gozar de exención no imposto). Segundo os padróns remitidos pola Xerencia Territorial do Catastro ao Concello ano tras ano, hai seis centros de saúde nos que o SERGAS ten a condición de suxeito pasivo. Os importes devengados no último padrón aprobado no momento da redacción do presente expediente (2017) ascendían a un total de 78.993,74€, de aí que a minoración orzamentaria para 2019 se estimara en 80.000€ .

Nos restantes centros de saúde, por motivos alleos á relación xurídico-tributaria, -motivos de contido patrimonial/catastral-, o SERGAS non figura como suxeito pasivo polo que resulta inviable a súa declaración de exento tanto no texto da ordenanza fiscal como nos actos administrativos concretos de liquidación. Como manifesta no seu escrito, hai outros seis centros de saúde nos que a condición de suxeito pasivo do imposto recae, sen translación posible no ámbito tributario, na

Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS). Hai, tamén, un centro de saúde no que é suxeito pasivo a Xunta de Galicia e por último, un no que o suxeito pasivo é o propio Concello de Vigo.

Así pois, nin a ordenanza fiscal podería eximir do imposto a persoas diferentes de quen ostenta a condición de suxeito pasivo da obriga principal de pago, nin o informe orzamentario é incorrecto senón prudente ata o punto de estimar a minoración orzamentaria na contía máxima da exención, segundo os datos actuais obrantes no padrón de IBI. Compre lembrar que esta exención ten carácter mixto (subxectivo e obxectivo) e que o Concello determina, en base á potestade que lle outorga o artigo 62.3 do TRLRFL, que o requisito subxectivo consistirá en que o suxeito pasivo sexa o SERGAS. Polo contrario, debe deducirse que se o suxeito pasivo non é o SERGAS, non se poderá estimar o beneficio fiscal.

No texto da exención aprobado polo Concello Pleno no exercicio 2006, o requisito subxectivo era o mesmo: “titularidade do SERGAS”. Dada a controversia suscitada polo concepto dual da titularidade catastral (dominio e concesión), no acordo plenario de 5 de setembro de 2018 afinase máis e o texto modificado da ordenanza determina que o SERGAS, para poder gozar da exención, deberá figurar como suxeito pasivo do imposto.

O orzamento do Concello de 2019 non resultará minorado nin aumentado respecto ao de 2018 por causa da tributación no IBI da Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo. No exercicio 2019 igual que no 2018 figurarán “dereitos recoñecidos” por importe aproximado de 950.000€/ano dado que a Sociedade Concesionaria do Novo Hospital de Vigo consta como suxeito pasivo do imposto. A modificación obxecto deste expediente non altera esta cantidade para o exercicio 2019 respecto dos “dereitos recoñecidos” no Padrón fiscal de 2018, polo que non haberá impacto orzamentario nin favorable nin desfavorable. Mesmo un pronunciamento desfavorable nos Tribunais aínda non sería firme e, no peor dos casos, se o fose, tampouco implicaría alteración nas previsións orzamentarias do exercicio 2109 realizadas con extrema prudencia a partir das estimacións de liquidación do exercicio 2018.

3º Que se incumpre o artigo 133 da LPACAP.

Alega unha suposta vulneración do artigo 133 da LPACAP por canto indica que *“no ha sido realizado el trámite de consulta pública”*.

Segundo o informe da Dirección Xeral de Tributos de 2 de xaneiro de 2018 cursado a todos os Concellos, a través de diferentes canles, non resulta necesaria a consulta previa no caso dunha modificación de ordenanza fiscal resultando de aplicación o parágrafo segundo do apartado 4 do artigo 133 da LPACAP.

“Cando a proposta normativa non teña impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública regulada no apartado

primeiro...".

A máis do anterior, remitímonos ao informe do TEACV de data 20 de xuño de 2017 que chega a unha conclusión aínda máis radical: no caso de ordenanzas fiscais non é de aplicación o trámite de consulta previa por teren as ordenanzas fiscais unha regulamentación específica consistente nos artigos 15 a 19 do TRLRFL e Título X da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, en cuxa tramitación se inclúe exposición pública durante 30 días para reclamacións.

En calquera caso, os suxeitos pasivos posibles afectados pola modificación da exención potestativa do artigo 62.3 do TRLRFL son dous e ámbolos dous teñen exercido o seu dereito á discrepancia mediante escritos de reclamación. Cabe deixar constancia que podería ser contrario ao interese xeral complicar e encarecer a tramitación dun expediente e, en todo caso, seguro que resulta contrario ao principio de eficiencia económica engadir un trámite máis de non ser estritamente necesario dende un punto de vista legal.

III) D. Xabier Pérez Iglesias como responsable de Acción Social do BNG en Vigo presenta escrito con data 28 de outubro de 2018 e Addenda rectificativa con data 29 de outubro de 2018 nos que plantexa modificar o acordo plenario de aprobación provisional da ordenanza fiscal do IBI co establecemento dun recargo do 50% na cota de IBI para vivendas desocupadas durante máis de 24 meses, a inclusión de determinados edificios da Igrexa Católica como suxeitos e non exentos e o establecemento dunha bonificación do 95% para a Universidade de Vigo e entidades sen ánimo de lucro inscritas no rexistro municipal de asociacións

No relativo aos bens de titularidade da Igrexa Católica, o concello aplica as normas con rango de lei que lles afectan. Non cabe regular nunha disposición con rango de ordenanza fiscal ningunha fórmula de suxeición que vulneraría o principio de reserva de lei en materia tributaria.

En relación á aplicación concreta do recargo para vivendas desocupadas debe estarse a un futuro regulamento que determine cando e en que situacións pode considerarse "vivenda desocupada". A previsión deste recargo xa figura no artigo 8 apartado 6 da ordenanza fiscal do IBI vixente.

Respecto das restantes suxestións, constitúen medidas de oportunidade que exceden o contido do presente informe.

Segundo o anterior o escrito non pode ter a consideración de "reclamación" nos termos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa "inadmisión".

IV) D. Fernando Moreiras Corral, como presidente da Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello presenta con data 17 de outubro de 2018 escrito en relación ao acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal do IBI de data 5 de setembro de 2018 solicitando a incorporación de bonificación do 50% para negocios de artesanía que se desenvolvan no Casco Vello de Vigo así como a

aplicación dun recargo do 50% nos inmobles de uso residencial sitos no Casco Vello e que estean valeiros.

En relación á aplicación concreta do recargo para vivendas desocupadas debe estarse a un futuro regulamento que determine cando e en que situacións pode considerarse “vivenda desocupada”. A previsión deste recargo xa figura no artigo 8 apartado 6 da ordenanza fiscal do IBI vixente.

Respecto da bonificación solicitada, constitúe unha medida de oportunidade que excede o contido do presente informe.

Segundo o anterior o escrito non pode ter a consideración de “reclamación” nos termos dos artigos 17 e 18 do TRLRFL, polo que debe declararse a súa “inadmisión”.

Á vista do exposto anteriormente sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Desestimar a reclamación presentada pola Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A. en documento 180172656 e Inadmitir como reclamacións, os escritos presentados por “GALARIA empresa pública de servicios sanitarios S.A.” en documento 180173928, Servizo Galego de Saúde (SERGAS) en documento 180175799, Bloque Nacionalista Galego (BNG) en documentos 180173021 e 180173859 e Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello en documento 180167187 polos argumentos expostos no precedente informe así como os que constan en informe previo de legalidade do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 6.11.18 e, en consecuencia, formular proposta ao Excmo. Concello Pleno de Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal do IBI para 2019 nos mesmos términos que o acordo de aprobación provisional de data 5 de setembro de 2018.”

Con data 15 de novembro de 2018, a Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 21.22.2018, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Neste caso para facer a aprobación definitiva da modificación da Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, o principal imposto municipal que como saben xa trouxemos noutro Pleno neste Concello de Vigo

deste ano, porque nese Pleno fixemos unha conxelación de tipos para o ano 2019 que nos vai permitir ter o IBI máis baixo das cidades de Galicia como agora veremos pero tamén manter os beneficios fiscais que teñen as familias neste imposto sobre Bens Inmóveis. Nesta modificación que levábamos a Pleno facíamos unha modificación da exención para declarar exentos aos centros de atención primaria á saúde, os centros que fan a atención da saúde ás persoas que residen en Vigo, e facer un gravame dos hospitais que existen nesta cidade. Nese período de alegacións só se presentaron catro alegacións, unha por parte dun partido que non ten representación neste Concello, unha asociación veciñal e dúas sociedades anónimas que fixeron alegacións a esa ordenanza fiscal, hai que dicir que como di a Constitución, todos contribuiremos ao sostemento dos gastos públicos, polo tanto, tamén a sociedades anónimas e por outra banda tamén hai que ter en conta que o dereito europeo nos prohíbe axudar ás empresas, porque sería unha axuda de estado incompatible co tratado da Unión Europea, polo tanto, o que facemos é defender a legalidade, defender a contribución de todo o sostemento dos gastos públicos e tamén defender que as empresas que teñen de acordo co seu balance e estou a falar dunha sociedade que ten un inmovible na rúa Clara Campoamor que ten uns beneficios de 3,5 millóns de euros, de acordo coas contas depositadas no Rexistro Mercantil non ano 2017, 3,5 millóns de euros de beneficio, contribúa tamén ao sostemento dos gastos públicos. Eu non sei como a algúns lles da risa porque cando vemos noticias de prensa como que o hospital, a sociedade concesionaria dun edificio que ten un uso tamén nalgún sentido hospitalario recibe uns ingresos de 900 euros ao día por un servizo de cafetería ou máis de 4.000 diarios tamén polo aparcadoiro non sei como poden defender esa sociedade concesionaria. Pero miren, dicía fai un intre que tiñamos os impostos máis baixos de toda Galicia, e aquí llo amoso porque tendo os datos é bo desmentir algunhas das mentiras singularmente do Partido Popular, porque o Partido Popular seguindo ao seu líder o Sr. Casado non fai máis que mentir ou dicir medias verdades ou ben tratar de enganar á cidadanía, mire, o prezo, o importe que pagamos do IBI en Vigo por metro cadrado é o máis baixo das cidades de Galicia, mentres que en A Coruña se paga 5,6 euros metro cadrado en Vigo pagamos 2,6 euros, mentres que en Santiago de Compostela 5,6 euros en Vigo 2,6 euros, mentres que en A Coruña se paga 4,27 euros metro cadrado en Vigo pagamos 2,6 euros, mentres que en

Ourense se paga 3,5 euros metro cadrado en Vigo pagamos 2,6 euros, polo tanto, os datos son tozudos e son reais Sra. Muñoz, non minta máis, porque os vigueses están cansos das mentiras do Partido Popular, están cansos das súas mentiras, das súas terxiversacións, das súa ocultación da verdade, de que non apoia a esta cidade, de que diga mentiras pero mire, mentiras que tamén son no uso comercial, os locais comerciais, mentres que en A Coruña o importe do IBI por metro cadrado nun local comercial supera os 6 euros metro cadrado en Vigo 3,5 euros metro cadrado, mentres que en Santiago de Compostela 4,4 euros metro cadrado en Vigo 3,5 euros metros cadrados, polo tanto, os datos reais contrastables, fiables, incluso públicos oficiais desmontan a súas mentiras, nesta modificación da ordenanza do IBI facemos que a sanidade e os centros de atención primaria á saúde, os que fan atención as persoas de Vigo, estean exentos do imposto, seguimos esperando que vostedes demanden e apoiem ese centro de saúde para a vila de Bouzas, nos os vemos tan reivindicativos reclamando ese centro de saúde para a vila de Bouzas que estará exento do IBI, pero os vemos moi activos defendendo unha sociedade que ten máis de 3,5 millóns de euros de beneficio e que recibe de tódolos galegos Sra. Muñoz, porque vostede o facilitou máis de 70 millóns de euros ao ano durante os próximos 20 anos, máis de 70 millóns ao ano durante os próximos 20 anos.

SR. PÉREZ CORREA: Nós nesta cuestión temos obviamente unha división, nós estamos de acordo na modificación que permita, ademais creo que apoiamos a este goberno local se quere emprender incluso medidas legais para intentar que o Álvaro Cunqueiro pague IBI, entre outras cousas porque efectivamente quen fai a reclamación é Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo SA, é unha SA porque é case 1 millón de euros que non é pouco e porque ademais consideramos que non é un edificio titularidade do SERGAS, e polo tanto se hai que modificar a ordenanza para que quede claro que centros hospitalarios que a través dunha fórmula de financiamento pública-privada durante polo menos o tempo de amortización que agora non sei si son 50 anos ou 25 anos pero os períodos de amortización que sexan vai ser titularidade dunha sociedade anónima que o mete nos seu patrimonio que figura ademais, mentres a administración non liquide toda esa débeda contraída no proceso de construción, figura como parte do activo dunha SA ten que pagar IBI, polo tanto, efectivamente é unha sentenza xudicial

que aquí se acompaña que di que hai un convenio e que coas cuestión que teñen que ver con ese convenio que para nós cando menos é discutible e ademais o convenio tivo modificacións a posteriori da sinatura nós imos defender que se sega polo camiño de reclamar ese IBI, este grupo municipal o pediu nada máis chegar no ano 2015 o puxemos ademais como unha necesidade exploratoria, é dicir, que non sabíamos se este concello comezara as xestións para buscar ese pago de IBI e finalmente un tempo despois se levou a cabo, polo tanto, nesa cuestión estamos radicalmente a favor e queremos incluso se que abran as vías legais para presentar os recursos necesarios desta sentenza e que o Alvaro Cunqueiro que é un negocio prominente que se fai coa saúde pública desta cidade, pois polo menos achegue eses 900.000 euros que figuran na posibilidade de ingresar IBI pero por outra banda aquí hai achegas de partidos políticos que efectivamente por unha lei electoral inxusta non están aquí como o Bloque Nacionalista Galego como colectivos como as asociacións de veciños que estaban presentado unha serie de emendas á ordenanza fiscal reguladora de Bens Inmóveis que ían ademais no horizonte das que este grupo municipal presentou no tempo en que os grupos municipais podemos facelo, que vostedes rexeitaron en Pleno e cuestións ademais que poñen enriba da mesa determinados debates que hai que abrir e ademais determinadas informacións que se dan que son mentiras, non temos o IBI máis baixo de Galicia, o que temos é unha realidade dos valores catastrais que é outra cuestión e como se eu agora digo que Vigo é unha cidade co IBI máis alto porque collo como referencia a rúa do Príncipe e os valores catastrais, o que é rigorosamente certo é que nos últimos anos vostedes o que fixeron foi subir o tipo de gravame, do 0,6 que había no 2013 por poñer un dato, ao 0,9 e pico que está preto do 1,1% que é o tope legal e que afortunadamente se os valores catastrais das vivendas, obviamente non tomemos o IBI como referencia aos locais comerciais porque o que lle preocupa á xente é o IBI das súas casas, se houbera un alza dos valores catastrais que sabemos que non, estaríamos noutra contorna, se nós tiveramos os valores catastrais de A Coruña ou de Santiago de Compostela seguramente a xente estaría pagando unha barbaridade e uns incrementos cada vez maiores porque o tipo que é no que vostedes poden moverse porque obviamente poderíamos abrir o debate da revisión catastral nesta cidade, un debate que nunca ninguén quere abrir pero ao mellor hai que dicirlle á xente que

as súas vivendas teñen que perder valor catastral porque significa tamén que pagarían menos IBI, pero ademais están nunha cidade que atesoura gran parte da pobreza que hai en Galicia, das 10.000 solicitudes de RISGA, 7.000 e pico son na cidade de Vigo e polo tanto, é case normal que a fiscalidade progresiva, na que vostedes digo eu que terán algo que facer, tamén opere para que a cidade con salarios cada vez máis precarios e ademais polos datos da negociación colectiva é a cidade con maiores bolsas de pobreza os impostos non sexan os máis altos de Galicia, só fallaría. Entón, polo tanto, nós estando a favor na Comisión de Facenda e votando a favor desa modificación que permita cobrarlle o IBI ao Álvaro Cunqueiro nós tamén dicíamos o IBI non e os edificios relixiosos que non estean dentro do que é o concordato e o acordo co Vaticano, temos aquí un motón de propiedades inmobiliarias da igrexa que non pagan IBI e que deberían pagar porque non son edificios de culto e polo tanto hai moitos concellos que o están a facer.

Polo tanto, imos a absternos porque consideramos que unha cuestión si que é acertada pero rexeitar estas emendas dende logo como xa fixeron con as nosas é perder unha oportunidade de facer unha fiscalidade progresiva e polo tanto, progresista nesta cidade, repensen a cuestión do IBI, volvan aos tipos que o están facendo en moitos concellos antes da crise.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que esta modificación da ordenanza do IBI é unha pena que vostedes non fagan modificacións de ordenanzas para baixarlle os impostos aos vigueses, vostedes fan modificacións de ordenanzas para seguir os seus propios fins políticos e a única finalidade que ten esta modificación da ordenanza do IBI é obrigar a pagar ao hospital público Álvaro Cunqueiro porque claro vostedes xa o intentaron coa ordenanza vixente, e xa sabían que os tribunais de xustiza lles ían dicir que non porque evidentemente era ilegal cobrar a un hospital público tal e como estaba a ordenanza establecida e entón como tódolos xogadores, eses típicos marrulleros que intentan gañar a toda costa e que ven que as normas non lles serven para gañar e queren cambiar as normas, pois é o que vostedes están a facer, cambiando unha ordenanza para eludir a aplicación dunha sentenza xudicial que acaban vostedes de recibir, e mire sobre o carácter público do hospital Álvaro Cunqueiro non llo vou a dicir eu esta vez, vou deixar que fale o

xuíz na súa sentenza e vou ler exactamente o que di o xuíz, “a titularidade pública do hospital pode afirmarse dende tódalas perspectivas en que se analice a posición do SERGAS respecto ao mesmo”, dende tódalas perspectivas a titularidade pública, estamos a falar dun hospital público e llo di un xuíz Sr. Alcalde e señores do goberno municipal, pero ademais sabe que nos di que é moito máis importante quen di, dino os vigueses/as e os veciños da área metropolitana, que están encantados co hospital público Álvaro Cunqueiro, que están felices coa atención que reciben no hospital público Álvaro Cunqueiro, cos medios de que dispón e que temos un hospital punteiro e se están quedando vostedes sós loitando en contra do hospital Álvaro Cunqueiro e con esta modificación o único que van a conseguir é quitarlles aos vigueses/as 1 millón de euros que se poderían destinar á sanidade pública viguesa e pola súa culpa non se van poder destinar á sanidade pública vigueses, iso é o que van vostedes a conseguir con esta ordenanza, roubar 1 millón de euros da sanidade pública de tódolos vigueses única e exclusivamente polo seu empecinamento político persoal, pola súa guerra política persoal porque seguen utilizando a sanidade pública para facer política que é o peor e aquí moi ben acompañados con seus compañeiros de Marea de Vigo. Pois ben, esta é a realidade é unha pena que non aproveitaran a oportunidade para eximir á Universidade de Vigo de pagar o IBI, algo que vimos reivindicando a universidade durante moito tempo e Sr. Aneiros vostedes debería ser o principal tamén interesado en cumprir coa Universidade de Vigo, pero mire, a verdade é que tamén vou aproveitar igual que vostede para desmontar este xogo de trileiros respecto ao importe e o tipo do IBI que pagamos nesta cidade, mire, en Vigo se paga o tipo do IBI máis alto das 20 principais cidade de España, o tipo de IBI, o que fai vostede cos importes é un xogo de trileiros porque utiliza como dixo o señor de Marea de Vigo o valor catastral e o valor catastral menos mal que non depende de vostedes porque senón tamén estaría polas nubes para seguir cobrando cada día máis, porque mire vuelle poñer só un exemplo porque non se lembra vostede que este mesmo mes recibimos e tivemos que pagar tódolos vigueses este recibo, o recibo do IBI que chegou as casas de tódolos vigueses, que é un clamor, escoite aos vigueses, é un auténtico clamor contra os impostos que pagan, mire, un recibo do IBI dun vigués, un exemplo 47.000 euros de valor catastral, escoite xa verá como se da conta da inxustiza que estamos sometidos os vigueses, 47.000 euros

de valor catastral, sabe canto paga en Vigo, 377 euros, este mesmo recibo o recibe un veciño de A Coruña e pagaría 251 euros, en Santiago de Compostela 213 euros e en Ourense pagaría 205 euros, é dicir, 172 euros menos que en Vigo, en Ourense 205 euros, en Vigo 377 euros, polo mesmo valor catastral, polo mesmo valor do piso que teña e así con todos e cada un dos vigueses, con todos e cada un, esa é realidade nesta cidade pero segan así por ese camiño porque o clamor é cada día maior contra a súa política impositiva, son implacables cobrando impostos, subindo impostos e nos din que nolo van a conxelar, non, imos seguir recadando máis que nunca en IBI como facemos ano tras ano porque se subiu a presión fiscal un 23% dende que votedes están no goberno, solo sabe vostede cobrar impostos.

SR. ANEIROS PEREIRA: Dicía fai un intre que son dignos seguidores do Sr. Casado, incluso do Sr. Aznar e case me atrevería a dicir do Sr. Trump porque vostedes non só practican o trampismo dito en inglés, senón tamén o trampismo dito en castelán ou en galego porque miren para facer os estudos hai que ter os datos e cando un colle 5 rúas e 5 edificios significativos en cada unha das cidades de Galicia e ten os datos catastrais, os datos do ano, os datos da ponencia de valores, os datos da base imponible no imposto, os datos do tipo de gravame na cidade, ten polo tanto o resultado do que lle sae a pagar en Ferrol, en A Coruña, en Santiago de Compostela, en Pontevedra, en Ourense e en Vigo e ten os datos pode saír solventemente a este Pleno cos gráficos que lle mostrei, porque non é verdade o que vostede di que en A Coruña se pague moito menos, non Sra. Muñoz, é que en A Coruña se paga moito máis, en Santiago de Compostela se paga moito máis, en Ourense se paga moito máis porque tamén llo lembro non só datos da base imponible do IBI, do tipo de gravame do IBI senón que son datos oficiais da presión fiscal nas cidades de Galicia, volvo a dicir os datos oficiais de presión fiscal na cidade de Galicia, Ourense, Santiago de Compostela, A Coruña, Pontevedra, todas por diante da presión fiscal en Vigo, polo tanto, é certo o que vostede di Sra. Muñoz e vostede non ten escusa en mentir, en seguir para adiante porque o que a vostede lle interesa é falar que algo quedará, algo me gravarán os do meu grupo, que a min a xente me verá pero o que non a pode ver é o resto da cidade, a maioría da xente desta cidade, pero mire, para falar de marrullerismo o do Sr. Feijóo paralizando a Área Metropolitana, paralizando o transporte en Vigo, non

dando satisfacción á auga en Vigo, metendo na lei de medidas fiscais do orzamento da Xunta de Galicia a obriga de cofinanciar servizos que son de titularidade autonómica, obriga a cofinanciar servizos de cotitulariedade autonómica, o benestar, os centros de atención, etc, e tampouco inviste nesta cidade, pero mire o que vostedes queren dígano claro, é engordar o beneficio dunha sociedade privada, queren que esa sociedade privada en lugar do 3,5 millóns de euros de beneficio teñan 4,8 millóns de beneficio porque mire o que vostedes fixeron Sra. Muñoz, neste contrato que vostede supostamente fiscalizou permitiu que esa sociedade reciba de tódolos galegos e polo tanto tamén dos vigueses máis de 70 millóns de euros ao ano e ademais que este contrato teña unha cara B que moi poucos coñecemos que pon que os servizos complementarios do resto de área sanitaria de Vigo tamén o recibe esa sociedade privada da que vostedes queren engordar o beneficio, polo tanto todos temos que pagar o IBI, as persoas, as empresas, todos.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO: Desestimar a reclamación presentada pola Sociedade Concesionaria Novo Hospital de Vigo S.A. en documento 180172656 e Inadmitir como reclamacións, os escritos presentados por "GALARIA empresa pública de servicios sanitarios S.A." en documento 180173928, Servizo Galego de Saúde (SERGAS) en documento 180175799, Bloque Nacionalista Galego (BNG) en documentos

180173021 e 180173859 e Asociación Veciñal e Cultural Casco Vello en documento 180167187 polos argumentos expostos no precedente informe así como os que constan en informe previo de legalidade do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 6.11.18.

SEGUNDO: Aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles, para o exercicio 2019, nos mesmos términos que o acordo de aprobación provisional de data 5 de setembro de 2018.

6(211).- APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO ANUAL 2019. EXPTE. 1580/110 (REXISTRO PLENO 1902/1101)

ANTECEDENTES.- Con data 22 de outubro de 2018, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe,

"Asunto. Proxecto de Plan Normativo anual 2019. (Expediente 1580/110)

Lexislación aplicable.

LPAC. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

LBRL. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Antecedentes e proposta de acordo.

Ao obxecto de acadar unha maior predecibilidade, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte; o Plan publicarase no Portal da Transparencia.

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as "Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa".

As Directrices advertían que con anterioridade o 15 de outubro remitiríanse á Secretaría xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados

de Área e á totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 13.09.2018 e publicadas na intranet o 6.09.2017.

Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas teñen sido as seguintes:

I. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos.

Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Obxectivo da norma: Desenvolvemento da Lei 3/2007, de 9 abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia no ámbito das competencias municipais.

Necesidade de avaliación: non

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 3ª cuatrimestre do 2019.

II. Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en colaboración coa Área de Fomento, Limpeza e Contratación.

Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.

Obxectivo da norma: Desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre vertidos non domésticos de augas residuais é rede municipal de sumidoiros procedentes das actividades.

Necesidade de avaliación: non

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 3ª cuatrimestre do 2019.

III. Área Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Distritos..

Ordenanza Municipal reguladora de comercio.

Obxectivo da norma: Regular a venda ambulante e a actividade dos mercados municipais.

Necesidade de avaliación: si.

Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: setembro do 2019.

Conforme ás propostas formuladas propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2019 no que se inclúen as seguintes normas:

Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.

Ordenanza Municipal reguladora de comercio.

SEGUNDO. Elevar ao Pleno o acordo adoptado."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 25.10.2018, aproba o proxecto de Plan Normativo Anual 2019.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade e Mobilidade, na súa sesión ordinaria do 21 de novembro, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Simplemente unha aclaración, entendemos que o Plan Normativo non deixa de ser un regulamento un pouco burocrático emanado pola Lei que obriga a poñer con certa antelación cales van ser as novas ordenanzas ou as ordenanzas que se queren propoñer, nós o que queríamos saber era se aquí tamén se vai contemplar modificacións importantes da ordenanza, non modificación das ordenanzas fiscais senón cuestións relacionadas coas modificación das ordenanzas de terrazas ou propostas de novas ordenanzas que nós non seu día tamén faláramos da posibilidade de crear algunha ordenanza nova como teñen feito algúns concellos para paliar a nova lei de espectáculos de Galicia que prohíbe practicamente as actuacións en vivo en locais, que está sendo un problema ademais nesta cidade, se aquí vaise contemplar o isto vai ser simplemente esas tres ordenanzas as que se van a afrontar ao longo do 2019, que se nos clarexe se vai haber algunha modificación ou hai posibilidade de incorporar a posteriori esas ordenanzas.

SR. GAGO BUGARÍN: En primeiro lugar, aproveitando que hai un regulamento que fai referencia ao funcionamento e á ordenación do Consello Escolar Municipal,

quero dicirlle Sra. Alonso que esa nena de tres anos da que vostede facía referencia no principio da sesión plenaria, tería moita máis sorte de nacer e estudar en Galicia que se o fixera por exemplo en Andalucía, porque como vostede sabe o nivel académico, competencial desa nena cando remate a educación secundaria obrigatoria ou incluso a educación superior en Galicia será moito maior que a terá esa nena se nacesse en Andalucía.

PRESIDENCIA: Señor concelleiro estamos no punto 6 aprobación do Plan Normativo Anual 2019, se vostede abre un debate, eu terei que parar a súa intervención.

SR. GAGO BUGARÍN: Continúo pois, quería clarexar ese punto que creo que era importante.

En relación á aprobación do Plan Normativo do ano 2019 nós seguimos exactamente na mesma posición que levamos denunciando no derradeiros catro anos é que hai unha absoluta obsolescencia fragrante de ordenanzas, algunhas decimonónicas que non consensuadas e que se foron nalgunha delas consensuada dende logo non se fixo ningún caso e non se introduciu ningún acordo levado a cabo ou presentación por parte dos grupos políticos ou por parte dos afectados ou usuarios das normativas, por exemplo promesas incumplidas como a ordenanza de aparcadoiro regulado, unha auténtica chapuza igual que o contrato e nós queremos aproveitar esta oportunidade para darlles unha forte aperta aos traballadores da Zona Azul que seguen e continúan en folga, xa non en folga de fame pero que ven como a incapacidade de xestión deste goberno local impide que poidamos ter unha ordenanza cun contrato claro e definido que permita regular o aparcadoiro da nosa cidade, por exemplo a ordenanza de terrazas de mesas e cadeiras na vía pública, escribíronse rios e rios de tinta en relación ao estilo, aos espazos, a cando se ía aprobar esa ordenanza que regulase as terrazas da nosa cidade e o certo que a día de hoxe continuamos sen ela, ou por exemplo a ordenanza cando se aproba algunha ou se modifica algunha como a ordenanza de tenencia e protección de animais se presentaron decenas e decenas de propostas por parte dos grupos políticos, por parte dos veterinarios, por parte dos profesionais, por parte dos usuarios e ao final despois de meses de debate o único que fixo este goberno local é introducir a modificación de tres únicos artigos dunha

ordenanza que é do ano 2000, en definitiva, onde está por exemplo a ordenanza de subvencións? O interventor sabe ben da necesidade que temos de aprobar unha ordenanza de subvencións, é evidente que non interesa porque algún concelleiro do goberno incluído o Alcalde daríalle un síncope se tería que comezar a regular por ordenanza as subvencións que conceden altruistamente, pero a realidade é que o Concello de Vigo a primeira cidade de Galicia precisa dunha ordenanza de subvencións, e se nos imos as ordenanzas que vostedes propoñen de modificación para o ano 2019, pois temos que dicir que en relación á ordenanza de comercio, pois é unha ordenanza do 1995, é dicir cano o Sr. Manolo Pérez asumiu a Alcaldía alá no ano 95, que é absolutamente obsoleta, é dicir, levan vostedes 12 anos no goberno practicamente e non foron quen de modificar unha ordenanza tan importante como a ordenanza de comercio que ademais fala en pesetas, a ordenanza de vertidos que vostedes propoñen pois recollen normas medio ambientais dos anos 90, anda que non evolucionamos no noso país dentro da Unión Europea durante todos estes anos e vostedes seguen cunha regulación normativa medio ambiental dos anos 90, cando saben que as multas da Unión Europea nesta materia cóntase por millóns de euros ou por último a ordenanza de incendios forestais onde vostedes demostran que despois de escribir días e días, semanas despois da maior catástrofe medio ambiental que tivo a nosa cidade polo menos na democracia, vostedes prometeron unha ordenanza que un ano máis tarde aínda está sen regular, sen aprobar e sen decidir e a nós nos gustaría saber cal é a dirección que o goberno local ten pensado recoller nesta dirección, pero despois podemos falar xa para rematar doutras normativas que vostedes si aprobaron e a todo correr e que nos chamaron a atención, por exemplo a normativa mordaza dos Plenos, como vostedes endureceron en vez de aperturar no século XXI, no ano 2017, aperturar o 2018 a posibilidade que os cidadáns poidan manifestarse publicamente as súas discrepancias, vostedes o que fixeron é todo o contrario, é endurecer a posibilidade de expresión no Pleno e por último que estamos no ano 2018 o presidente da FEMP impide a tódolos vigueses/as poder observar “in streaming” os Plenos da cidade de Vigo algo que non acontecía en ningunha outra cidade.

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Eu creo que o primeiro que hai que comezar é que non sei,

eu creo que vostedes non teñen claro o que é a ordenanza ao proxecto de Plan Normativo que se aproba o que di este proxecto que é primeiro, non é un Plan inmutable, se durante o ano 2019 xurdisen novas áreas ou normas que houbera que modificar, se modificaría, no que se refire vostede das subvencións, quero lembrarlle porque creo que ten un descoñecemento importante da lei, quero recordarlle que as subvencións ás ordenanzas xa se están tramitando por certo, con total garantía e legalidade porque as bases de execución do Orzamento permiten que se cumpra a Lei de subvención, con total garantía e transparencia, lle lembro que este Concello co seu Alcalde á cabeza e o seu goberno ten case un 100%, é o máximo transparente no tema de transparencia de Galicia, de tódolos concellos de Galicia, gobernados por Marea, polo Partido Popular, no ranking das primeiras posicións deste país, e para falar de indignidades eu creo que Sr. Gago hai que lembrarlle a vostede que cando houbo un tema grave nesta cidade como foron os incendios, vostede foi o principal propagador dos bulos, o principal e único propagador dos bulos que alarmaron á poboación, foi vostede o que fixo esa propaganda, por certo, si ten que ver porque unha das normas que aprobamos é a dos incendios, e lle quero lembrar que o Sr. Gago foi o propagador dos bulos para crear alarma e tremendismo social, non se equivoque vostede, indignidade é que vostedes estea sentado de concelleiro aí e non dimita.

PRESIDENCIA: Sr.Gago, se volve a conectar o micro sen autorización do Presidente do Pleno lle ordeno que abandone esta sala.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: É unha das normas, das propostas normativas que se leva para o ano 2019 dentro da área de medio ambiente en colaboración coa área de Parques e Xardíns, ordenanza municipal de prevención e defensa contra os incendios, a ordenanza reguladora de vertidos non domésticos de augas residuais e a ordenanza municipal reguladora de comercios, simplemente recordarlle Sr. Gago que facemos esta ordenanza dos incendios porque a Xunta de Galicia o que pretendía era recadar en non dar o servizo, iso é o que facía a Xunta de Galicia.

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista,

señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobación do Plan Normativo Anual correspondente ao ano 2019 no que se inclúen as seguintes normas:

Ordenanza municipal de prevención e defensa contra incendios forestais.

Ordenanza municipal reguladora dos vertidos non domésticos de augas residuais.

Ordenanza Municipal reguladora de comercio.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

7(212).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A QUE INSTE Á XUNTA DIRECTIVA DA AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS/AS DE PROTECCIÓN CIVIL DE VIGO A CONVOCAR A ASEMBLEA XERAL PARA REALIZAR A MOCIÓN DE CONFIANZA PREVISTA NO ARTIGO 13.A) DO REGULAMENTO AVPC. REXISTRO PLENO 1922/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1922/1101, o voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O acontecido no pasado mes de agosto co accidente de O Marisquiño, onde, á marxe da excelente resposta por parte das forzas de seguridade e mesmo por parte da Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil de Vigo, pon de relevo a necesidade de coordinar estes servizos dun xeito óptimo, cara a prever e paliar, na medida das posibilidades, os posibles accidentes ou catástrofes que poidamos sufrir na nosa cidade no futuro.

Tal e como vén de recoñecer o Director Xeral de emerxencias de Galicia na Comisión de Investigación do accidente de O Marisquiño, o Concello de Vigo segue sen actualizar o seu Plan de Emerxencias e segue sen considerar ao servizo de Protección Civil como elemento substancial do mesmo, carecendo de sentido o seu papel no propio Plan se non muda a actitude, por parte do Goberno local, de non prestarlle atención nin outorgarlle a importancia e relevancia que este precisa.

O propio Regulamento da Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil (AVPC) marca, dentro da súa finalidade, dispoñer da estrutura organizativa convinte en consonancia coa tipoloxía de riscos definidos no Plan de Emerxencias Municipal, e mesmo é responsabilidade do Concello a autorización de todas as actuacións que o AVPC leve a cabo. Polo tanto, e ao albor do propio Regulamento, que tamén indica que a Agrupación depende directamente do Alcalde ou no seu defecto en quen el delegue, é unha obviedade o afirmar que é o propio Concello, e en concreto, o Goberno local, quen debe garantir unha correcta organización da Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil.

A situación na que se atopa a Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil (AVPC) e as moitas queixas por parte de parte dos seus membros é xa coñecida nesta corporación municipal, tanto a través do propio persoal voluntario da AVPC, que se ten dirixido en varias ocasións ao Goberno local, como a través deste Grupo municipal, o cal ten formulado en máis dunha ocasión preguntas no Pleno do Concello a este respecto.

Esta circunstancia viu motivada no seu día pola situación xerada a raíz da dimisión da persoa que ocupaba o posto de Tesoureiro da Agrupación. Nese momento, moitas das persoas voluntarias entendían que era necesaria unha nova convocatoria de eleccións á Xunta directiva, e así se trasladou por parte do Grupo municipal da Marea de Vigo neste Pleno. A resposta obtida por parte do Goberno local foi unha interpretación do Regulamento na que non consideraban que había que facer nada, e pasados xa case tres anos, a situación non mudou, permanecendo aínda sen tesoureiro/a e sucedéndose, paulatinamente, unha serie de abandonos e expulsións de voluntarios/as da AVPC que consideramos é

necesario xa nesta altura tomar en serio desde esta Corporación Municipal, sendo o Concello o máximo responsable do bo funcionamento deste servizo.

Se ben non están establecidas de xeito explícito no Regulamento as accións a levar a cabo no caso de dimisión dun dos tres membros da Xunta directiva, si semella emanar do mesmo a indivisibilidade da mesma, tal e como reflicten os artigos que tratan sobre o proceso de elección da directiva, e dicir, a dimisión dun dos membros debería provocar un novo proceso electoral cara a cubrir a Xunta directiva de xeito completo ao terse presentado en conxunto e só dese modo. O que si está establecido de xeito específico son as labores da presidencia, entre as cales figura a Moción de Confianza (art. 13.A), articulada a través da celebración dunha asemblea xeral na que, por parte da presidencia, se realiza un balance da xestión e as propostas de actuación para o vindeiro ano, someténdoo á aprobación da asemblea, e de non conseguir a aprobación por parte da maioría, isto provocaría a dimisión inmediata e convocatoria de novo proceso electoral. Esta asemblea aínda non se convocou neste ano, tendo que ser convocada no primeiro trimestre do mesmo, tal e como especifica o regulamento.

O feito de non convocar eleccións, así como a falta de convocatoria da asemblea, leva sido denunciado en varias ocasións por parte de persoas voluntarias, obtendo, en varios casos, unha resposta a modo de expulsión por parte da xunta directiva, que, facendo un uso interesado do Regulamento, executa as sancións por, por exemplo, falta de horas de traballo voluntario, feito que na realidade vén motivado en moitas ocasións precisamente pola actitude da actual dirección cara ao conxunto do voluntariado, denotando unha falta de vontade de entendemento (antes de emitir sancións, en moitas ocasións existen opcións de diálogo para reconducir a situación). Non consideramos coherente usar o Regulamento ao arbítreo e interese dunha parte, e, en todo caso, a responsabilidade do seu cumprimento, de ser maior para algunha das partes, sen dúbida debería ser para a Xunta Directiva, como garante ademais do cumprimento das normas establecidas na Agrupación.

Polo exposto, e en base o artigo 35.2 do Regulamento Orgánico do Pleno, instamos a esta Corporación municipal a tomar o seguinte

ACORDO:

1.- O Goberno local instará á Xunta Directiva da Agrupación de Voluntarios/as de Protección Civil de Vigo a convocar a asemblea xeral na que se realiza a Moción de confianza de xeito inmediato, dando cumprimento así ao artigo 13.a do Regulamento."

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Ven a Pleno esta moción despois de ter xa trasladado as múltiples e reiteradas queixas que se está a recibir este grupo municipal, xa non

só da cuestión dos voluntarios senón de institucións que tamén ata hai pouco tiñan os servizos de protección civil operativos, quero lembrar que en novembro de 2016 preguntamos precisamente sobre esta cuestión, o feito ademais que regula as competencias de Protección Civil pero o feito tamén que regula o propio regulamento interno de Protección Civil con respecto a elección da súa Xunta Directiva, en novembro de 2016, na que se nos dixo que non pasaba absolutamente nada, que no caso de dimisión de membros dese organigrama de dirección de Protección Civil, que non había necesidade de convocar eleccións pero que tampouco afectaba ao desenvolvemento e á operatividade de Protección Civil en Vigo, novembro de 2016, e despois en febreiro de 2018 por esas baixas masivas que se deron de voluntarios polo feito de non cumprir o número de horas pero que ademais se fixeron de maneira aleatoria, a quen se lle daba de baixa e quen non. Polo tanto, sabemos xa o que nos van a dicir que non existe ningún problema en Protección Civil pero nós a través desta moción queremos redactar o que está constatado que pasa porque non é unha cuestión que nós veñamos aquí a introducir como un debate político, senón que son cuestións que teñen que ver coa operatividade, en primeiro lugar porque vostedes ademais seguen tendo un plan de emerxencias que fala da necesidade de coordinar Protección Civil co conxunto das actuacións sobre todo as de participación masiva dos vigueses/as, o que ten que ver ademais coas situacións de emerxencia, o que teñen que ver con, como di, hai unha frase que lle gusta moita ao Alcalde a cuestión das calamidades que moitas veces nos chama a nós calamidades pero que dende logo as calamidades pasan neste Pleno, as calamidades tamén pasan en O Marisquiño e en moitas das actuacións públicas que pasan nesta cidade, pero ademais o que queremos traer é que é falsa a información que se está dando deste Concello, dicir que non pasa nada en Protección Civil cando hai unha fuga masiva de voluntarios, algúns deles a agrupacións do conxunto dos concellos limítrofes, imos poñer o caso que nos acaban de notificar pois de máis de 10 voluntarios que se van ir a agrupación de Tui ou incluso á creación dunha agrupación, non entendemos moi ben que é, entendemos dunha agrupación de voluntarios que funcionaría como unha organización non gobernamental que polo que sabemos xa está actuando en lugares onde antes estaba Protección Civil de Vigo, nomeadamente o IFEVI e nomeadamente o estadio de Balaídos, polo tanto, algo pasa en Protección Civil e

Protección Civil segue sendo unha das atribucións que este Concello ten como concello de máis de 50.000 habitantes, Protección Civil segue sendo un servizo esencial e nunha cidade de 200 e pico mil habitantes Protección Civil non pode estar por debaixo dos 100 voluntario porque ademais vostedes dixeron que a iluminación de Nadal se ía cubrir con 100 prazas de Protección Civil que como saben ademais é evidente houbo que cubrilas con voluntarios de outros concellos, porque antes si tiñamos voluntarios que agora xa non están en Protección Civil, que vimos a dicir nesta moción, que emenden as declaracións que sistematicamente fan vostedes dicindo que non pasa nada en Protección Civil, pasa a efecto de medios, pasa a efecto do estado de vehículos, pasa a efecto de liquidación de determinadas unidades que existían, había unha unidade canina que xa non existe, ademais poden buscar nas hemerotecas cales son os compoñentes, tamén a eliminación no seu día da ambulancia ou os servizos de praias que xa non o dicimos, que xa está os propios bombeiros dicindo como van a facer para cubrir con Protección Civil o servizo de praias o ano ven.

Polo tanto, aquí esta cuestión é absolutamente clara, temos un problema no servizo de Protección Civil, temos unha fuga obrigada ou voluntaria de moitos voluntarios que existían e que daban os servizos e polo tanto, este problema hai que solventalo dende a responsabilidade política no Alcalde ou no concelleiro en quen delegue, non hai máis, non hai funcionarios do Concello, non hai que poidan axudar, mediar entre a agrupación de voluntarios e a administración pública pero isto hai que solventalo xa, e ademais é unha denuncia recorrente de moitos voluntarios que veñen ao noso grupo municipal, sabemos que van ao grupo municipal socialista, sabemos que van ao grupo municipal do Partido Popular ao longo deste tres anos de maneira reiterada e moita xente diferente. Polo tanto, o que vimos a pedir é que o goberno local, a responsabilidade do Alcalde delegada no concelleiro, que inste a que esta solicitude de moción de confianza se realice, que se avalíe cal é o motivo polas baixas dese número grande, non pequeno, posiblemente da agrupación de Protección Civil de Galicia a que máis voluntarios está perdendo con diferenza ademais dos que estivemos consultado e que automaticamente se mellore esa situación que como digo redunda nun problema que é o seu propio Plan de Emerxencias, o seu propio sistema de velar pola seguridade dos vigueses/as e que polo tanto hai un funcionamento anómalo que

teríamos que solventar.

SR. GABO BUGARÍN: Lembran aquilo de que “vai morrer xente” coa apertura do hospital Álvaro Cunqueiro, lémbrese daquela frase do Alcalde, ese é o maior bulo que se dixo nesta cidade na historia dos últimos 40 anos, hai que ter vergoña e a cara dura para sacar aquí este tema cando o Alcalde de Vigo fixo o maior bulo que escoitamos os vigueses/as na nosa historia e que perdurará en todo o século XXI. En definitiva, en relación a Protección Civil nós dixemos moi claro dende o minuto un e vostedes lembrarán que nós visitamos as instalacións e denunciámos a escasa importancia que estes voluntarios/as altruístas teñen por parte da administración local, por parte do Concello de Vigo e por iso nós queremos hoxe aquí trasladarlle o noso apoio, o noso recoñecemento e o noso afecto a todos estes mozos, homes e mulleres que adican o seu tempo libre, de ocio para traballar polos demais, para axudarnos a desenvolver os eventos, as actividades e os encontros que se celebran na cidade de Vigo e por iso quero que saiban que este grupo municipal do Partido Popular, que dende este Partido teñen todo o apoio e todo o respaldo e que dende o momento que nós estamos na Alcaldía situaremos a Protección Civil ao nivel que realmente se merece e estamos de acordo na primeira parte da Moción presentada por Marea de Vigo porque entendemos que efectivamente Protección Civil debe estar ao nivel do resto de corpos de seguridade que actúan na nosa cidade. Nós denunciámos nas instalacións cando fomos a visitalas en diferentes ocasións, hai dous anos, hai un ano, que efectivamente estaban nunha situación bochornosa, que efectivamente non teñen calefacción, que non teñen as instalacións adecuadas para poder desenvolver unha actividade altruísta como a fan estes homes e mulleres de Vigo, denunciámos que tan só teñen 5 vehículos, fíxense eu estiven a semana pasada nun concello ao carón de Granada que se chama Huétor Vega e estiven co Alcalde do Concello e resulta que na praza do Concello estaban situados varios vehículos de Protección Civil pertencentes a este Concello de 12.000 habitantes, lles podo asegurar que a inmensa maioría dos concellos de máis 50.000 habitantes no noso país, xa non digo só este que ten 12.000 habitantes, ten mellores vehículos, mellores dotacións, recursos que os ten Protección Civil nesta cidade, é absolutamente vergoñento e lamentable que no principal problema que tivo esta

cidade nos últimos 12 ou 14 meses que foron os incendios, non se chamara nin contara con Protección Civil senón que tiveron que saír a actuar en función das chamadas que escoitaban no 112, sen recursos, sen palas, sen máscaras, sen absolutamente nada, simplemente cos recursos que podían ir conseguindo de veciños ou que eles mesmos teñen da súa propia pertenza, esa é a auténtica realidade de que como está Protección Civil na nosa cidade e nós queremos aquí tamén lanzar propostas e queremos recomendarlle ao Concello de Vigo, ao goberno local, que se pode facer actuacións que axuden e que recoñezan o voluntariado na cidade, o primeiro dotando de recursos como se merece Protección Civil e en segundo lugar queremos por exemplo, propuxemos hai dous anos que aquelas persoas que desenvolvan labores de voluntario na nosa cidade sexan recoñecidos nos Plan de Emprego como requisitos puntuables á hora de acceder aos plans de emprego municipais, cremos que hai que recoñecer a labor e que hai que fomentar a labor do voluntariado na nosa cidade de persoas que traballan altruistamente e señores do goberno municipal, nós temos meridianamente claro que a actuación por parte do Concello de Vigo con respecto a Protección Civil deixa moito que desexar, eu lle fago unha pregunta aquí Sr. Font e me gustaría que me respondese, me gustaría saber cantas veces foi vostede ás instalacións de Protección Civil nos últimos 4 anos que este grupo municipal leva representando a unha parte da cidade, eu lle podo dicir a resposta é que é tendente a cero, pero é tendente a cero non porque o diga o Partido Popular senón porque nolo din os usuarios, os voluntarios de Protección Civil, non pasa absolutamente ninguén do Concello a ver como están as instalacións e a facer absolutamente nada que signifique ou que apoie a mellor actuación destes voluntarios.

Polo tanto, nós estamos de acordo en que é necesario que se adopte a aprobación dun novo tesoureiro, dende logo, entendemos que o Pleno municipal non debe introducirse nas decisións internas da directiva de Protección Civil porque entendemos que son eles mediante os órganos colexiados os que deben tomar actuacións, o que si estamos de acordo Sr. Pérez Correa é que hai que fomentar, hai que aumentar e hai que mellorar tanto o número de voluntarios como a dotación e os recursos e iso está única e exclusivamente en mans do Concello e unha vez máis volvemos a dicir que Vigo é máis, Vigo é moito máis do que vostedes están a xestionar e están a demostrar no día a día das súas actuacións.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Gago demagogia a xusta, quen dixo neste Pleno que podía morrer xente no hospital Álvaro Cunqueiro foron os médicos do laboratorio nunha comparecencia sentados aquí pero falemos de Protección Civil, o pasado sábado foi un día moi importante para esta cidade, independentemente de que algúns non lles gusta absolutamente nada, e para garantir a seguridade nese día dos miles de persoas que asistían ao evento do encendido das luces, Protección Civil estaba como sempre, preparada, coordinando un total de 110 voluntarios e é verdade que nun esforzo por coordinar os propios e por voluntarios de outros concellos e doutras institucións pero o que fixo Protección Civil, este sábado é o que fixeron durante todo o verán na praia durante tres meses, o que fixeron o día de O Marisquiño nunha actuación exemplar e o que veñen facendo en cabalgata, no entroido e en todo tipo de simulacros, afirmo categoricamente que Protección Civil está prestando un servizo esencial pero está prestando un gran servizo á cidade, temos unha funcionaria do Concello con moita experiencia de coordinación, co apoio dun administrativo que coordina a agrupación de voluntarios e cun grado de implicación por parte desta concellería absolutamente total.

Sr. Gago se lle contara os meus desvelos por Protección Civil debería de pedir outros cinco minutos para intervir, o Orzamento se executa na súa totalidade e se están a cumprir tódolos obxectivos marcados, pero o que si é certo e ata o recoñeceu o Sr. Gago é que a agrupación de voluntarios réxese por un regulamento e funciona de forma democrática, e en tanto non se produzan graves alteracións nós non podemos intervir, as últimas eleccións parece que hai que contalo todo, se celebraron en xuño de 2015 e sempre e cando se respecten as normas democráticas, estas deben de manterse, que como en toda organización Sr. Pérez Correa hai as súas discrepancias, efectivamente, que os hai descontentos porque perderon as eleccións, efectivamente, que algúns quixeran cambiar ao Presidente da agrupación, pois seguramente, pero isto pasa na agrupación de voluntarios e pasa en Marea, Sr. Pérez Correa, e só fai falla ver os xornais de hoxe para ver que en toda institución democrática estas cousas tamén pasan, polo tanto, o regulamento ten os seus mecanismo previstos como a moción de censura á que vostede non fixo mención e eu quero falar da situación concreta ilegal na que se atopa a agrupación, o Presidente someteuse a unha votación de confianza

o 1 de outubro de 2017, si, nunha asemblea e foi aprobado, os períodos anuais de acordo co regulamento non se computan por ano natural senón que se computan por período do ano, polo tanto, o presidente dispón democraticamente, aínda ata finais deste ano da nova convocatoria dunha asemblea, polo tanto, o que non temos é que confundir cal é o funcionamento que insisto, é totalmente correcto e totalmente axustado ao que se pretende co que é o funcionamento democrático.

Na agrupación e de acordo co seu regulamento a figura central elixida é o Presidente quen asume as funcións e se ben é certo que hai unha secretaría e unha tesourería se consideran como figuras de colaboración e polo tanto, se pode funcionar sen tesoureiro e é unha competencia deles, se me preguntan a min a conveniencia de ter un tesoureiro e así o trasladei, evidentemente que debe de haber tesoureiro, agora iso si, baixo a responsabilidade e baixo o funcionamento democrático e de acordo co regulamento e de cumprir cos seus cometidos, polo tanto, no que corresponde a nós que é consideralo como un servizo esencial, apoiar en toda a súa fortaleza o que fan, manifesto que o funcionamento neste momento está sendo correcto, axustado ao que se pretende, prestando un servizo á cidadanía moi importante que se materializa ao longo de todo o ano e democraticamente son eles quen dirixen a súa agrupación como en Marea dirixe o seu partido político e tamén teñen as súas discrepancias.

SR. PÉREZ CORREA: Verdade que as moción de censura e as de confianza teñen que figura nas ordes do día das asembleas que se convocan? O estoume inventando algo novo, como se presentan nos concellos, como se presentan nas institucións democráticas, así verdade? Porque na miña organización democraticamente cando hai mocións deste tipo aparece na orde do día e a xente cando vai a unha asemblea sabe a que se lle convoca, polo tanto, como é fácil, este grupo municipal pode pedir tódolos expedientes que figuran, pois os pediremos e poñeremos enriba da mesa se as asembleas que vostede di que se gañan se convocan na orde día e que os funcionarios públicos recoñezan se sucedeu iso ou non, porque ao mellor habería falsidade documental e teríamos que ir a outra cousa, ou na orde do día diso figuraba esa convocatoria de moción? Figuraba? Que se diga que si figuraba, que se diga abertamente se figuraba porque ao mellor estamos a falar dunha cuestión que xa non resolvemos neste

Pleno, nós non estamos a falar da conveniencia ou non da agrupación de voluntario que terá que dicir como funciona, nós estamos a falar das normas e se presenta unha candidatura unitaria de tres persoas e a dimisión dunha persoa desa candidatura obviamente ten que convocar unhas eleccións precisamente polo funcionamento, como funciona unha agrupación de voluntarios sen tesoureiro? Quero sabelo, onde se presentan contas, pois polo tanto, esas cuestións é a que ten resolver o Concello de Vigo, que ademais o Concello de Vigo ten a súa responsabilidade en Protección Civil e se non pasara nada, se non houbera pasado nada, se houbera un consenso amplo dos voluntarios pois non habería ningún problema, pero hai unha marcha importante de voluntarios, vostedes hai uns anos serían capaces de cubrir un evento como a iluminación de Nadal con voluntarios propios só do Concello de Vigo ou non? E este ano foron incapaces e tiveron que tirar e ademais pagarlle unha comida a voluntarios de toda a comarca para poder cubrir o número de efectivos, ou non? Fai uns anos Protección Civil estaría con toda a naturalidade operando en Balaídos, evento ademais multitudinario que require a presenza de Protección Civil, xa non está Protección Civil de Vigo e estaría nos eventos multitudinarios de IFEVI, xa non está Protección Civil de Vigo, polo tanto, non estou falando aquí de quen ten que ser o presidente que a min me da exactamente igual, eu estou a falar da cuestión importante que ten o desmantelamento do sistema de voluntarios de Protección Civil a efecto de seguridade cidadá e da responsabilidade que estamos aquí dos 27, obviamente máis da Xunta de Goberno de que o servizo funcione, e cando a xente se está marchando a outras agrupacións ou cando se crean asociacións de voluntarios que nada teñen que ver con Protección Civil, ademais creo que é un erro, pois estamos tendo un problema con Protección Civil, como que non? Cando vemos o estado das instalacións ou do parque estamos tendo un problema de Protección Civil, como que non? Polo tanto, podemos estar outro ano máis, isto está preavisado antes de vir esta moción, nos fomos a visitar o parque, vimos o estado das instalacións e o estado das obras e polo tanto non estamos a falar de ningún tipo de conto senón que estamos a falar dunha realidade obxectiva que creo que hai que asumir e o que pedimos é que funcione, nada máis.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular)

VOTACIÓN: Con dous votos a favor dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores Jácome Enríquez e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López e trece votos en contra do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia,, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1922/1101), polo voceiro do grupo municipal de Marea, Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(213).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A ACOMETER OS TRÁMITES NECESARIOS PARA A GRATUIDADE DO APARCADOIRO DO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO A PARTIRES DO 1 DE DECEMBRO DO 2018. REXISTRO PLENO 1925/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1925/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O impacto social en pacientes, acompañantes e profesionais, que xera o cobro do aparcadoiro privado do propio centro hospitalario incide negativamente na economía e accesibilidade dos pacientes á sanidade pública. O modelo escollido pola Xunta de Galicia para a explotación dos servizos non sanitarios supón unha política de privatización do sistema público de saúde, vía concesión e xera un

copago encuberto á cidadanía.

O pasado 21 de setembro o concello de Vigo, atendendo as demandas da cidadanía, puxo a disposición dos usuarios/as do Hospital Álvaro Cunqueiro un aparcadoiro municipal gratuíto con máis de 400 prazas para paliar o déficit funcional da dotación sanitaria construída pola Xunta de Galicia.

Noutras comunidades autónomas, estanse levando a cabo iniciativas de prohibición de cobro por lei e compromisos de explotación pública xa que o custe destes aparcadoiros privados é inasumible para a maior parte dos usuarios/as.

É por todo isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO:

- Instar a Xunta de Galicia a acometer os trámites necesarios para a gratuidade do aparcadoiro do Hospital Álvaro Cunqueiro a partires do 1 de decembro de 2018.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Este é un tema que como todos saben levamos tempo pedíndoo e a verdade é que cada día que pasa esta petición é máis incuestionable porque é evidente que o pago do aparcadoiro nun hospital se converte nun copago, nunha taxa e se converte por que non dicilo nun imposto encuberto no acceso á saúde de que todos falamos de forma grandilocuente pero que ten que ter e debe ter e se recoñece, un carácter universal, porque ademais este copago e esta taxa dificulta o acceso evidentemente ás instalacións do hospital e leva a unha disuasión entre os pacientes porque é evidente que non hai alternativas no hospital Álvaro Cunqueiro como poderían existir e como existían no Hospital Xeral ou no Meixoeiro e ademais esta situación é evidente que conseguiu unha progresiva concienciación cidadá, cambiou totalmente a mentalidade e mudou a unha esixencia de que estes aparcadoiros teñen que ser gratuítos, poño o exemplo de Baleares no que se propuxo o compromiso de tódolos partidos para que o acceso aos aparcadoiros que é o mesmo caso de Vigo, sexa en condicións de igualdade, polo tanto, isto é posible, é legal, e ademais con outras características, que este imposto penaliza aos que teñen menos recursos, é dicir, pagar o aparcadoiro lle resulta máis gravoso aos que teñen menos recursos que aos aqueles que teñen máis recursos, pero

detrás de todo isto o que fracasou e o modelo, este modelo de pagar aparcadoiro porque forma parte do negocio da concesionaria, obrigando a pagar aparcadoiro se recupera o investimento da concesión nun hospital privado por moitas sentencias que se lea de forma absolutamente sectaria, e este modelo fracasou en Vigo, este modelo era un modelo que tiña a Xunta de Galicia, experimentalmente para Vigo pero para estender a outras cidades e que evidentemente tivo que desistir porque fracasou, que pasa a día de hoxe? Que está a luz máis que nunca quen defende aos vigueses, dende o pasado 21 de setembro nos aledaños das instalacións do hospital Álvaro Cunqueiro gozamos dun aparcadoiro de 400 prazas gratuítas, polo tanto, o contraste e a discriminación que se produce cada un dos 365 días do ano, é tremenda, o primeiro que chega ao Álvaro Cunqueiro ten aparcadoiro e non paga, o que chega con aparcadoiro cheo ten que ir ao aparcadoiro de pago e abonar a cota correspondente, o resúmen é moi sinxelo, o Sr. Abel Caballero como Alcalde desta cidade a posto a gratuidade do aparcadoiro para as viguesas/es, por contra o Sr. Feijó cobra para engordar o negocio da concesionaria, esta é realidade, se eu me achego e teño que ir ao Álvaro Cunqueiro, se chego ao aparcadoiro das 400 prazas, aparcarei gratuitamente e se este aparcadoiro está cheo terei que pagar no hospital privado. Polo tanto, se comproba unha vez máis que lamentablemente a Xunta de Galicia castiga e castiga aos vigueses o que pasa é que enriba é todo peor, porque castiga aos vigueses coa complicidade deste grupo municipal do Partido Popular, se mencionaba a Abraham Lincoln, pois eu tamén teño unha frase de Abraham Lincoln, e a frase é “fagas o que fagas, faino ben”, e a Sra. Muñoz debería de recordar as súas declaracións do 10 de setembro de 2015, no que dicía “o Partido Popular pedirá a gratuidade do aparcadoiro Álvaro Cunqueiro se o Concello constrúe outro”, xa vexo que non quere mirar para esta información porque a debe lembrar moi ben pero isto evidentemente era todo un compromiso, isto dicía que custa o que custe pedirá do goberno galego o que si o aparcadoiro do Concello é unha realidade, pedirá á Xunta de Galicia ese aparcadoiro, Sra. Muñoz “fagas o que fagas, faino ben” pero vostedes polos vigueses non está facendo nada ben.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Discutimos agora unha moción que xa foi debatida neste Pleno, en setembro de 2015, foi debatida aquí unha moción do Partido Socialista

na proposta de acordo desa moción, aprobada cos votos do Partido Socialista e da Marea de Vigo, dicía solicitar do goberno da Xunta de Galicia que con carácter inmediato proceda a tramitar o carácter gratuíto do aparcadoiro referido, a necesidade histórica dun hospital para Vigo e para a súa área sanitaria converteuse en negocio, e en lucro a costa das persoas que caen enfermas e vense na obriga de ingresar no Álvaro Cunqueiro, o modelo que eufemisticamente se deu en chamar colaboración público-privada e que non é máis que o repago polos servizos imprescindibles para as persoas ingresadas, o aparcadoiro moitas veces en alternativa factible é un atraco para a economía das familias que sempre por obriga, nunca por gusto, teñen que usar o hospital, un atraco insolidario que nunca ten en conta a situación económica das persoas ingresadas e que vexa especialmente agravado no caso das enfermas/os crónicos ou con tratamento de longa duración. Como exemplo sangrante poderíamos poñer os pacientes que están en tratamento, tanto de quimioterapia como de radioterapia, que se ven obrigadas/os a acudir con frecuencia ás instalacións do hospital, non nos cansaremos de repetir que aparcadoiro é o síntome e a enfermidade é o modelo. Cando o señor conselleiro de Sanidade o Sr. Almuíña, anunciaba por exemplo as rebaixas nas tarifas do aparcadoiro, en base a un acordo coa concesionaria, unha mellora claramente insuficiente, comezaron outros problemas, as discrepancias á hora de valorar as compensacións polo cambios, levaron á sanidade e a concesionaria do hospital a xuízo, e tamén en paralelo á concesionaria e á empresa subcontratada para a xestión, agora mesmo a sentenza xa é firme e a empresa subcontratada deixa no aire o futuro das traballadoras/es, tense que dar unha subrogación máis nestes asuntos hai poucas seguridades. Estes traballadores/as teñen que estar en contratación directa pola concesionaria, non pode ser a concesión dunha concesión, que menos ata que se consiga o rescate completo do hospital para o público, nós estamos de acordo na gratuidade e non imos a cambiar a noso voto respecto ao 2015, estaría ben máis concreción sobre a ferramenta que queren usar por esta gratuidade, compensación anual á concesionaria, rescate ou que.

Din tamén na súa moción que o pasado 21 de setembro o Concello de Vigo atendendo ás demandas da cidadanía puxo a disposición dos usuarios/as do hospital Álvaro Cunqueiro un aparcadoiro municipal gratuíto con máis de 400

prazas para paliar o déficit funcional da actuación sanitaria construída pola Xunta de Galicia, de acordo ao 100%, esta é unha demanda lexítima e masiva por parte da cidadanía, de feito, exactamente nese mesmo Pleno de setembro do 2015 debatíase tamén unha moción neste caso da Marea de Vigo que no seu acordo dicía, instar ao Concello de Vigo a utilizar as súas competencias de administración local para que de forma subsidiaria proporcione unha alternativa para aparcarse no novo hospital Álvaro Cunqueiro que sexa totalmente gratuíta para resolver a actual situación que están a padecer os veciños/as de Vigo e a da súa área de influencia, o goberno votaba en contra, e uns días despois anunciaba ese mesmo aparcadoiro que afortunadamente a día de hoxe xa é realidade. Este grupo municipal facíase eco a aquela altura, setembro de 2015, da necesidade de actuar para paliar os danos da política privatizadora da Xunta de Galicia e por suposto que a día de hoxe temos exactamente a mesma posición, o que pon exactamente a súa moción o compartimos ao 100%, aparcadoiro municipal gratuíta, agora ben, se queren facer nun futuro política localista tentando cobrar aos doentes da futuro área metropolitana por estar doentes, con nós non contan, iso é ter exactamente a mesma falla de humanidade que ten a Xunta de Galicia, ademais de ser un auténtico despropósito que vulnera os principios de igualdade das e dos galegos, este hospital non só dá servizo a Vigo senón a toda a súa área sanitaria.

SR. PIÑEIRO LÓPEZ: Sr. Font, fala vostede de tarefas abusivas, como di a Marea de Vigo esta moción xa a discutimos anteriormente parece este o día da marmota, pero enténdoo como inauguraron a explanada entendo que queren sacarlle rendimento. Fala de tarefas abusivas, eu buscando aquí un pouco aquí en La Voz de Galicia aparece que cal é aparcadoiro máis barato de Galicia e entre os aparcadoiros máis baratos, pois aparece o do Álvaro Cunqueiro, é un dos hospitais máis baratos e aparte moito máis barato que o aparcadoiro do Concello este que temos aquí detrás, concesión municipal, por exemplo, onde miles de vigueses teñen que facer as súas xestións aquí no Concello diariamente, digamos que cos 40 minutos de estacionamento de aparcadoiro do Concello podemos estacionar case dúas horas no hospital, máis aínda, coas tarefas dos bonos que temos para persoas que teñen que permanecer días ingresados, estacionar cun bono, un mes, as 24 horas, supón pagar menos de dous euros ao día, home moi abusivo

tampouco parece verdade, un aparcadoiro que ademais ofrece comodidade e fácil acceso ao centro. Falan vostedes do persoal, nós temos 725 prazas de aparcadoiro gratuítas e a maior parte delas cubertas. Na súa moción fala de impacto social, impacto social na economía non é ao mellor ter tódolos aparcadoiros concesionados da cidade a prezos moi superiores aos do hospital senón ter que pagar os impostos máis caros de Galicia, como o IBI ou o lixo por exemplo, os alugueres máis caros de Galicia gracias a súa inoperancia á hora de facer un Plan Xeral, impacto social é subir o prezo do combustible por decreto e encher de impostos a tódolos cidadás, non parece importarlles gastarse os cartos en luces cando temos xente necesita axuda sociais e vostedes están a outras cousas.

O seu goberno neste tema está como sempre á gresca, á demagogia e ao discurso repetitivo que levamos escoitando 4 anos, que xa non convence a ninguén, mire, se é que ao final en positivo pola sanidade desta cidade vostede o único que fixeron é unha explanada, un aparcadoiro que abrimos aquí a bombo e pratillo o día 21 de setembro, isto é de La Voz de Galicia de hoxe e o 21 de setembro inauguraron este aparcadoiro a bombo e pratillo e 7 días dous meses despois presenta un estado máis que preocupante, lamentable, está cheo de charcos, grava, de fochancas.

Fochancas que necesitan xa unha man de asfaltado, liñas recen pintadas que nin se ven e charcos cando chove, a verdade que para o que se gastaron en luces de Nadal e beirarrúas novas esperábamos que o traballasen un pouco máis, pero non que se preocupen que o cartel lle sae ben grande e vese ben.

Mellor nos iría aos vigueses se se preocuparan de mellorar o que realmente lles compete, por exemplo evitar que o autobús ao Álvaro Cunqueiro sexa un largo percorrido por Vigo, similar a un do bus turístico, mellorar a accesibilidade á sanidade e ao hospital é cumprir coas necesidades de transporte dos cidadáns que non utilizan vehículos particulares, dos cales vostedes parecen que se esquecen, con mellores conexións e frecuencias de Vitrasa, mellorar a accesibilidade é facer uns accesos peonís seguros no vial de Clara Campoamor, castigan vostedes unha vez máis pola súa inquina persoal en contra do hospital a tódolos vigueses, deixen xa de enganar co supostamente abusivo e como nós tamén nos preocupamos da accesibilidade propuxémoslle unha emenda de substitución na cal imos pedirllas o que pedimos, que melloren as súas frecuencias ao hospital, que melloremos a

accesibilidade no vial Clara Campoamor e moito máis importante que todo iso, que os aparcadoiros municipais pretos aos centros de saúde tamén sexan gratuítos porque ao final a atención primaria é tan sanidade pública como o hospital.

SR. LÓPEZ FONT: Non, emendas de substitución non aceptamos porque desvirtua o debate evidentemente. Mire, Sr. Piñeiro, abusivo é un céntimo por aparcarse alí, nunha instalación que pagamos a razón de 70 millóns de euros tódolos galegos nos orzamentos da Xunta de Galicia, polo tanto se son unhas tarefas tan maravilosas, tan escasas e demais, de aí á gratuidade non ten que haber ningún problema porque aquí estamos falando da gratuidade do aparcadoiro e insisto calquera cantidade que se cobre é abusiva pero o problema sabe cal é? É que o seu discurso e este balbordo ao que lle sometían os seus compañeiros cando o aparcadoiro ingresa 4.700 euros ao día o discurso de vostedes dálle vergoña a tódolos vigueses porque isto trasladado é 1.700.000 euros ao ano o que está engordando unha concesionaria que xa está nos 5 millóns de beneficio a costa do aparcadoiro e doutros servizos. Polo tanto, falemos da gratuidade do aparcadoiro, falemos do compromiso do Partido Popular cos vigueses/as, mire, chamar explanada a un aparcadoiro do que gozan tódolos vigueses é un insulto porque sabe cal é a cuestión, que nós en todas as obras que facemos teñen un período de garantía e esa obra do aparcadoiro gratuíto do Álvaro Cunqueiro como o resto das obras teñen a súa garantía e xa me gustaría que en vez de sacar fotos anteriores, sacaran fotos do día de hoxe porque eses temas foron absolutamente resoltos, pero eu insisto alí hai un aparcadoiro.

PRESIDENCIA: Deixen intervir un pouco.

SR. LÓPEZ FONT: Eu comprendo que vostedes estean moi nerviosos polo tema que é, comprendo que estean moi nerviosos polo grado de indignación que teñen os cidadáns porque hoxe é moi fácil comprobar a diferenza de trato que hai dende o goberno municipal e dende a Xunta de Galicia e insisto, o importante é que eu chego co meu coche e teño un aparcadoiro gratuíto e como a Sra. Abelairas, onde cando se atopou co aparcadoiro cheo tivo que ir a pagar ao aparcadoiro privado.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, está vostede guerrilleiro hoxe, xa lle chamaron a atención varias veces, deixe falar será que como hoxe non falou vótano de menos, pois deixe falar un pouco aos demais, sexa un pouco xeneroso.

SR. LÓPEZ FONT: A realidade é moi sinxela, o Sr. Feijóo cobra aos vigueses 1.700.000 euros ao ano en aparcadoiro e facendo unha estimación a gratuidade do noso aparcadoiro é de 1 millón de euros que se aforran os vigueses, Sra. Muñoz, “fagas o que fagas, fágao ben”, reclame no que no seu momento pediu e pídalle ao goberno da Xunta de Galicia un aparcadoiro gratuíto.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular)

VOTACIÓN: Con quince votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1925/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(214).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A

XUNTA DE GALICIA A INCLUIR UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA NO ANO 2019 DE 4 MILLÓNS DE EUROS PARA INICIAR A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN NA AVENIDA DE CASTRELOS, AVENIDA DE RICARDO MELLA, AVENIDA DE GALICIA, AVENIDA DA PONTE E ESTRADA DE CAMPOSANCOS. REXISTRO PLENO 1926/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1926/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O goberno de Vigo desenvolveu nos últimos anos proxectos de humanización e obras na cidade que melloraron máis de 600 rúas e 200 quilómetros de viais de titularidade municipal. A Xunta de Galicia é titular de 9 rúas e viais cunha lonxitude de máis de 42 quilómetros na cidade de Vigo

Mentres o Concello de Vigo levou a cabo estas melloras nos servizos nos viais da súa titularidade, que beneficiaron de maneira directa a unha parte moi importante da poboación, a Xunta de Galicia non demostrou o mesmo nivel de compromiso coas veciñas e veciños de Vigo, e non ten posto en marcha un so proxecto para a mellora dos viais da súa titularidade.

A humanización de rúas ten demostrado sobradamente un impacto moi positivo non so na socialización dos barrios onde se acometen, senón tamén na mellora da economía dos negocios e as empresas alí situadas, ademais de ser un importante xerador de postos de traballo.

Unha vez mais a Xunta de Galicia manifesta o seu nulo compromiso coa cidade de Vigo e cas súa veciñanza.

E por iso que propoñemos ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a incluír unha partida orzamentaria no ano 2019 de 4 millóns de euros para iniciar a execución das obras de humanización de Avenida de Castrelos dende Pereiró, Avenida Ricardo Mella, Avenida de Galicia, Avenida da Ponte, e Estrada de Camposancos.”

DEBATE:

SR. PARDO ESPÍÑEIRA: Como vostedes saben o goberno de Vigo nos últimos anos

leva desenvolvendo dende que comezou a gobernar o Sr. Caballero proxectos de humanización e obras na cidade, estes proxectos melloraron con máis de 600, debemos estar xa preto das 800 ou 900 rúas e máis de 200 quilómetros de viais de titularidade municipal, todas estas obras que levan con acompañamento non só o que é o adorno e todo o que é o ornamento da rúa por riba senón tamén a acometida de todo o saneamento, abastecemento da cidade que nunca se tocara dende que foran feitas, dentro desta titularidade de rúas e viais a Xunta de Galicia ten 9 nove rúas e viais, cunha lonxitude de máis de 42 quilómetros na cidade de Vigo, o certo é que aquí houbo un investimento importante da Xunta de Galicia cando gobernaba o Sr. Touriño, que investiu en dous dos viais principais que foron a Avenida de Castrelos e Avenida de Florida, investiron preto de 8 millóns, sete millóns e pico de euros nas dúas obras e dende esa non houbo nin un só euro na Xunta de Galicia nas rúas da cidade, non hai interese, non houbo nin unha soa cantidade, mentres o Concello levou a cabo estas melloras de maneira directa se beneficiou a cidadanía da cidade e unha parte moi importante da poboación da que ven a cidade, a Xunta de Galicia non amosou o mesmo nivel de compromiso e máis o compromiso da Xunta de Galicia presidida polo Sr. Feijóo con esta cidade é cero, pero xa non só é co goberno da cidade, é coas veciñas/os de Vigo, compromiso cero e nin sequera ten posto en marcha un só proxecto para a mellora dos viais e da súa titularidade. A humanización das rúas ten demostrado sobradamente un impacto moi positivo, non só na socialización dos barrios onde se acometen, senón tamén na mellora da economía dos negocios e empresas alí situadas, ademais de ser un importante xerador de postos de traballo, postos de traballo directos e indirectos e beneficio no comercio e na vida en xeral, ademais de facer tamén un Vigo máis accesible, máis dinámico e de máis facilidade para a mobilidade das persoas. Entón, instamos á Xunta de Galicia a incluír unha partida orzamentaria no ano 2019, de 4 millóns de euros, para iniciar a execución das obras de humanización da Avenida de Castrelos dende Pereiró, Avenida de Ricardo Mella, Avenida de Galicia, Avenida da Ponte, Estrada de Camposancos, por certo, sería simplemente unha terceira parte dos 12 millóns que por exemplo se investiron no túnel do Parrote, simplemente sería unha pequena axuda para esta cidade, e o que pedimos é que se pode ser, cando fagan as obras a Xunta de Galicia porque son beirarrúas en Castrelos, que nas humanizacións poña un pouco

de interese e de facer ben o traballo, beirarrúas que teñen que levar, bordes, rebaixes que non teñan escalóns, co cal simplemente pedimos que unha pequena parte, só con que nos dixeran que ían investir unha pequena parte xa comezabamos a estar contentos.

SR. PÉREZ CORREA: Chega o período electoral e hai que facer este tipo de mocións porque son bastante típicas nos meses previos aos procesos electorais, ademais cambian, a política neste país é moi voluble, un días estamos uns nos gobernos e outros están outros, cambian ademais mediante mocións de censura e onde unha moción tipo do Partido Socialista o ano pasado aparecerían seguramente infraestruturas de titularidade do goberno central, pois aquí aparecen só da Xunta de Galicia, pero xa está o Partido Popular para lembrar que agora hai un goberno central que cambia e presentan a súa adenda instando a gobernos socialista do Sr. Pedro Sánchez, está moi ben, creo que iso debe ser a tónica xeral deste Concello nos últimos 30 ou 40 anos e cada vez que imos cambiando nas administracións públicas a cor política, pois imos pedindo á cor política que é contraria porque o de pedir a cor política que é nosa está moi ben para anunciar na prensa pero compromisos cero, falla falar aquí da famosa variante de Cerdedo, xa se encarga o Partido Popular, falla os “greatest hits” que se di, falando co inglés do Alcalde, pois os “greatest hits” que se van aparecendo nos procesos políticos pero ao mellor temos que repensar gran parte dos problemas que temos non nesta rúa, senón noutras moitas que ten que ver, eu tiven a curiosidade de ler a lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, eu creo que algún día habería que ir a un proceso xudicial contra as administracións porque aí hai unha cousa ademais que está na lei que é o deber de colaboración entre as administracións públicas, é dicir, é un deber, a colaboración entre administracións públicas, cada vez que a Xunta de Galicia e cada vez que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra comezan con este rife e rafe o que están a facer e incumprindo a lei que é o deber de colaboración e nós nos gustaría poñer enriba da mesa algunha cuestións que teñen que ver coas infraestruturas en Vigo, nos xa non queremos, queremos que só haxa unha administración salvo o que ten que ver coas cuestións de tráfico e as cuestións das avenidas periféricas ou que compartimos con outros concellos, que todos e cada un dos viais que pasan polo Concello de Vigo foran dunha soa

administración porque senón estaremos con esta debate recorrente sen ningún tipo de solución, 4 millóns, 5, 6, 20 e 30 millóns, os que fagan falla, pero está ben que lembremos as infraestruturas de titularidade do goberno central, as infraestruturas de titularidade da Deputación de Pontevedra que parece que xa hai problemas con algunhas que si que había convenio e compromiso pero na propia Deputación comeza haber problemas coas expropiacións e moitas veces ao mellor serían solventadas coa colaboración entre administracións, nós estamos a favor, como non imos estar a favor, eu traballo en Ricardo Mella sabemos o que son realmente as infraestruturas en Ricardo Mella, a Avenida de Galicia, é recorrente, a asociación de veciños de Teis leva creo que 20 anos vindo aquí explicando cales son os problemas da accesibilidade, claro hai cuestións que teñen que ver coa humanización e hai cuestións que teñen que ver con vías que son grandes vías que conectan con outros concellos, que polo tanto non sería a solución a humanización, porque non son vías de moito tránsito de persoas e si de moito tránsito de vehículos, e por desgracia a humanización está pensada, por desgracia non, por virtude, para os centros urbanos porque teñen que ver co tránsito de persoas, aquí estamos a falar dalgúns vías que tránsito de persoas pois ao mellor teríamos que repensar se de verdade é seguro o tránsito de persoas en determinadas vías, sobre todo a estrada de Camposancos, as que teñen que ver con tránsitos importantes no mes de verán, pero estamos de acordo, pero nalgún momento teremos que poñer o límite deste tipo de debate cansino ademais, que pido cousas se estou no goberno e cando estou na oposición me esquezo, non a min me encantaría que o Partido Socialista pois agora, nós sempre dixemos que esa variante era irrealizable, pero que o Partido Socialista lle esixira ao goberno do Sr. Pedro Sánchez concreción de prazos da variante de Cerdedo porque o único que hai de concreción a conexión do suposto AVE que parece que vai chegar a Galicia o AVE de segunda, pero esta cuestión estamos de acordo pero haberá que cambiala e o primeiro que se fai, e vou poñer un exemplo para rematar, nos peores anos, da violencia de ETA en Euskadi, os gobernos gobernados por Herri Batasuna en Álava chegaban a acordos coa Deputación de Álava gobernada polo Partido Popular, nós peores anos porque eran infraestruturas públicas e colaboraban e non había ningún problema e estamos a falar das antípodas ideolóxicas, non sodes capaces vostedes que se poñan de acordo en reformas constitucionais, que se poñan de

acordo en cuestións de carácter internacional, non son capaces de poñerse de acordo na colaboración entre administracións e así cumprirían unha lei de réxime xurídico do sector público e cumpriríamos tamén un mandato cidadá de non converter a política nun bodevil.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Mire, eu non sei, xa sabemos que entre membros do goberno municipal non se falan pero non sabía que isto tamén pasa cos seus voceiros do Partido Socialista en Santiago de Compostela porque as emendas que presenta o Partido Socialista no Parlamento para os orzamentos da Xunta de Galicia non inclúe ningunha destas cinco rúas, pero o que pasa é que lles debeu de picar que está a vir bastante a Xunta de Galicia aquí a inaugurar obras, a senda peonil e ciclista de entre Navia e Ramallosa, a senda peonil tamén entre Coruxo e Nigrán, un plan da urbanización de Navia, 1.600 vivendas e claro vostedes van a facerse unha foto tirando o hotel Samil, vostedes tiran o hotel Samil e a Xunta de Galicia constrúe vivendas socias en Navia, 1.600 a parte das máis de 4.000 que xa teñen e tamén constrúe senda peonís e tamén a eliminación de puntos negros nas estradas, eu lembro hai uns anos que a estes Plenos viña sempre mocións da Deputación pedindo a construción do colexio alemán en Coia por certo, os de Coia son de Vigo porque os viais de Coia non sei se dicirlle que paguen impostos en Vigo porque votedes lles mandan cartas aos veciños de Coia dicindo que non están transferidas esas rúas, a rúa Cangas por exemplo, ou o final da rúa Bueu, non sei se iso é unha desculpa de mal pagador pero lembro aqueles Plenos que falaban de colexio alemán ou que falaban das subvencións a Peinador constantemente, antes a Deputación estaba presente en Vigo, non se reclamaban axudas para colectivos sociais, culturais, deportivos, veciñais, si que reclamaban investimentos, agora nin sequera a presidenta da Deputación se digna a vir ao Pleno da cidade de Vigo, nin se digna, non sei se despreza este Pleno, lle parece pouco agora que se indiosan nesas poltronas e nesas coches oficiais pois o lamentamos sinceramente porque sería bo que viñera aquí e escoitara, aínda que non lle parecera interesante, o que aquí se trata porque aquí se fala de Vigo e tamén hai uns meses non paraban de falar de Madrid de pedirlle o AVE por Cerdedo que se fixera urbano o tramo final da AP-9, da VG-20, cantidade de cousas que o presentamos a través dunha emenda pero agora ven o Sr. Ábalos, o ministro a Vigo e ríse na cara dos vigueses e nos di

que o AVE por Cerdedo que vai facer un estudo que vai tardar 3 anos, un estudo hidroxeolóxico, ou sexa que esperemos sentados e vostedes calados, antes o Alcalde parecía un león cando o Partido Popular gobernaba en Madrid e agora parece un “lindo gatito”. Do que vostede saben é de luces, eu non sei se sabe máis o secretario do Concello ou o concelleiro de Comercio, non sei, é público que os dous están sendo investigados polo xulgado por un delito de prevaricación pero o que é inaudito Sr. Rivas, e reflicte o nivel da súa covardía política é que vostede lle bote a culpa ao funcionario que buscou a solución para tapar a súa incompetencia, iso é inaudito, Sr. Rivas. Seguramente o Alcalde tampouco agora mesmo de luces non sabe, vaise desentender desas luces de Nadal como de O Marisquiño, da Área Metropolitana, como se desentendeu do Plan de Urbanismo ou da concesionaria da XER ou das oposicións a bombeiros, diso non sabe nada, agora tampouco vai saber desas luces o que si sabía bastante tamén era o Sr. Regades, ese sabía tamén bastante de luces.

PRESIDENCIA: Sr. Fidalgo, desculpe un segundo, vostede estaba ansiando falar pero o que lle toca pouco vexo que o trata, esta falando mais dos ausentes, parece isto un réquiem, pero quero lembrarlle que estamos a falar dunha moción de obras cun tema determinado, é o que se está a tratar, por favor lle pido que se cinga vostede ao que trata a temática porque o que está a acontecer noutros lados non se preocupe que todo ten o seu curso e a súa dinámica, a min me gusta todo, pero o que lle quero dicir é que lles estamos a falar do tema de rúas, cíngase a iso, por favor.

SR. FIDALGO IGLESIAS: É o “trending topic” as luces, só que das luces hai un xuízo agora en xaneiro, simplemente lembrar o xuízo daquel xerente do alumeado, de mantemento das luces que foi por contratar á cuñada da Sra. Silva de maneira irregular pero xa pasou disto e falamos dos investimentos.

Os de A Coruña que tanto falan de os de A Coruña, que os cidadáns de A Coruña se queixan de que todos os investimentos da Xunta de Galicia veñen a Vigo e din que o poder que ten a Sra. Muñoz fronte a Sra. Mato, iso é o que din os cidadáns de A Coruña a ver si nos clarexamos, claro é que aquí se está a investir.

SR. PARDO ESPIÑEIRA: Co seu permiso gustaríame falar para pechar e rematar a quenda de réplica.

Voulle explicar Sr. Rubén é certo que para chegar ao nivel do inglés do Alcalde fai falla saber e por certo leccións, vostede que nos di de época electoral quero lembrarlle que non será porque nestes mandatos que gobernou o Partido Socialista co Sr. Abel Caballero á cabeza se lle fixeran reclamacións á Xunta de Galicia, non creo que isto da rúa sexa unha novidade e que se faga agora en época electoral, creo que esta moi ben o que vostede di, os “Mundo de Yupi”, pide gobernar todos de acordo esta moi ben, temos un exemplo recente a estación de Vialia, cando se inviste na cidade, cando se apoia á cidade este goberno di, igual que o Alcalde se pronunciou apoiando aos ministros ou calquera iniciativa do goberno que apoiaba esta cidade, e me lembro nalgún caso da Sr. Pastor con algunhas das decisión que tomou, de acordo? O que se trata é de apoiar á cidade, é o que pedimos e as rúas non será porque non as levamos pedido porque mire facer o que fixeron en Navia da senda de Navia que se vai un ciclista por aí ou un peón cando mete o pe e deixara o coso descuberto e facer en forma de cuña, sen facer rectas as obras, hai obras que é mellor non facer pero o de acordos, que mo di vostede polos acordos do seu grupo? Porque creo que están cheos deles, esa é a realidade e son públicos, entón logo vostedes, o Partido Popular nos presenta unha emenda de substitución que por certo loxicamente non a admitimos porque nos falan do AVE por Cerdedo de que o pedimos, en 8 meses leva feito máis este goberno do que fixo o Sr. Rajoy en 8 anos, cando chegou ao goberno do Partido Popular foi o que paralizou o AVE por Cerdedo, entón o Ministerio de Medio Ambiente do propio Sr. Rajoy, pediulle ao Ministerio de Fomento, onde estaba a Sra. Pastor un informe hidroxolóxico e a Sra. Pastor gardouno tres anos nun caixón, estivo gardada, non é unha petición nova que nós fagamos agora, e o AVE é certo que cando estivo o Ministro dixo iso que estaban facendo xa o estudo hidroxolóxico, lle adican 1,5 millón de euros, esa é a realidade, igual que poñen aquí da A-55 pero se viu o Sr. Rajoy aquí un día e estaba entusiasmado e dixo que “imos facer a A-55, e imos poñela nun plan extraordinario de investimentos e estradas” onde saíu, onde se viu? Cando foi? Se cando chegou agora este goberno o primeiro que dixo foi que non había nin contido nin desenvolvemento ningún, polo que o proxecto vaise trasladar á vía ordinaria dos orzamentos, avanzamos en seis, oito meses bastante máis que nos 8

últimos anos, esa é a realidade e o que estamos pedindo Sr. Pérez Correa non son cousas electorais, pedimos igual que pedimos no seu momento que apoiaran o Aeroporto, pedimos que se pedira a variante do AVE por Cerdedo, pedimos que se invista nas estradas, que me está a dicir da Deputación Sr. Fidalgo? Quérolle lembrar que estamos coa obra da Deputación da estrada Provincial, de Beade-Porto, de Balaídos, de Beade-Porto cos trámites de expropiación, non se esqueza, de Balaídos, lémbrolle que houbo un Pleno non que viu un membro desta Corporación cun cheque no peto, non se lembra? Non foi mentira que foi verdade, non se lembra que chegou un cheque no peto? Esa é a realidade e a Deputación viña e facía actos “te entrego unha furgoneta” esa é a realidade, oia non lle oín a vostedes facer unha petición no Senado, no Parlamento Galego defendendo esta cidade, non lles oín nunca, vostede ten tempo para facer e rodeado de mulleres un selfie con Richard Gere pero para preguntar por Vigo non ten tempo, esa é a realidade, está nos medios, non me diga que non, pregunte un pouco, traballe un pouco por Vigo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular)

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1926/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, cuxo texto consta

transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(215).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO A XUNTA DE GALICIA A INVESTIR NO ANO 2019 CUNHA PARTIDA ORZAMENTARIA DE 5 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA NA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DE VIGO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1927/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1927/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sr. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A educación é un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas a todos os niveis: físico, psíquico, emocional, afectivo, social, persoal,... É por isto, que as condicións nas que dea son fundamentais para garantir o óptimo desenvolvemento de cadaquén.

As instalacións educativas públicas da nosa cidade son construcións , a maioría, de máis de 40 anos .

A antigüidade dos centros dificulta a súa adaptación aos novos usos e necesidades da comunidade educativa e se requiren inversións significativas para a súa adecuación.

As boas condicións físicas e ambientais dos centros son un elemento básico para a mellora da calidade educativa. Porque a calidade das infraestruturas educativas pode condicionar, e de feito o fai, o desenrolo das actividades lectivas e non lectivas nos centros escolares.

As infraestruturas educativas públicas da nosa cidade precisan de investimento. Un investimento que contribúa a manter uns estándares axeitados de calidade, confortabilidade e seguridade.

A inversión en educación é un factor de activación da economía no marco da sustentabilidade, que é a mellor inversión económica que pode facerse e a mellor estratexia para lograr unha sociedade máis integrada, igualitaria, democrática e eficiente.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a investir, no ano 2019 e con partida orzamentaria de 5 millóns de euros, na mellora na eficiencia enerxética dos centros educativos públicos de Vigo o que supón o cambio de ventás, luminarias, instalacións eléctricas, sistemas de calefacción e illamento de cubertas e fachadas.
- Instar á Xunta de Galicia o investimento, con partida orzamentaria de 5 millóns de euros, para a mellora da accesibilidade e a seguridade nas edificacións escolares da nosa cidade.
- Instar á Xunta de Galicia a investir, con partida orzamentaria de 5 millóns de euros, en adecuar as infraestruturas educativas de Vigo á nova realidade educativa o que supón novos espazos educativos tales como ampliacións de bibliotecas, ampliación de comedores, aulas de idiomas, espazos para psicomotricidade, patios cubertos, etc, etc.
- É dicir, esixímoslle á Xunta de Galicia acometer as obras e investimentos necesarios para dotar á primeira cidade de Galicia dun ensino público de calidade poñendo en marcha un plan plurianual serio, rigoroso, obxectivo, dotado economicamente e cun calendario preciso.”

DEBATE:

SRA. ALONSO SÚAREZ: Onte, 27 de novembro, San José de Calasanz, foi o día do mestre, felicidades a tódolos mestres/as dos centros educativos vigueses e sobre todo grazas polo seu traballo, esforzo e dedicación, por ese traballo para ensinar a ler e a escribir que moitas veces teñen que facelo co abrigo posto, pola falla de calefacción, por esas caldeiras obsoletas ou simplemente porque as fiestras non pechan ben, grazas por formar artistas moitas veces facendo murais que tapan portas de fai 40 anos ou paredes que precisan arranxos, grazas por adentrar ao alumnado na ciencia, na historia, na xeografía, nalgunhas clases con pingueiras ou coa iluminación de hai moitos anos, grazas ao profesorado de educación física que segue utilizando ximnasia pequenos, pistas co pavimento inicial da construción e que non dispón de espazos exteriores cubertos, grazas por seguir facendo recreos no interior cando chove, inventado xogos, buscando novos recunchos ou facendo quendas para usar ese pequeno recuncho cuberto, grazas por utilizar as novas

tecnoloxías para explicar ao alumnado de onde vimos e guialos para decidir a onde imos, novas tecnoloxías sen investimentos nas instalacións eléctricas, grazas a tódalas direccións dos centros públicos de Vigo por estar sempre demandando melloras para os seus colexios e polo tanto, para o seu alumnado e falando das direccións vou facer un pequeno inciso para trasladar o pésame deste goberno, deste Pleno, como xa o fixo o Alcalde o xoves pasado, á comunidade educativa do CEIP Otero Pedrayo, grazas ás direccións por habilitar novos espazos como bibliotecas, comedores, aulas de psicomotricidade, por certo cos orzamentos deste Concello, si, porque é verdade, as direccións piden pero que non son escoitadas pola consellería, os tempos educativos cambiaron, a forma de traballar tamén pero o espazo educativo é o mesmo e nese espazo algo terá que ver o Partido Popular porque dende que foron transferidas as competencias en educación á Galicia no ano 1983, o Partido Popular gobernou 28 anos, algunha responsabilidade terá na situación actual dos centros educativos porque os centros seguen traballando e seguen demandando pero saben a onde acoden, non acoden á Consellería porque primeiro non se lle escoita, non se lles recibe, non se lles atende, non se lles visita tampouco, acoden ao Alcalde de Vigo, porque vou a aproveitar Sr. Pérez para dicirlle que o Alcalde de Vigo si que visita aos colexios, o Alcalde de Vigo visita ás nenas/os nos seus centros educativos, ás nenas/os nos seus centros educativos pero visita, reúnese, recibe e escoita aos centros públicos para mellorar a calidade da educación pública e sabe por que? Porque todos eles saben a que porta teñen que chamar, o outro día a semana pasada houbo unha reunión de directores polas axudas que reciben para os comedores, eses directores xa están a pedir de todo, pois ata os cambios das fiestras dos centros e non é competencia municipal pero llo están a pedir a o Alcalde por que? Porque a quen llo teñen que pedir nin caso. Eu simplemente voulle lembrar tamén un mestre pedagogo italiano de principios do século XX, Loris Malaguzzi, chamaba ao edificio escolar e ao ambiente o terceiro mestre, en realidade xunto coas familias e co profesorado, o primeiro e o segundo funcionan estupendamente, por favor arranxemos o terceiro.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Pola nosa parte non hai nada que debater na exposición de motivos desta moción, investimento en educación pública é futuro e non debe ser considerada un gasto senón un investimento, efectivamente as condicións físicas e

ambientais condicionan o desenvolvemento das actividades lectivas, algunhas consideracións a maiores, pode dar a entender esta moción que o goberno da Xunta de Galicia presidida polo Sr. Feijóo, é inimigo da educación pública desta cidade e non é así, o goberno actual da Xunta de Galicia é un inimigo da educación en todo país e as cifras do proxecto de orzamento para este ano que ven da Consellería de Educación voume remitir, para toda Galicia hai orzamentados para a mellora enerxética de centros de infantil e primaria 2 millóns de euros, a previsión de investimentos na nosa provincia é de 560.000 euros, para poñer esta cifra en perspectiva dicir que a licitación da rehabilitación enerxética do colexio público integrado do FEAL en Narón foi de 760.000 euros, a previsión para a mellora enerxética dos centros de secundaria e FP para toda Galicia é de 750.000 euros, cero para a provincia de A Coruña, cero para a provincia de Lugo, cero para a provincia de Pontevedra, o total do orzamento neste concepto vaise para a provincia de Ourense e que ninguén entenda mal, seguro que vista as cifras de rehabilitación pouco é, en canto á accesibilidade, seguridade e adecuación de espazos educativos dos que refire o punto 2 e 3 da moción, hai habilitados para toda Galicia en diferentes partidas aproximadamente 12 millóns de euros, dos que a previsión é facer un investimento na provincia de Pontevedra de algo máis de 4 millóns, e por desgracia o nivel do detalle dos orzamentos non obriga máis, xa son cifras que din moito do escaso compromiso da Xunta de Galicia coa educación e todo isto por suposto á espera do grado de execución, os orzamentos son no mellor dos casos unha declaración de intencións.

Imos apoiar esta moción e non imos a entrar a debater as cantidades que se piden, parécenos que sería necesario un estudo económico para concretar as cantidades, máis polo percorrido que vai ter esta moción cando sexa comunicado o acordo á Xunta de Galicia non nos parece que teñamos que entrar nese nivel de detalle, entendemos que o espírito do proposta é aumentar considerablemente o investimento en educación na nosa cidade e votaremos favorablemente a iniciativa.

Instar á Xunta de Galicia dende os concellos está ben e é correcto dende un punto de vista político, tamén hai outras canles, esas canles son os grupos políticos que teñen representación no Parlamento galego e entendemos que este goberno forma parte do Partido Socialista Galego, o Partido Socialista con representación no

Parlamento Galego presentou emendas a este orzamento por dúas vías, a primeira unha emenda á totalidade que dende este grupo municipal felicitamos ao grupo Parlamentar Socialista con toda sinceridade, temos matices respecto a esa emenda á totalidade no que respecta ao que expresa por exemplo o sector do automóbil, máis debemos dicir que concordamos con moito máis do que discrepamos, temas esenciais para este país como prevención de incendios, diálogo social, despoboacións, sector lácteo, diversidade funcional ou RISGA, xustifican sobradamente a devolución deste proxecto e a redacción dun novo, sen embargo as emendas parciais no que respecta ao sector da educación chámanos un chisco a atención, 13 emendas xerais e con xerais non quero dicir incompletas nin moito menos, senón que se refiren a todo país, pedindo unha suba total de 10,5 millóns de euros para precisamente rehabilitación e mellora de espazos, vostedes piden na súa actuación 15 só para Vigo e en canto a investimentos específicos piden 300.000 euros para Vigo, especificamente para cubertas en patios, en investimentos específicos na área de Educación o Partido Socialista no Parlamento galego pide o dobre investimentos específicos para Bueu, que seguro que falla fai e moito máis, pero especificamente para Vigo se piden 300.000 euros para cobertura de patios, en todo caso o noso voto favorable a esta moción.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: A verdade que si que se nota que se aproxima un ambiente electoral porque aquí vemos paz e amor nos dous grupos de Marea de Vigo e Partido Socialista que é verdade que sempre van moito da man. Eu cando comezaba a falar a Sra. Alonso na súa intervención eu pensaba que estaba a falar de Andalucía porque está Andalucía agora en eleccións entón falaba da dificultade, das pingueiras, dos lugares horribles, en Andalucía hai alumnos en barracóns, pobres nenos/as andaluces a verdade que eu tamén quero darlle as gracias a tódolos mestres/as por tódolos esforzos que fan por suposto tódolos días en tódalas condicións, a verdade é que tamén quería facer un inciso e sumarnos dende o grupo Partido Popular o pésame ao Centro Otero Predayo pero eu quero dicir que este escenario que pinta vostede Sra. Alonso non é o escenario real, non é ese ton de tristura porque a verdade o compromiso da Xunta de Galicia coa educación en Vigo é total, eu trouxen tamén os investimentos que están nas partidas para estes orzamentos deste ano e a verdade que si que hai que pedir e

hai que reivindicar permanentemente pero sempre con criterios claros e sen ter favoritismos, despois pensei que falaba vostede do Alcalde cando dicía que non escoita, que non atende Sra. Alonso sabe vostede que a persoa e o político máis sectáreo que existe neste momento, en Galicia e en España é o Sr. Caballero que recibe, como dicía a Sra. Muñoz, só a quen lle da palmadas nas costas. Polo tanto, si é verdade que están e que se piden arranxos e melloras en centros educativos e a Xunta de Galicia está atenta e está atendendo sempre que pode aos centros e no ámbito das súas posibilidades, eu creo que ademais vostedes teñen que facer un pouco de autocrítica dende o Concello, porque como dicíamos Vigo é bastante máis que o Alcalde e o seu goberno municipal, Vigo é bastante máis que todo iso e miren teñen que facer autocrítica porque hai que mellorar os seus orzamentos poderían mellorar moito tamén na partida, nós presentamos unha emenda para pedirilles que vostedes tamén destinen unha partida de 5 millóns de euros dos orzamentos do Concello de Vigo para facer o mantemento e os arranxos no que lles corresponde ao amparo do Pacto Local, e pedimos ademais investir unha partida de 5 millóns de euros no proxecto de campus de Formación Profesional porque o Partido Socialista cando chegou á Zona Franca, iso é a diferenza entre uns e outros, retirou absolutamente ese orzamento e nós pediámolo, a anterior delegada da Zona Franca e pedímolo agora tamén porque queremos que ese campus de FP sexa unha realidade en Vigo, tamén lle estamos a falar de educación.

O caso é montar barullo á Xunta de Galicia, como non hai barullo, que é unha palabra que me gusta moito utilizar, como non hai barullo agora entre a Xunta de Galicia na Educación o caso é meter mocións e pedir, intentar fomentar un pouco o que é o lío e a “gresca” coa Xunta de Galicia, neste caso con materia de Educación porque sabe vostede que está perfectamente atendida, o investimento da consellería de Educación nestes orzamentos está previsto 22, case 23 millóns de euros, vostedes creen que non é atender a construción do edificio institucional do I+D no Casco Vello de Vigo, as adquisicións de equipamento infantil en primaria, adquisicións de equipamento en secundaria, os fondos de bibliotecas escolares que por certo, que dende que están no goberno non fixeron nin unha soa biblioteca nova, estamos esperando pola de Navia, están permanentemente anunciando a de Navia pero a nivel municipal non temos ningún centro de lectura novo para barrios

de Vigo e para os nenos e escolares de Vigo. A Xunta de Galicia ademais de todo o compromiso que ten co mantemento do sistema educativo e cos propios mestres dos que falamos ten un compromiso elevado, o Sr. Jácome xa falaba da mellora enerxética contemplada nos orzamentos da Xunta de Galicia pero a verdade é que un pouco case de chiste que vostedes esixan 5 millóns de euros á Xunta de Galicia para a eficiencia enerxética cando temos 9 noves bombillas encendidas na rúa, eu creo que eficiencia enerxética ten que ser algo transversal, se queremos a transición enerxética na que cremos todos, temos que facela con bastante sentido, entón hai que predicar e hai temas que son interesantes e que hai que cumprir en tódolos ámbitos non só nalgúns, as cantidades son importantes, vostedes teñen tamén, gustaríame lembrar tamén a moita xente que non sabe que teñen 7 millóns de euros do fondo de cooperación local que reciben da Xunta de Galicia tódolos anos e que ese podería estar destinado á mellora e a eficiencia enerxética nalgúns centros en toda a cidade, polo tanto, falan tamén de accesibilidade e de seguridade, a seguridade, falábamos antes de Protección Civil, quero falar tamén do Plan de Emerxencia Municipal sen actualizar dende o ano 2007, é dicir, seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética, son temas que vostedes inclúen na moción que piden á Xunta de Galicia pero que aquí non cumpren nin de lonxe, polo tanto, nós queremos que se manteña e que o campus de FP se faga en Vigo iso si que é apostar por Vigo, iso si que é apostar pola educación e coñecemento e innovación, é un mantemento de coñecemento e retención de poboación aquí, hai que pararse a pensar en facer políticas de futuro, e sobre todo coa educación, non parches, pequenas mocións para montar barullo, unha cousa, teño aquí unha moción do 2016 pedindo melloras no FP que presentaron vostedes.

SRA. ALONSO SUÁREZ: Sra. Egerique, a verdade é que eu normalmente non fago barullo, pero non se crea que non teño gañas de facelo. Primeiro, Sr. Jácome, cando se pide o tema da cobertura de patios é porque nalgún momento se presentou aquí dende o Concello unha opción que era que polo menos a Xunta de Galicia asumise a metade dos que cubría Vigo, o Concello facía uns cantos e a Xunta de Galicia que fíxese os outros.

Para contestarlle ao Partido Popular, primeiro, esta emenda de substitución, menudo morro, aquí que invistan todos menos os que teñen a competencia, a

Xunta de Galicia, lémbrolle que cando entrou o Sr. Feijóo na Xunta de Galicia o Alcalde reuniuse con el e levou un estudo serio e rigoroso de tódolos centros educativos con tódalas necesidades e fíxolle unha proposta que era que tódolos arranxos se facían pagando a metade o Concello e a metade a Xunta de Galicia, sabe cal foi a resposta? Ningunha, pero lémbrolle tamén que nos orzamentos galegos onde se presentan emendas, nos orzamentos de educación o Partido Popular sempre vota en contra e lémbrolles tamén que para o ano 2019 o Sr. Feijóo sube un 3,3% o orzamento de Sanidade e de Educación, xenial, e un 10% o de Presidencia, iso demostra a importancia da educación para o Partido Popular.

Sr. Gago as miñas fillas xa teñen un pouco máis de 3 anos e voulle dicir unha cousa, as miñas fillas estudaron sempre no ensino público e teñen unha preparación boa grazas aos profesionais da educación e a pesares da administración educativa, cando din que en principio que están atendidos os colexios, que os escoitan e que é grave, é que non só é escoitalos e ademais dito diante miña o representante da consellería neste caso a Xefatura Territorial, dinlle aos centros que llo pidan ao Concello, que esas cousas todas llo pidan ao Concello porque nós o facemos e o seguiremos facendo e o faremos dende o Concello nestes anos seguintes pero o faremos dende a Xunta de Galicia dentro de poucos anos tamén e voulle dicir unha cousa, eu saín representada nesta cidade e o que teño que facer é defender a esta cidade cousa que vostedes non fan, pero tamén voulle dicir unha cousa, creo que sirvo para facer o mellor algunhas outras cousas e non dou por feito que ao mellor non poida chegar.

PRESIDENCIA: Entendo señora concelleira que a emenda está rechazada.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular).

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos

membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1927/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(216).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A RETIRAR E/OU REFORMULAR O ANTEPROXECTO DE LEI DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO DE GALICIA PARA ELIMINAR FIGURA DOS PROXECTOS PÚBLICOS DE “INTERESE AUTONÓMICO” PARA A INICIATIVA PRIVADA E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1928/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1928/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O Goberno galego está a tramitar o anteproxecto de Lei de Ordenación do Territorio de Galicia. Dito anteproxecto lesiona a autonomía local permitindo a realización de proxectos sen que os concellos afectados teñan capacidade de vetalos.

Ante este anteproxecto o Concello de Vigo amosa a súa inquedaanza polas repercusións dos “proxectos de interese autonómico”, que poden ser promovidos por un promotor privado, sen que teña que xustificarse o interese público dos mesmos, nin a urxencia que xustifique que non podan ser abordados dende o planeamento municipal.

Este tipo de proxectos privados, segundo este anteproxecto, poden ter como

finalidade calquera tipo de actividade económica, dotación ou construción de vivenda protexida, instalarse en calquera clase de solo, sen ningún planeamento que o ampare, sen cumprir as garantías impostas o planeamento municipal na lei do solo, e sen informe favorable dos concellos afectados.

Uns proxectos para os que o promotor privado pode non ter nin un metro de solo afectado, pero que será o beneficiario directo da expropiación dos terreos por parte da Xunta de Galicia, sen concurso público nin concurrencia. Un promotor privado seleccionado “a dedo” que pode vender o proxecto e os terreos expropiados no mercado libre sen ningún tipo de control sobre as plusvalías xeradas pola venda. Unha declaración de “proxecto de interese autonómico” que obriga a modificación do planeamento municipal pola Xunta, sen que os concellos afectados os aproben ou teñan capacidade de veto.

Un escenario de actuación sobre o territorio claramente irregular, en contra do interese xeral e da posta en valor e a preservación dos espazos especialmente protexidos e lesionando a autonomía local.

E por iso que propoñemos ao Pleno da corporación o seguinte

ACORDO:

- Instar ao goberno galego a retirar e/ou reformular o anteproxecto de lei de ordenación do territorio de Galicia para:

1. Eliminar a figura dos proxectos públicos de “interese autonómico” para a iniciativa privada.
2. Garantir que a declaración de proxecto público de “interese autonómico” conta, previa e necesariamente, có informe favorable dos concellos afectados, entendendo por tales aqueles sobre os que se sitúa o ámbito de actuación e aqueles nos que se alteren os servizos públicos e a actividade económica de xeito directo ou inducido polos mesmos.
3. Tramitar as modificacións de planeamento municipal precisas para dar cobertura os proxectos públicos de “interese autonómico” cas garantías e o procedemento establecido na Lei do solo.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Esta moción que hoxe presento aquí, eu creo que poderíamos considerar que é preventiva, a Xunta de Galicia ven de informar aos concellos entre outros axentes, da elaboración dun anteproxecto de lei de ordenación do territorio, dito o anteproxecto de lei este Concello, recorreu,

presentou alegacións ao mesmo porque nós tememos que ese anteproxecto poda ser aprobado nos termos nos que foi inicialmente deseñado, e sinceramente creo e non entendo moi ben porque se fai este anteproxecto de lei pero en calquera caso creo que se avistan graves problemas para a autonomía local e para tamén o territorio galego, en particular para o territorio deste Concello tamén e os seus intereses económicos. Este proxecto incorpora unha figura nova, a figura de proxectos de interese autonómico que pode ser promovidos por un privado, un privado que non ten porque ter ningún solo pero que a partires de que sexa aprobado ese instrumento, ese proxecto de interese autonómico que pode ser para calquera tipo de actividade, vai ser o beneficiario directo dun proceso de expropiación porque a forma de conseguir os terreos é por expropiación, é máis, ao día seguinte de que a vara máxica da Xunta de Galicia diga que é un proxecto privado e de interese autonómico e expropie os terreos por exemplo, dunha comunidade de montes que doutro xeito non se poden conseguir porque eses terreos son inembargables, imprescritibles e non poden venderse, polo tanto, no momento en que esa expropiación se poida materializar, ademais se ese promotor vai a poder vender eses terreos sen que ninguén controle o proceso de plusvalías que se poden xerar ao longo dese cambio de propiedade, polo tanto, entendemos que é un risco grave porque ademais os concellos nos que se implanten esas actividades non teñen ningunha capacidade de veto, non teñen ningún informe que sexa perceptivo e vinculante, nada, como un axente máis, polo tanto, se implanta unha actividade de calquera tipo nun concello sen que os concellos poidan dicir nada, sen que exista ningún plan sectorial que lle dea cobertura, que pode ser por un promotor que nin sequera é propietario do solo, cousa que no planeamento das cidades é obrigatorio, ao menos o 50% do solo, aquí non, aquí non é necesario que sexa propietario de ningún metro cadrado de solo e iso si, ao día seguinte de aprobar esa actuación que os concellos non poden conceder licenza nin sequera poden informar das licencias necesarias para os servizos afectados polas mesmas, pode vender esa actuación, polo tanto, entendemos que isto é unha sorte de discrecionalidade total da Xunta de Galicia, unha dixitalización, ti si ti non, proxecto ti si, a un promotor particular que sexa e sen que exista ningún grado de cobertura para as actuacións municipais, votando polo chan o planeamento municipal que pode ser cambiado, modificado etc, por un

acordo entre un promotor e a Xunta de Galicia é unha modificación puntual do planeamento que vai aprobar a Xunta de Galicia non o Pleno municipal como ata agora se facía e ademais sen as garantías que fixo a lei do solo porque se poden establecer os límites de sostibilidade que obriga a lei do solo, non son obrigatorios neste caso, polo tanto, parécenos algo grave e non sabemos para que está feito, pero o que si sabemos é que si por exemplo un promotor quere facer un centro comercial para os cidadás de Vigo no Concello de Mos sen ter ningún metro cadrado de terreo, pode chegar e solicitalo e ese promotor pode ser, poñamos por exemplo, unha sociedade limitada unipersoal con sede en México DC, por exemplo, e ese promotor vai a poder solicitar ese proxecto, a Xunta de Galicia pódello autorizar e ao día seguinte os montes van a ser expropiados sexan de Pereiras, de Tameiga ou do que sexa e vai ser propietario patrimonial do solo o promotor que ao día seguinte vai a poder vendelo no mercado gañando as plusvalías oportunas e iso si, sen que ninguén o controle e por certo sen que o Concello poida facer nada. Iso si, se supón que os desenvolvementos vinculados a ese proceso terán que reunir uns mínimos de garantías como fixo a lei, so fallaría, polo menos unha tramitación ambiental para disimular e algunha cousa polo estilo, pero o escándalo é maiúsculo, para promotores privados isto non existe en ningún sitio, isto é un escándalo de palabras e que se me escapa, cal é o obxectivo senón é dar cobertura e actuacións especulativas a actuacións con lucros importantes por parte dalgúns promotores.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Permítame a brincadeira de dicir que estou un pouco preocupada porque teño que continuar coa pinza, entón o que pasa é que as veces facemos pinza co Partido Socialista, non me gusta demasiado coincidir co bipartidismo, pero en todo caso é francamente grave o anteprojecto de lei que vai levar ao Parlamento o goberno do Partido Popular, non por reiteradas as agresións ao medio ambiente e á autonomía local deben deixar de ter unha resposta contundente dende as administracións directamente afectadas que neste caso son os concellos, e non chega esta lei sen antecedentes, antecedentes de resistencia dos concellos a proxectos empresariais lesivos para os intereses das súas veciñas/os, proxectos extractivos que atoparon diferentes formas de resistencia e que agora a Xunta de Galicia intenta dinamitar a través desta lei, e os

antecedentes son variados e poden ir dende a mina de Touro á planta de residuos de Casalonga, no caso da planta de reciclaxe de residuos impulsada polo grupo Toysal, na antiga canteira de Casalonga, mobilizou aos veciños e provocou un acordo unánime do Pleno municipal para rexeitar o proxecto, Partido Popular incluído, e o Concello de Teo remitiu a Xunta de Galicia un informe negativo de incompatibilidade urbanística que liquidou este proxecto en principio. Esta planta prevía o tratamento anual de 90.000 toneladas de residuos, estaba situada a 400 metros do núcleo de poboación e a menos de 2 quilómetros onde viven 4.000 persoas, a menos de 6.000 de onde vivían outras 50.000 persoas. No caso da Mina de Touro, os colectivos veciñais alertaban das graves deficiencias e contradicións do estudo de impacto ambiental presentado pola empresa, tema tamén que esta lei ven a solucionar, a solucionar para as empresas queremos dicir xa que tamén simplifica este proxecto non vaia ser que as grandes empresas non poidan espoliar o noso país con comodidade e foi a presión veciñal unha vez máis a que causou que o goberno municipal do Partido Popular cambiase a súa posición inicial sobre o proxecto e finalmente retirase o seu apoio.

Os goberno municipais son os máis próximos á cidadanía e polo tanto vense na obriga de escoitar directamente as veciñas/os sendo isto moi marcado nos pequenos e medianos comercios, o que busca esta lei unha vez máis, é retirar os centros de decisión dos concellos e centralizar na Xunta de Galicia neste caso, buscando escapar do control directo das persoas, a lei como xa nos ten acostumadas ao Partido Popular, comeza cunhas declaracións de intencións que calquera persoa podería compartir, como por exemplo as políticas de desenvolvemento territorial deberían orientarse a conseguir un desenvolvemento equilibrado e sostible, a cohesión económica social, a conservación e xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural, protexer a biodiversidade tanto dos asentamentos rurais como urbanos, ou a solidariedade interxeracional, cuxa finalidade será garantir a calidade da vida das xeracións presentes e futuras, declaracións xenéricas, de intencións propagandistas que máis cedo que tarde son desmentidas polos proxectos nos que reiteradamente a Xunta de Galicia da o seu apoio a empresas extractivas que comprometen a sustentabilidade e chocan directamente cos principios reitores da propia lei, nos referíamos antes a dous exemplos paradigmáticos. Hai contradicións tamén evidentes, contradicións na

propia lei, mentres na exposición inicial fálase de promover a máis ampla participación da cidadanía en xeral e en particular dos operadores técnicos e xurídicos implicados na materia, nos artigos promóvese todo o contrario, no artigo 46 e sucesivos onde o proxecto de lei ataca directamente á autonomía municipal e a participación directa da cidadanía en proxectos que afectan directamente as súas condicións de vida, a declaración de interese autonómico pode ser declarada por calquera motivo definindo a esta figura como proxectos de clara incidencia territorial que pola súa entidade económica e social ou cultural quedando esta definición ao arbitrio da Xunta de Galicia; chega a incluír como motivo de declaración a inadecuación do planeamento urbanístico vixente dos concellos por falla de previsión, corresponde en exclusiva á consellería da Xunta de Galicia a instancia de quen formula a proposta do procedemento a aprobación, solicitando aos concellos afectados un informe, que segundo o anteproxecto non son vinculantes, e para deixar todo ben atado, como xa comentaba a concelleira, se o Planeamento municipal resulta contrario ao proxecto, dito planeamento quedará modificado como consecuencia da aprobación do proxecto de interese autonómico, a todo isto súmanse que estes proxectos de interese autonómico serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada, contradicindo de maneira evidente aos criterios de sustentabilidade. Esta lei é unha ataque ao noso medio ambiente, á sustentabilidade da economía e á autonomía dos concellos e polo tanto, prestaremos o noso apoio a esta iniciativa.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Caride, non se preocupe, non teña medo, vexo que di que esta é unha moción preventiva, máis vale previr que lamentar é certo, pero este é un anteproxecto de lei que ten que ter aínda moita tramitación é do que fala é da posibilidade de facer dotacións a través de proxectos de interese autonómico, isto o que fai é substituír aos actuais proxectos sectoriais de incidencias supramunicipal, basicamente para diferenciarlos dos planes sectoriais e tamén para evitar confusións, xusto o que vostedes pretenden facer con esta moción, que é confundir, manipular, fala sen falar, tira a pedra e esconde a man, porque se en lugar de sacar o urbanismo de Vigo adiante que é do que vostede se tería que preocupar se preocupara menos do urbanismo dos outros concellos nos iría mellor aos vigueses, se en lugar de buscar unha solución ao Celta, por exemplo, e imos a

poñerlle nome as cousas, se adican a torpedear ou a intentar torpedear os proxectos das empresas de Vigo nos iría moito mellor, isto é como o can do hortelano que non como nin deixo comer, exactamente así, vostedes enganaron ao Celta co campo e coa cidade deportiva, lles dixeron non en Valadares, non para ampliar a Madroa, lles dixeron non en Candeán, non en Bembrive e ata que os votaron de Vigo non pararon, e agora o seu único obxectivo é seguir dicíndolles non a onde vaian e seguir boicoteándoos como boicoteraron o hospital. Dígame unha cousa por que non quere que o Celta teña unha cidade deportiva? Igual que a ten o Barcelona, igual que o Villarreal, o Valencia, por que non queren que o Celta teña unha cidade deportiva? Para que sega crescendo.

PRESIDENCIA: Imos a escoitar.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Para que sega crescendo, para que sega xogando á Champion League e esteamos orgullosos, para que volva a xogar a Champion League, iso é o que lle ten que preocupar a nós sinceramente ao Partido Popular de Vigo lle houbera gustado que o Celta fixera o seu proxecto deportivo en Vigo, isto co Partido Popular nunca pasaría pero vostedes son uns incompetentes na xestión e en urbanismo xa é a incompetencia ao cadrado, sinceramente penso que vostedes están resentidos con este tema e están resentidos con Mos, por que? Porque se nos van as empresas a Mos, por que Mos ten Plan Xeral e Vigo non? Porque ten un goberno municipal competente e Vigo non o ten, porque Mos ten solo empresarial e Vigo non, porque ten un goberno municipal e un Plan Xeral e Vigo non, Vigo é incompetente e Mos é competente porque Mos ten os impostos máis baixos da Área Metropolitana e Vigo os máis altos, iso é cousa súa, porque Mos ten un goberno municipal competente e unha alcaldesa competente como a que vai ter Vigo dentro de 6 meses e vostedes son uns incompetentes porque se tivo que ir a Mos o colexio internacional o Castro, porque aquí non lle deron solo, o por que se tivo que ir a Mos empresas de Vigo como Benteler porque aquí non lles deron solo, ou Panelfa ou Samper ou Mecoxi ou Afamsa ou sigo porque tódalas empresas que hai en Mos eran de Vigo, como igual que tódalas empresas que hai en Nigrán eran de Vigo, como tódalas empresas que hai en Pontecaldeas que eran de Vigo, iso é o que lles doe señora concelleira de urbanismo, vostedes se

imaxinan ao concello de Mos ou de Redondela ou de Nigrán intentando botar abaixo a lei Vigo que supuxo evitar que Citroën non se fora de Vigo que os proxectos estratéxicos ou como intentar que Mos, vostede se imaxina que Mos boicoteara a estación Intermodal ou a ampliación do Ifevi, eu é que non entendo, vaia presidente da FEMP temos, ou sexa que está en contra dos proxectos que desenvolven os concellos si son do Partido Popular porque se a Zona Franca vai facer un centro comercial en Nigrán aplaudo coas orellas, un Decathlon, un Lidl ou todo o do conto, aí aplaudo ou se o fan en Urzaiz tamén aplaudo pero sinceramente isto é unha desvergoña e unha irresponsabilidade e Vigo é moito máis que vostedes e dentro de seis meses daranse conta.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Dar as grazas a Marea de Vigo polo apoio a esta moción que dende logo non pretende confundir a ninguén, eu tiven moito coidado de non citar en ningún momento os campos deportivos porque os campos deportivos, o Celta ou calquera outra institución deportiva os pode facer en Vigo, igual que os pode facer en Mos, é moi libre de elixir onde quere facelos pero os facer en Vigo e por certo, para poder facelo en Vigo non precisa unha modificación de planeamento, pode facelo porque é un uso compatible co uso do chan rústico, polo tanto, non ten que facer ningunha modificación, por certo mente vostede cando di que Vigo non lle deu resposta a Vigo, é que o Partido Popular si porque xa leva vostede que o Plan Xeral do ano 2008 era o Plan do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, lembra vostede se había algunha actuación para o Celta de Vigo nese Plan, non verdade, non lle preocupaba para nada a vostede, pero imos ao tema, en Vigo pode ter o Celta de Vigo tódolos campos a súa disposición para facer a Cidade Deportiva e ten distintas ofertas deste goberno local que ningunha delas foi favorable ao Celta de Vigo pero sabe vostede porque non foi favorable? Non polas instalacións deportivas senón polo centro comercial, claro, cando un concello limítrofe pretende facer un centro comercial apoiándose no transporte de Vigo, pagando Vigo, nas infraestruturas de Vigo, pagando Vigo, na auga de Vigo, pagando Vigo, entón temos un problema, agora que o vexo a vostede tan preocupado que o mellor que pode facer, se ten problemas para presentarse na candidatura do Partido Popular nas vindeiras municipais, pode presentarse en Mos e seguro que lle fan un oco, non teña vostede ningunha preocupación. Mire, as

instalacións deportivas, repito, non teñen ningún problema para o Celta de Vigo, falemos como dicía vostede para desenvolverse nesta cidade, e o Celta sábeo e o coñece, o centro comercial non porque para facerse en solo rústico non se pode facer é máis sen un concurso, a dedo, como pronostica esta lei que se poderá facer, porque esta lei abre unha porta tremendamente perigosa, por certo, ao longo de todo este texto legal non hai ningunha soa palabra de interese público nin de urxencia, nin unha soa palabra, proxectos que non están en ningún Plan Sectorial se poderán executar por un promotor elixido a dedo, cun solos expropiados para ese promotor elixido a dedo, xa non imos a dicir amigo, e a partires de aí poderá vendelo coas plusvalías que se leven no seu peto e o interese xeral esquecido e o interese das cidades esquecido, un escándalo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular).

VOTACIÓN: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e máis dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa, e seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1928/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PARTE DE CONTROL

12(217).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA. EXPTE. 469/1102 (REXISTRO PLENO 1920/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía incluídas no expediente 469/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

13(218).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 470/1102 (REXISTRO PLENO 1921/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados incluídas no expediente 470/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

14(219).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A HABILITAR O ORZAMENTO NECESARIO E MODIFICAR O PLANEAMENTO URBANÍSTICO PARA PODER EXECUTAR OBRAS DO PAVILLÓN DE MATAMÁ ASÍ COMO AS OBRAS DO NOVO ACCESO AO CEIP PÁRROCO DON CAMILO E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 1923/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1923/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A política de inversións e humanizacións que ten levado ata o de agora o goberno local ten desembocado nun Vigo de dúas velocidades. O centro urbano da cidade que concentra a maioría das actuacións contrasta grandemente co abandono que sofren as parroquias da cidade. Esta política discriminatoria está a causar unha grande fenda nas dotacións e unha fonda desigualdade que non se corresponde co principio de igualdade que debe rexir a actuación das administracións públicas.

A maiores o goberno local está a utilizar as dotacións de infraestruturas das parroquias como arma arrojadiza na súa política de confrontación coa Xunta de Galicia, manipulando a opinión dos veciños. O mellor exemplo desta manipulación é o cartel instalado polo Concello na parroquia de Matamá respecto á construción do Pavillón polideportivo onde se podía ler “O Concello paga... a Xunta non autoriza”. O certo é que o Concello nunca puido pagar tal actuación porque non había partida presupostaria para construción do Pavillón, nin tampouco a hai para o vindeiro ano 2019 o que supón a mellor mostra de que o conflito respecto a este pavillón é un conflito interesado unicamente na confrontación, sen interese ningún por parte do Concello en que os veciños de Matamá conten con un Pavillón polidportivo.

O mesmo exactamente sucede co novo acceso a o CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de Comesaña, nunca no presuposto municipal houbo partida para executar esta actuación e tampouco a hai para o ano 2019.

Así as parroquias convértense como xa dixemos nunha simple arma arrojadiza que Abel Caballero utiliza como cortina de fume na súa estratexia política de confrontación coa Xunta de Galicia. Nin leva a cabo as actuacións nin as pensa facer pero culpa aos demais da súa inactividade.

Do mesmo xeito numerosas actuacións de dotación de infraestruturas en determinadas parroquias da cidade levan anos dilatándose no tempo innecesariamente pese a ter realizado os anuncios publicitarios correspondentes.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao goberno municipal a habilitar o presuposto necesario, así como modificar o planeamento urbanístico, para poder executar as obras de construción do pavillón polideportivo de Matamá.
- Instar ao goberno municipal a habilitar o presuposto necesario, así como modificar o planeamento urbanístico, para poder executar as obras de construción do novo acceso ao CEIP Párroco Don Camilo en San Andrés de

Comesaña.

- Instar ao goberno municipal a incluír no programa DUSI o proxecto dunhas escaleiras mecánicas para o acceso dos veciños ao centro de saúde de Teis.
- Instar ao goberno municipal a desenvolver un Plan de parroquias dotado con alomenos unha cantidade equivalente á que se está a investir no centro da cidade para o arranxo e renovación das infraestruturas da zona periurbana de Vigo.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Agora por fin entremos nas mocións nas que falamos de Vigo, do que ten e é competencia deste Concello e desta Corporación municipal porque evidentemente xa sabemos que a vostedes o que lles gusta é presentar mocións todas contra a Xunta de Galicia, é parte da súa estratexia electoral, se nós o entendemos perfectamente pero o problema é cando se piden a outros pero en cambio non se fai o que é competencia porque para pedir a outros hai que ter unha folla de servizos impecable e o problema que ten este goberno é que a súa folla de servizos deixa bastante que desexar porque o que é competencia municipal nin está nin se lle espera e o que son actuacións municipais tamén non están nin se lles espera e iso é o que pensan moitos veciños do rural da nosa cidade, que ven como tódolos esforzos se concentran nunha zona no centro de Vigo e se abandona absolutamente ás parroquias e por iso presentamos esta moción porque nós dende o Partido Popular defendemos un Vigo igual para todos porque so veciños da zona rural de Vigo pagan tantos impostos como os veciños do centro de Vigo e necesitan e merecen ter os mesmos servizos e as mesmas actuacións e desgraciadamente con vostedes como a zona rural non se visita tanto, pois non lles importa como está e en que situación está, e vimos aquí a pedir o que nos pediron os veciños nin máis nin menos, que se senten absolutamente abandonados porque vostedes só utilizan determinadas actuacións se lles serve como arma arreboladiza contra a Xunta de Galicia senón iso se esquece e aquí traemos dous proxectos entre os que pedimos, pedimos outros máis que xa nos referiremos a eles, pero dous proxectos que son unha boa mostra de eles, en primeiro lugar, o pavillón de Matamá, o pavillón de Matamá é unha actuación que levan 25 anos pedindo os veciños/as de Matamá esperando por un

pavillón, vostedes levan no goberno 11 anos e non se acordaron nunca do pavillón de Matamá e de repente se lembran e presentan un proxecto pero lle piden á Xunta de Galicia que lles dea autorización, pois autorización para que? Se é unha competencia exclusivamente municipal, se nas súas mans está facer a modificación orzamentaria para incluílo dentro dos orzamentos, xa non chegamos ao ano 2018 para o ano 2019, como pedimos e nos dixeron que non e nas súas mans tamén está a modificación urbanística, porque é competencia municipal para poder permitir que se faga un pavillón en Matamá porque quen ten a competencia urbanística Sra. Caride, que hai que ver que cousas di vostede nos Plenos, quedarán redactadas na acta e de verdade que son para ensinar, que resulta que o Plan do 2008 de urbanismo é do Partido Popular pero si o aprobou este Alcalde ausente aprobou o Plan cos votos favorables do Partido Socialista e en contra do Partido Popular, vostede instrumento imprescindible causante de que a día de hoxe lle levemos tres anos sen Plan Xeral, debería a vostede darlle vergoña ter a concellería de Urbanismo e estar tres anos non sen Plan Xeral, ter sido incapaz nin sequera de adxudicar a redacción a unha empresa privada que é a que vai facer o Plan Xeral unha empresa privada porque vostedes son incapaces, tres anos perdidos pero mire, vostedes o que poden facer e se deberían vostedes adicar a facer a modificación de urbanismo.

PRESIDENCIA: Por favor, deixemos falar.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Pois como digo é competencia municipal facer a modificación urbanística para facer realidade o pavillón de Matamá, lle corresponde a vostede e lle aconsello que deixe de perder o tempo en facer alegacións e presentar mocións que non achegan nada aos vigueses/as e que polo veciños de Matamá se poña a facer esa modificación porque se o fixera dende o minuto un xa estaría feita e xa se comezaría a construír, igual que no Parroco Don Camilo, de verdade Sra. Alonso, vostede tan preocupada por tódolos nenos desta cidade, preocúpese polos alumnos do Párroco Don Camilo porque os accesos competencia municipal son un desastre e un día vai haber unha desgracia e o único responsable será o Sr. Abel Caballero, pero vemos que a vostede lle preocupa moito os nenos dun colexio cando a competencia non é súa e cando a

competencia é municipal dos accesos entón a vostede xa non lle importan tanto, a nós nos importan todos, igual que nos importa tamén os veciños de Teis que van ao centro de saúde e que necesitan unhas escaleiras para subir e baixar esa costa que teñen para acceder ao centro de saúde, igual que nos importan os veciños das parroquias rurais de Vigo para os que tamén pedimos nesta moción que se invista polo menos tanto como se invisten vostedes no centro de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: A nós nos parece cando menos apaixonante que se agarren as paternidades ou se neguen as paternidades do Plan Xeral dependendo de como asubía o vento, en todo caso o Plan Xeral de Vigo será froito dunha cousa moi moderna que se chama o poliamor do Bloque Nacionalista Galego, do Partido Socialista e do Partido Popular porque os tres no substancial estiveron de acordo, ninguén fixo unha emenda á totalidade das cuestións centrais do Plan Xeral e hai cuestións centrais no Plan Xeral como pois que non había proxectado no Plan Xeral un polideportivo non só para Matamá, para moitas parroquias porque dotacionalmente nese Plan Xeral non se pensaron nas dotacións públicas e penseuse en infraestruturas que favoreceran o interese inmobiliario privado, dende a propia Ronda ata a actuación de Liñeiros e outro tipo de ámbitos estaban pensados para o pelotazo urbanístico, repartir a cidade en anacos e que os promotores elixiran o lugar, como ninguén pensou nas dotacións públicas, ninguén, nin o Bloque Nacionalista Galego no seu día como ideante do petate nin o Partido Popular como gobernante que ademais é o que pide non someter á valoración ambiental estratéxica o propio Plan porque sabían que non había onde encaixalo e dende logo esa aprobación express, rápida e fulgurante do Partido Socialista que eu quero lembrar aquí a posición do Partido Socialista e do Sr. Mauricio Ceniceros, absolutamente exemplar do que se tiña que emendar do Plan Xeral e que finalmente non se emendou porque había que aprobalo e alguén quería ser o primeiro Alcalde que aprobara o Plan Xeral, se alguén pensara nas parroquias habería proxectado no Plan Xeral do 2008 un polideportivo non só para Matamá, para outras parroquias que non o teñen e agora que se trae aquí é quen pode desbloquear unha situación que obviamente se pode desbloquear dende as dúas vías, é que o problema é que se pode desbloquear dende as dúas vías, é que o problema que a Lei de proxectos urbanísticos e urxentes quenós votamos en

contra, un dos motivos polos que votamos en contra era a arbitrariedade coa que a Xunta de Galicia neste caso podería interpretar o que era urxente para o Concello, para un concello ou o que non era urxente para un concello e ademais porque, por así dicilo, lle quitaba responsabilidades urbanísticas aos concellos e as deixaba na Xunta de Galicia, furtaba capacidade urbanística aos concellos en cuestións ademais que eran de interese público, por outras cuestións estaríamos de acordo vendo como foron os pelotazos e o urbanismo do estado español nos últimos 20 anos, pero neste caso establece o criterio de que concellos gobernados polo Partido Popular se poida aprobar pola Lei de medidas e proxectos urxentes de carácter público e os concellos non gobernados non se faga en todo caso é bastante discutible que se aprobe un polideportivo nunha parroquia por esta vía para nós, consideramos que a presa que se deron por modificar o Plan Xeral do 93, obsoleto, caduco e ademais coa nova lei do solo regulamento xa queda lonxe incluso da mínima lexislación actual de urbanismo pero moi rápido para Quirós, para Recaré porque había unha empresa promotora que ameazaba con denunciar patrimonialmente, moi rápido para o Barrio do Cura e vostedes anunciaron isto no 2017, vostedes falan do pavillón de Matamá no 2017 dicindo que había 2,5 millóns de euros e que ía ser moi rápido porque a Xunta de Galicia ía dicir que si a este mecanismo, é se dende o ano 2017 fixéramos a modificación puntual ou desenvolvéramos o ámbito? Preguntamos porque ao mellor cun ano e pico de diferencia xa teríamos avanzado e agora o único que hai é que hai unha lei absolutamente arbitraria, un instrumento que a Xunta de Galicia utiliza para un só ou para un erre e a única realidade é que os veciños de Matamá non teñen pavillón pero nós o que volvemos a reiterar é que a colaboración entre as administracións ás veces da cousas maravillosas, claro, se puxeron de acordo nos accesos á estación intermodal porque non se poden poñer de acordo nos accesos Concello e Xunta de Galicia? As competencias aquí serían en todo caso compartidas, por que non se poden poñer de acordo nestas cuestións, cal é a pregunta, a única resposta é unha lectura electoral da política local e isto é grave porque estamos a falar de infraestruturas que non deberían ter un compoñente privado, se vostede me di que o pavillón vai ser un financiamento público-privada, como fixeron moitas dotacións deportivas nesta cidade, os Máis que Auga e todos estes modelos de eu constrúo pero logo vou amortizando, ou como intentaron facer co IMD que quen

reformaba os pavillóns municipais quedábase coa xestión, se fora iso ao mellor estaríamos cuestionando unha cuestión ideolóxica que para nós ese modelo é un modelo da dereita pero estamos a falar doutra cousa e polo tanto, estamos a falar da construción dun pavillón nunha parroquia que se se poñen de acordo é un suspiro o que se tarda en solventar pero estamos en período electoral e creo que vai ser todo así ata maio.

SR. CARIDE ESTÉVEZ: Eu a verdade vou mirar con vos ollos esta iniciativa do Partido Popular porque sorpréndeme que se sumen á iniciativa deste goberno porque o que propón o Partido Popular é máis Vigo Vertical, máis investimento no rural, obviamente podemos estar de acordo, o pavillón de Matamá que vostede mesmo na súa intervención dixo que nunca se propuxese e que este goberno foi o primeiro que pensou que Matamá precisaba un pavillón deportivo e un acceso ao colexio do que tampouco nunca se falara, polo tanto, vostede apoia as iniciativas do goberno local e eu non podo máis que alegrarme de que se sume as iniciativas ás que este goberno está a empregar, agora, a partires de aí todo é un bochorro Sra. Muñoz, porque claro, mire, sabe o que pasa? Que moitos dos concelleiros desta Corporación e particular do goberno local non temos que visitar o rural, vivimos no rural de Vigo e polo tanto, coñecemos os problemas que ten o rural de Vigo porque vivimos nesas parroquias e sabe o que vostede propón? Vostede escoitaba na radio esta mañá dicindo que se podía facer unha modificación puntual de planeamento en seis meses, eu creo que non coñece nada, afirmar iso é descoñecer completamente todo, non hai unha soa modificación puntual do Planeamento en Galicia que se fixera en menos de 12 ou 18 meses, nin unha soa, pero por certo sabe canto tardou a Xunta de Galicia en facer iso que para vostede é obvio? Que é dicir que a solicitude da lei 3/2016 para o pavillón de Matamá e o acceso ao colexio era unha obviade, sabe canto tempo tardou en enviar un escrito ao Concello? Oito meses, máis que a tramitación de todo o proxecto de ampliación das instalacións de Citroën, polo tanto, a que está paralizano que Matamá conte cun pavillón deportivo é a Xunta de Galicia que claramente podía dicir si, o acceso colexio Párroco Don Camilo e si ao pavillón de Matamá, tivo que pedir un informe que non é preceptivo nin vinculante para intentar xustificar o que quería, que era dar cobertura ao Partido Popular local para que non se fagan investimentos en

Vigo, polo tanto, como vostedes están utilizando politicamente as leis, en Rendondela si se poden facer colexios e en Vigo non se poden modificar as instalacións educativas, e iso si, cando nos dous casos o 100% do investimento o pagaba este Concello polo tanto, debería caerlle a cara de vergoña en atreverse de ir a Matamá, creo que xa non tivo moito poder de convocatoria, pero debería caerlle a cara de vergoña chegar alí para defender o indefendible cando as obras poderían estar xa iniciadas e sen embargo vostedes en vez de apoiar ao goberno local na presentación do recurso que fixemos para que se poida desenvolver esta iniciativa pola Lei 3 que xa está admitido a trámite, como vostede sabe, en lugar de dar apoio ao goberno local, critican, pero de novo digo vou a interpretalo non con esa calidade de bochorno senón intentando ver que se suman á iniciativa, sabe vostede canto se investiu no rural de Vigo entre o ano 2008 e o ano 2018, 120 millóns de euros, neste momento hai en marcha en parroquias 12,5 millóns de euros e ademais asfaltados de 2 millóns de euros e nos próximos meses en parroquias 22 millóns de euros máis, con investimentos que coñece vostede perfectamente aínda que iso si, len selectivamente cousas que obviamente non lles interesa ler porque non saben como contalas.

Mire, propón vostede que ademais se incrementen as medidas de accesibilidade, benvidos ao Vigo Vertical e á accesibilidade, supoño que lle dará o parabén ao Concello non? Por se finalista como capital europea de accesibilidade 2019, a única cidade española que está como finalista neste premio europeo, polas medidas de accesibilidade e mellora e nesas medidas de accesibilidade e mellora aínda que os créditos do financiamento europea do EDUSI, xa coas actuacións que están en marcha, xa están esgotados, continuaremos traballando en Teis e en todo Vigo polo tanto, seguindo adiante con esa procura dun mellor Vigo para todos/as, no centro e nas parroquias porque como lle digo non só o visitamos senón que o vivimos.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que este final lle quedou moi bonito Sra. Caride pero aquí todos vivimos tamén nas parroquias de Vigo, non teñen vostedes o monopolio de vivir nas parroquias de Vigo, se teñen o monopolio de esquecerse das parroquias de Vigo para o verdadeiramente importante e de telas abandonadas porque non queren vostedes escoitar aos veciños, porque mire

vostede sabía perfectamente que pola lei de grandes proxectos non se podía facer nin o pavillón de Matamá nin os accesos ao Párroco Don Camilo o sabía perfectamente porque, e a mellor proba diso é que consignaran cero euros no presuposto de 2018 e no do 2019 e tiveron vostedes a cara, si a cara, de ir alí a Matamá a mentirlle á faciana aos tódolos veciños/as e a San Andrés a mentirlle aos veciños porque só única e exclusivamente é a súa competencia e o problema é que vostede non quere facelo porque non ten ningunha intención de que teñan nin pavillón en Matamá nin os accesos mellorados ao Párroco Don Camilo.

PRESIDENCIA: Por favor, deixemos falar.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Sra. Caride vostede ten na súa man que os veciños de Matamá teñan pavillón, mire dicía vostede, non non se tardan 6 meses, de 10 a 18 meses, se houbera tardado 10 meses ou 12 meses e se houbera posto a traballar como concelleira de Urbanismo que é cumprindo co seu deber en vez de estar aquí perdendo o tempo e facéndolle perder o tempo aos vigueses con mocións que nada teñen que ver e sendo incapaces de presentar un novo Plan Xeral e escribindo cartas ás asociacións poñéndose a medalla da ordenación provisional cando se se vai desbloquear parte do Plan Xeral do 2008 é grazas á Xunta de Galicia, se en vez de perder o tempo en todo iso se puxera a facer o seu traballo as modificacións urbanísticas que son pertinentes xa estaríamos vendo o inicio da construción de todas esas infraestruturas, pero a realidade é que non lles interesa porque o que lles interesa, como dicía a miña compañeira a Sra. Egerique, é xerar barullo, conflito, volver a culpar á Xunta de Galicia, é poñer un valo contra a Xunta de Galicia en metade de Matamá iso é o que vostedes queren e ao que vostedes lles interesa e canto peor, mellor, porque así seguirán coa súa política de barro que é o que a vostedes lles gusta e non de servizo aos cidadáns, nós vimos aquí cunha moción en positivo para que se poñan a traballar, para que nos poñamos todos e os veciños vexan a realidade unha obra que están pedindo dende hai anos, tanto en San Andrés como en Matamá, como en Teis, como no resto das parroquias rurais pero vostedes seguirán empozoñando, mentindo, facendo afirmacións bochornosas, en definitiva seguirán decepcionando a tódolos vigueses, e sabe o que pasa señores do goberno municipal, Sra. Caride? Ao final a construción do

pavillón de Matamá e os accesos ao Párroco Don Camilo faraa Mos.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular).

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e doce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1923/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

15(220).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO ALCALDE A CESAR AO CONCELEIRO DE PERSOAL, INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORAR UNHA NOVA RPT E A CONVOCATORIA DAS OPOSICIÓN PENDINGES. REXISTRO PLENO 1924/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de novembro de 2018, número 1924/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Dende a chegada ao goberno municipal de Abel Caballero ten habido unha chea de conflitos relacionados coa política de recursos humanos do concello que teñen mermado significativamente a confianza dos traballadores e dos cidadáns nesta institución.

Arbitrariedade, suposto amiguismo e tamén suposta compra-venda de favores parecen ser os principios políticos que aplica este goberno para a toma de decisións relacionadas coas contratacións dos traballadores e provisión de prazas vacantes no Concello de Vigo.

Recentemente coñecemos a anulación por sentenza xudicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello na que se pretendía a libre designación, e dicir, o nomeamento a dedo dos postos de traballo dos grupos A1 e A2. A este respecto o xuíz é moi claro e di textualmente que deste xeito *“priva al personal así nombrado (fácilmente removible) de la necesaria independencia y objetividad con la que debe actuar en el ejercicio de la función pública”* o cal supón unha gravísima acusación hacia este goberno.

Respecto da opinión dos xuíces sobre á actuación en materia de persoal deste goberno tamén podemos lembrar o contido do Auto no que se arquivaba por prescripción do delito de Dna. Vanesa Falque, cuñada da concelleira Carmela Silva, no que o xuíz textualmente sinalaba: *“habrá que convenir que para cualquier otra persona anónima, carente de las relaciones que en este caso sí tenía la investigada por su parentesco con la entonces teniente de alcalde del Concello de Vigo, el acceder a un contrato de trabajo de cinco años de duración, cobrando puntualmente su nómina, en una empresa que no necesitaba de sus servicios y bajo los auspicios del propio Concello de Vigo, sería una pretensión sencillamente ilusoria”*.

A estes casos de suposto amiguismo e arbitrariedade hai que unir os recentes escándalos que se teñen producido nas convocatorias das ofertas de emprego público para as prazas de policía locais e bombeiros onde día a día o número de aprobados na primeira proba varía aleatoriamente ao gusto do tribunal cualificador nomeado polo goberno.

Tampouco é a primeira vez que isto sucede e soamente hai que lembrar o acontecido na convocatoria da OPE correspondente ao ano 2011 para as prazas de policía local que tardaron preto de dous anos en resolverse dende a realización do primeiro exercicio no medio dunha chea de recursos e recusacións do tribunal cualificador.

Paralelamente a estas prácticas do goberno tamén hai que lembrar as sentenzas xudiciais que obrigaron a facer indefinido a numeroso persoal temporal deste Concello e cuías prazas no se están a cubrir nos xeitos previstos na lexislación laboral.

A maiores de todo isto non nos podemos esquecer dos máis de 260 funcionarios interinos nomeados este ano, uns nomeamentos que non fan máis que precarizar o

emprego público e que levantan serias sospeitas.

Non acabamos de entender o criterio polo que se nomea a uns interinos por seis meses, a outros por ata tres anos e a outros indefinidamente hasta que se cubra a praza. Tendo en conta o historial deste goberno non sorprendería que fosen motivos que van mais aló do mérito e capacidade do candidato/a ou mesmo do azar.

E para rematar nesta exposición hai que lembrar que seguen retrasando indefinidamente a execución das ofertas de emprego pendentes. Aínda estamos á espera das oposicións dos anos 2014, 2015, 2016, 2017 y 2018 o que supón unhas 200 prazas entre funcionarios e laborais pendentes de cubrir.

No trasfondo de todo o relatado ata aquí subxace un grave problema cos sucesivos responsables políticos da Concellería de Persoal deste Concello que por falta de coñecemento, ou outras motivacións, teñen desprezado sistematicamente os principios básicos de publicidade, mérito e capacidade que deben rexer a política de recursos humanos de calquera institución pública

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do Partido Popular insta ao Pleno da Corporación á adopción dos seguintes acordos:

- Instar ao Alcalde de Vigo a cesar nas súas funcións ao Concelleiro de persoal, Sr. Pardo Espiñeira, nomeando no seu lugar a alguén coa capacidade e coñecementos necesarios para non danar mais a imaxe deste Concello.
- Instar ao goberno municipal á elaboración dunha nova RPT na que se considere o concurso como sistema de provisión ordinario dos postos encadrados nos grupos A1 e A2
- Instar ao goberno municipal á convocatoria inmediata de todas as oposicións pendentes neste Concello.”

DEBATE:

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade que máis aló das palabras baleiras ao final quedan os votos e evidentemente aquí quedou reflectida a intención deste goberno votando en contra de que se fagan esas obras tan necesarias, pero imos a falar tamén aquí dunha cuestión que aínda que deixaron vostedes para o final do Pleno porque a ver si así pasaba o máis desapercibida posible, a ver si ninguén se decatara de que está aquí en cuestión e imos falar de algo moi serio que é a política de persoal deste Concello que neste momento está en cuestión e non está en cuestión porque o diga o Partido Popular, non, a están a poñer en cuestión as realidades, o día a día e os propios tribunais de xustiza porque aquí imos falar cun

alcalde ausente do cese dun concelleiro que está presente e ademais presidindo este Pleno e o pedimos dende a seriedade e dende o rigor porque cremos que hai cousas que unha administración pública non se poden consentir, e hai cousas que unha administración pública non pode facer e se se fan téñense que asumir responsabilidades porque o Concelleiro de Persoal o Sr. Pardo e vou falar de méritos, mire que a vostedes lle chirría cando se fala de mérito e capacidade na función pública, non lles gusta, a vostedes lles van outros tipo de méritos máis que o mérito e a capacidade, pero realmente está acumulando méritos para precisamente facer valer o que hoxe pedimos nesta moción e é que se cese, o seu cese fulminante, está cheo de méritos para que o cesen de forma fulminante, eu xa diría para que se fose, pero tomar a iniciativa de marcharse, comprendo que é complicado pero polo menos o Alcalde de Vigo que é responsable de telo nomeado a vostede Concelleiro de Persoal, o único e exclusivo responsable que tome unha decisión en ben da función pública do Concello de Vigo porque mire dicía eu, está vostede acumulando méritos, son moitos, atrasos nas convocatorias das ofertas públicas de emprego, xa sabemos que o Sr. Montoro era moi malo e restrinxiu as posibilidades de convocar oposicións, pero é que vostedes teñen ofertas públicas dende o ano 2014 que aínda non sacaron as prazas, máis de 250 prazas pendentes de sacar en oposicións dende o ano 2014, Sr. Pardo, miren que son moitas prazas e cando con ese atraso de repente me di vostede, “estanse a celebrar”, celebran vostedes oposicións, vamos a escándalo por oposición, ou non se lembra as de hai uns meses da Policía Local, escándalo, ou non se lembra das moi recentes de bombeiros, escándalo, por certo unhas oposicións nas cales cada día varía o número de aprobados porque se aceptan preguntas, se rechazan outras, vólvense a recuperar, se volven a rexeitar, cada día temos un número de aprobados diferentes pero claro a culpa non é súa, a culpa é do tribunal, aquí sempre culpamos a outro, sempre buscamos un “chivo expiatorio” para culpar do que é única e exclusivamente consecuencia da forma de gobernar que teñen vostedes e non son vostedes capaces de polo menos cando se producen estes problemas asumir a súa responsabilidade e a delegan neste caso tamén en funcionarios municipais o que me parece iso si que me parece especialmente bochornoso, pero tamén non só hai escándalos nas convocatoria das oposicións senón que son vostedes unha administración que fomenta o emprego precario, fomenta a

contratación de interinos, a contratación de persoal temporal, 227 interinos no ano 2017 e xa imos 263 no ano 2018, viva o emprego precario o que se fomenta dende o Concello de Vigo tirando de listas, dende logo eu creo que neste punto deberían vostedes facer unha reflexión porque ademais a lei é clara, di que os interinos se chaman por razóns de necesidade e urxencia e vostedes están a facer a forma habitual de contratación temporal, un por tres meses, outros por seis meses, vai variando en función da súa necesidade, pero o que xa é o colmo son as sentencias xudiciais, os paus xudiciais o último hai uns poucos meses que se están levando vostedes na xestión de persoal, porque hai unha cousa e vai a acabar a miña intervención pero me parece especialmente grave que di o xuíz, Sr. Pardo, señores do goberno municipal, vostedes están utilizando unha fórmula para asignar as libres designacións que priva ao persoal así nomeado da necesaria independencia e obxectividade coa que debe actuar no exercicio da función pública, que significa isto? Que lles quita vostedes independencia para que fagan o que vostedes lles manda, única e exclusivamente iso é o que lles di o xuíz nesta sentenza, eu creo que só isto sería máis que suficiente para que vostede de motu proprio decidira irse para a súa casa e cesar de concelleiro de persoal, desgraciadamente xa vemos que isto non vai pasar.

PRESIDENCIA: Xa lle digo eu que vai que ser que non, iso tamén llo digo.

SR. PÉREZ CORREA: Como hai moitos temas nesta moción e non imos ter tempo, a nós nos gustaría empregar o tempo que temos para facer unha reflexión sobre determinadas cuestións, primeiro é personalizar o funcionamento dun concello, non de agora senón de moito tempo nun concelleiro en concreto, ademais nós estamos case e creo que non é a primeira vez que nos expresamos non só aquí senón cando se piden as dimisións de subdelegados, de delegados de goberno, de presidente de Autoridade Portuaria, nós o que queremos é trasladar cal é o que polo menos entende o Partido Popular que debe ser esa cuestión de cesión de funcións que en todo caso eu tamén creo que capacidade e coñecementos non debemos nunca de poñelos en dúbida porque entre outras cousas porque as capacidades e os coñecementos os avalían os veciños/as que decidan votarnos aos que estamos aquí.

Dúas cuestións, que eu creo que hai que poñer enriba da mesa, foi o Partido Popular o que lle pediu ao secretario, primeiro, porque pode, porque ten 7 concelleiros e pode facelo, un informe que substanciou a denuncia que nós fixemos e foi o propio informe do secretario o que fala de que as practicas de nomear deste xeito aos A1 e A2 leva máis de 30 anos neste concello, polo tanto, espero que non sexa do concelleiro o Sr. Pardo pero non creo que hai 30 anos estivera aquí na responsabilidade, en todo caso, teríamos que facer unha reflexión colectiva de como leva este concello facendo unha determinada práctica que o que crea é unha elite de funcionarios que ocupan unha responsabilidades segundo concursos de méritos, iso é grave aquí, no Concello de A Coruña ou en calquera concello que queira ser democrático, por que? Porque logo si que interactúan os políticos que deciden que nas Mesas de Contracción, que deciden que nas xefaturas ou nas responsabilidades importantes dun concello que manexa ademais 250 millóns de euros, dos cales cento vinte e pico son adxudicacións a empresas privadas, deciden determinadas cuestións, e nós o que fixemos despois de ano e medio dicindo que isto tiña que acabar, que isto frustraba determinada capacidade democrática de fiscalización non da oposición senón do conxunto dos veciños que se cambiará, hai unha sentenza xudicial que aplica os 192, mentira o que di o Alcalde dos 4, este concelleiro como demandante fará ademais que a execución da sentenza sexa tal e que de maneira ordenada e natural se vaia sacando a concurso de méritos porque ademais sei que é bo tamén para o goberno do Partido Socialista porque eses super funcionarios que foron creando ao longo dos anos as veces se suben as chepas e pensan que están por enriba da posibilidade que temos os concelleiros de reverter determinadas políticas, polo tanto, nós non imos a pedir a dimisión dun concelleiro por unha práctica de 30 anos, non o imos facer por ética, por unha cuestión ademais que creo que sería incluso ir contra o informe de secretario que o Partido Popular pediu, que por certo o Partido Popular pediu pero non foi á fiscalía, porque é bo cando informa o secretario é absolutamente determinante que se vaia a vía xudicial, sobre todo sabendo que se esgotaba a vía política aquí, que cando trasladábamos isto no Pleno se nos dicía por parte do Partido Socialista que isto era mentira, que éramos un alarmistas e que non é así e que aquí non hai elite funcionariais, xa di un xuíz que si hai e ademais como ben di o Partido Popular cunha maneira moi gráfica. Pero logo está a cuestión das

oposicións, das que eu digo tamén que é unha práctica habitual de gobernos de toda cor porque non é certo que os políticos fomos apartados dunha maneira ao mellor natural e normal dos tribunais das oposicións pero tamén se crea unha elite de funcionarios que son os que están nos tribunais, que son os que deciden os procedementos, que son os que deciden que non hai temario da Policía Local que son os que deciden que non hai temario oficial de bombeiros, que son os que fan un exame nos que os opositores poden estar danzando e incluso o día antes o exame estar configurado e son os que provocan isto que está aquí abaixo os bombeiros demandando con toda lóxica que non hai polo menos unha corresponsabilidade política, non se trata de que os políticos esteamos nos tribunais senón se trata de crear contra poder, que a xente que ao final acaba sendo unha elite de superfuncionarios nos tribunais teñan contra poder político, teñan contra poder sindical e ao mellor os tres contra poderes nos tribunais cambiarían este mecanismo de coptación de funcionarios públicos que é irregular, por suposto que é irregular, e logo está a cuestión da OPE na que tamén hai responsabilidades sindicais porque aquí houbo un sindicato durante moitos anos, tendo a maioría que é o SICO que decidiu que tamén interesaba politicamente parar as oposicións, ou non? Ou aquí non hai responsabilidades tamén da UGT ou tamén doutro sindicato, claro que hai responsabilidades sindicais tamén e que creo que iso hai que ilo cambiando, polo tanto, se servira esta moción para emendar estas cuestións que creo que son unhas das grandes dúbidas colectivas que ten a cidadanía de Vigo se a xente que ocupa os postos na administración pública e por mérito, por capacidade é porque aprobou unhas oposicións de carácter limpo, de carácter democrático, igualitario, se somos quen de a través de pequenos zarpazos que mete a adxudicatura pero tamén de determinadas cuestións melloraremos ou senón estaremos facendo a demagogia de sempre.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos ante unha moción que é unha auténtico popurrí, pero unha vez vista ten tres temas e un tema de fondo que é para chegar a pedir a dimisión dun concelleiro a descualificación e mención a titulación que se fixeron noutras ocasións.

Primeiro tema, sentenza xudicial sobre nomeamentos, esta sentenza non di nada do que vostedes están afirmando, nesta sentenza non hai ningunha decisión que

tumbe ningunha decisión deste goberno, nin obriga a este goberno a desfacer absolutamente nada. Nesta sentenza, Sra. Muñoz, non ser ría e lea ben, hai tres temas, primeiro, hai unha afirmación sobre a libre designación que é o que cumpriu este goberno e a medida que tomou o concelleiro de Xestión Municipal pero logo hai outras dúas medidas, outras dúas peticións, unha é sobre a RPT que non se acepta aquí e outra é sobre a convocatoria de postos de traballo que tampouco se acepta aquí, polo tanto, se están a desestimar e polo tanto a interpretación que se da a esta sentenza é absolutamente falsa e vostede falaba antes de noticias falsas e ademais estase orientando xa dende o ano 2016 por un plan de ordenación de recursos humanos. Oposicións, a designación dos tribunais foron as que corresponde, competentes dende o punto de vista profesional e técnico, se alguén se rie sobre o que estou a dicir se está a rir de aqueles aos que designamos lexitimamente; tribunais absolutamente independentes no seu funcionamento, sen ningunha interferencia política os últimos que participaron nun tribunal foron concelleiros do Partido Popular entre o 2005 e 2007, dende a chegada deste goberno absolutamente ningún, polo tanto, quen fala de escándalo en relación coas oposicións está sinalando aqueles funcionarios que teñen todo o dereito a que sexan respectados na súa actuación e as oposicións de bombeiros por exemplo, son as mesmas que as de Santiago de Compostela, aquí hai conceptos sobre física e sobre química, aquí hai unha carta dunha persoa que consultado o Valedor do Pobo di e afirma que estas preguntas se corresponden cun nivel elemental e dado que vostede piden que se vaia as convocatorias das ofertas, xa contestaba o concelleiro correspondente, estanse a facer, pero enriba é que o colmo é criticar o tema dos interinos, a esas persoas que están a traballar nesta casa pola forma dunhas bolsas de contratación temporal que se veñen facendo de forma absolutamente impoluta dende hai 10 anos, cun acordo cos sindicatos, cun control permanente cos sindicatos, cunha xustificación permanente de porque hai que contratar a cada unha destas persoas, a min me gustaría que saíran vostedes de aquí, percorreran dependencias municipais e lles dixeran a eses funcionarios que están traballando que están en contra disto, como verán teño un amplo coñecemento deste tema do moito que falo co concelleiro de Xestión Municipal ao que quero felicitar e ao que quero recoñecerlle que acumula méritos para estar, para continuar e para facelo moi ben como o está a facer, pero o fondo

da súa moción, señores/as do Partido Popular é outro, é o tema do cuestionamento persoal e o tema doutras cuestións que viñeron introducindo como cando falamos de capacidade, de titulación e demais, tódolos concelleiros que nos sentamos nesta bancada temos 73.000 votos detrás, fomos aprobados e apoiados polos cidadáns e vostedes cando falan de titulación ligándoa á capacidade política están descualificando a 250.000 vigueses, a titulación está moi ben, quen a puido conseguir nós felicitamos porque a haxan conseguido pero cando alguén quere cuestionar a capacidade por ter ou non titulación está descualificando e está atacando a 250.000 vigueses que non tiveron a oportunidade, felicitamos aos que teñen titulación, loitamos e o Sr. Caballero o primeiro porque haia Universidade de Vigo nesta cidade, pero evidentemente iso non é para descualificar porque ademais algúns presumen da titulación que non teñen.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: A verdade é que sinceramente Sr. Font, estou ata emocionada vendo como foi vostede o que defendeu esta moción, defendendo a actuación do Sr. Pardo, escoitar ao Sr. Font defender a actuación do Sr. Pardo xa so por iso merece a pena presentar esta moción, estou profundamente congratulada pero mire voulle dar e facer varias puntualizacións porque vostede como sempre lle gusta revolver todo nese barro no que dicía antes que se mete, mire, en primeiro lugar, nós estamos non estamos en contra dos interinos, o que queremos é que os interinos, esa xente que está traballando para o Concello de Vigo teña un posto fixo porque poidan ter a oportunidade de gañar unha oposición, exactamente a oportunidade que vostedes non lles están dando porque o que lles ofrece é simplemente son contratos precarios de tres meses, seis meses, de nove meses que non lles serve para facer o seu plan de vida e o seu plan de futuro, polo tanto, a favor completamente dos interinos pero o que queremos pedir para tódolos funcionarios é estabilidade no emprego e que teñan a oportunidade de ter un emprego a futuro que é o que vostedes exactamente non están a facer. Mire, Sr. Font eu sei ler perfectamente e sei ler o que pon esta sentenza e voulle dicir só porque teño pouco tempo e moitas cousas que dicir, cal é o fallo, e o fallo da sentenza e tamén espero que o relea o Sr. Pérez Correa porque parece que se esqueceu o que tumba o xuíz que non tumba a política de persoal histórica do Concello, non, tumba falla “debo declarar e declaro contrario ao ordenamento

xurídico tanto o apartado sexto do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello, de 15 de xaneiro de 2018, e o acordo de 12 de abril do 2018” decisión do seu goberno, deste goberno que conculcan e que son ilegais por iso as anula o señor Xuíz, Sr. Font, esa é a realidade do que di esta sentenza que a min me parece moi ben que vostede queira tirar balóns fora, pero a realidade é que a sospeitas sobre a política de emprego do Concello de Vigo están aí, son evidentes e son vostedes os que teñen a un xefe de servizo de emprego que vai ser xulgado no mes de xaneiro e que lle piden 8 anos de cárcere polo suposto enchufe da cuñada da Sra. Silva, esa é a pura realidade, o seu xefe de servizo de emprego ao que non apartaron das súas funcións e que nesta modificación o que querían eran blindarlle o seu posto de traballo, esa é realidade do día a día, que aquí as relacións de parentesco se utilizan como mérito para obter postos de traballo, esa é a realidade e a realidade que están a poñer en solfa aos tribunais e nós non nos metemos contra a titulación de ninguén Sr. Font, non, por suposto que tódolos concelleiros somos, vostedes e nós, igualmente elixidos, o que nos estamos a cuestionar é a competencia para levar persoal, a cuestión da preparación para sacar adiante determinadas cuestións porque eu son licenciada pero son licenciada en ciencias económicas e se me poñen ao mando dunha nave espacial ou de avión o que farei é chocar o avión porque non estou preparada aínda que son licenciada e teño a miña titulación e o único que se cuestiona aquí, lonxe das referencias persoais que vostedes fan é a preparación para levar a cabo unha determinada tarefa e non o cuestionamos nós o cuestiona nos feitos.

PRESIDENCIA: Sra. Muñoz creo que xa fun bastante xeneroso, basta que sexa unha moción miña non vou usar o ventaxismo de que eu agora podería falar, intervir, eu creo que o que explicou o Sr. Font, que estamos moi orgullosos do que facemos, simplemente no referido eu creo que no que se refire aos interinos, unha persoa cun contrato de seis meses que se presente nun proceso dunhas oposición ten dereito igual a paro xuntando dous ou se ten acumulado, ten dereito a axuda familiar, é importante, pero lle lembro que a taxa de reposición non as marcamos nós, viñan marcadas, co número de prazas que permiten sacar e simplemente dicirlles que xa están o proceso 2014, 2015 e 2016 en marcha, aprobada o 2017 e hai un mes negociouse ao 2018 e ó último Sra. Muñoz, simplemente títulos,

masters, había moitos desfilando hai anos desfilando no Escorial, agora desfilan todos xuntos en Alcalá Meco, Madrid dos e cousas así, esa é a realidade.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, por ausencia do seu titular).

VOTACIÓN: Con seis votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Gago Bugarín, González Sánchez, Muñoz Fonteriz e Piñeiro López, dúas abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores, Jácome Enríquez e Pérez Correa e doce votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Alonso Suárez, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, López Font, Marra Domínguez, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.11.2018 (Rex. Nº 1924/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Muñoz Fonteriz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

FORMULACIÓN DE ROGOS.

16(221).- ROGO FORMULADO POLO CONCELEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE AO PROGRAMA DE XIMNASIA PARA MAIORES.

SR. PÉREZ CORREA: Rogamos que axilicen e solucionen o problema do programa de ximnasia para maiores, a docencia porque en Travesas, Teis e Lavadores xa lanzaron o que é equivalente ao curso escolar e segue sen haber docentes, sen

haber eses cursos.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do rogo.

17(222).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. GAGO BUGARÍN, REFERENTE AOS PIVOTES PRETO DA RÚA IGREXA.

SR. GAGO BUGARÍN: Onte cando fomos a Matamá visitamos comercios preto da Igrexa e nos dicían unha serie de comerciantes que os pivotes que están na rúa, concretamente preto da estrada, que algúns están en mal estado, en diagonal, etc., que dificultan a posibilidade de descargar e cargar, entón pedía que sabendo que no día de hoxe había Pleno, se podíamos rogar que por favor se fixese a actuación competente e se modificase e actualizasen os bolardos que hai nesa rúa.

PRESIDENCIA: Se lle trasladará para facer iso.

18(223).- ROGO FORMULADO POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. EGERIQUE MOSQUERA, REFERENTE AO VOLUME DOS ALTAVOCES POLAS TARDES NO CENTRO DE VIGO.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Traemos un rogo dun colectivo de traballadores e veciños do centro de Vigo que piden que se baixe un pouco o volume dos altavoces de 6 a 10 horas da noite, pola tarde, e aínda están traballando e estudando polo menos ata que chegue a fin de semana ou ata que chegue o Nadal porque estes días son días laborais, realmente veño en voz de edificios de oficinas e de xente que viven alí e que teñen que estudar. Polo tanto que se baixe o volume, xa nin tan sequera pedimos que se apague senón que se baixe un pouco o volume deses altavoces, por favor, ata que chegue o Nadal.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

19(224).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA, SR. JÁCOME ENRÍQUEZ REFERENTE ÁS EXPROPIACIÓNS PARA HUMANIZACIÓN DAS ESTRADAS EP-2001 E EP-2002.

SR. JÁCOME ENRÍQUEZ: Cales son os problemas na execución das expropiacións que competen a este Concello que está atrasando a licitación e execución do convenio no que respecta a humanización e entrega a este Concello das estradas provinciais EP-2001 e EP-2002?

PRESIDENCIA: Tomamos nota da súa pregunta e se lle contestará por escrito como marca o regulamento.

20(225).- PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ , REFERENTE Á CREACIÓN DUN CENTRO PARA PERSOAS EN MALAS CONDICIÓNNS.

SRA. GONZÁLEZ SÁNCHEZ: Dicirlle simplemente se lle serve de algo, que o prefiro a vostede aí sentado que o Sr. Alcalde. Quería dicir que menos mal que Vigo é moito máis que o goberno que temos, Vigo é moito máis, gracias a Deus, que o goberno que temos neste momento. Pregúntolle á Sra. Abelarias, supoño que estará decatada digo eu do último morto, ou non? Porque lle acaba de pagar vostede o enterro, a beneficencia do Concello, vostede saberao porque igual é

capaz de dicir que non, simplemente pregunto cando ten pensado crear un centro onde poda estar a xente que está en malas condicións e a punto de morrer para poder estar día e noite, cando teñen pensado?

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

21(226).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. FIDALGO IGLESIAS, REFERENTE AOS TRABALLADORES DA ORA.

SR. FIDALGO IGLESIAS: A pregunta é, cando van a resolver o contrato da concesionaria dos aparcadoiros en superficie para que estes traballadores poidan poñer fin a súa folga e volver a traballar.

PRESIDENCIA: Seralle contestada por escrito e remitida.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trece minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.